

Artigo segundo.

As alíneas 3 e 4 do artigo 240 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, quedan redactadas da seguinte forma:

«3. Non se admitirá, con carácter xeral, o incidente de nulidade de actuacións. Sen embargo, excepcionalmente, ós que sexan parte lexítima ou deberan telo sido poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións fundada en defectos de forma que causasen indefensión ou na incongruencia da decisión, sempre que os primeiros non fose posible denuncialos antes de recaer sentenza ou resolución que poña fin ó proceso e que, nun ou outro caso, a sentenza ou resolución non sexa susceptible de recurso no que caiba repara-la indefensión sufrida.

Será competente para coñecer deste incidente o mesmo xulgado ou tribunal que dictou a sentenza ou resolución que adquiriu firmeza. O prazo para pedi-la nulidade será de vinte días, desde a notificación da sentenza, a resolución ou, en todo caso, desde que se tivo coñecemento do defecto causante de indefensión, sen que, neste último suposto, poida solicitarse a nulidade de actuacións despois de transcorridos cinco anos desde a notificación da sentenza ou resolución. O xulgado ou tribunal non admitirá a trámite calquera incidente no que se pretenda suscitar outras cuestións. A resolución na que se denegue a admisión a trámite non será susceptible de ningún recurso.

4. Admitido a trámite o escrito en que se pida a nulidade fundada nos vicios a que se refire a alínea 3 deste artigo, non quedará en suspenso a execución e eficacia da sentenza ou resolución non susceptibles de recurso, agás que se acorde de forma expresa para evitar que o incidente puidese perde-la súa finalidade, e darase traslado do dito escrito, xunto con copia dos documentos que se achegasen, se é o caso, para acreditar vicio ou defecto en que a petición se funde, ás demais partes, que, no prazo común de cinco días, poderán formular por escrito as súas alegacións, ás que xuntarán os documentos que coiden pertinentes. A resolución final sobre este incidente non será susceptible de ningún recurso.»

Disposición adicional única.

1. Os maxistrados do Tribunal Supremo que na data de entrada en vigor da Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro, ocupasen cargos xudiciais, de libre designación por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial noutros órganos da xurisdicción ordinaria, poderanos continuar desempeñando ata que soliciten a súa reincorporación ó Tribunal Supremo se non fosen de duración determinada, ou tratándose de cargo de duración determinada, estrictamente, ata a fin do período de cinco anos para o que fosen nomeados, ó remate do cal deberán incorporarse ó Tribunal Supremo no prazo de quince días, de acordo co preceptuado na disposición transitoria terceira, 1 da dita lei.

Os maxistrados do Tribunal Supremo que estivesen en situación de excedencia voluntaria con anterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro, deberán solicita-la reincorporación á que fai referencia a disposición transitoria terceira, 1 da dita lei, dentro do prazo máximo de duración daquela no momento en que foron declarados nesa situación, ou no que este fose posteriormente modificado segundo a lexislación vixente en cada momento.

Os maxistrados do Tribunal Supremo que fosen declarados en situación de servizos especiais con anterioridade,

tamén, á entrada en vigor da citada Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro, para servir cargos en virtude de nomeamento por real decreto, deberán efectuar a súa reincorporación no prazo de quince días contados desde a publicación do real decreto de cesamento no «Boletín Oficial del Estado», séndolles de aplicación, noutro caso, o previsto no artigo 348 bis da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Estes maxistrados non terán dereito á reserva de praza, e a súa reincorporación ó Tribunal Supremo levarase a efecto nos termos previstos na disposición transitoria terceira, 2 da Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro.

2. Os maxistrados que solicitasen a reincorporación ó servizo activo no Tribunal Supremo en aplicación do disposto na disposición transitoria terceira, 1 da Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro, poderán conservar e, se é o caso, recupera-la situación de que gozasen á súa entrada en vigor, mediante solicitude dirixida ó Consello Xeral do Poder Xudicial e, se é o caso, ó organismo competente, dentro do mes seguinte á entrada en vigor desta lei. Esta situación estará sometida ós prazos e condicións expresados na alínea anterior.

3. O prazo dun ano establecido na disposición transitoria terceira, 1 da Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro, queda modificado nos termos previstos na alínea 1 deste artigo.

Disposición transitoria única.

O disposto polo artigo segundo desta lei será tamén de aplicación ós procesos que rematasen por resolución ou sentenza non susceptible de recurso dentro do mes anterior á entrada en vigor da presente lei. En tales casos, o prazo para solicita-la nulidade, establecido no parágrafo segundo da alínea 3 do artigo 240 da Lei orgánica do Poder Xudicial, contarase a partir do día seguinte á dita entrada en vigor.

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 14 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

11194 LEI 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas. («BOE» 119, do 19-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Unha das consecuencias máis importantes dos cambios estratéxicos experimentados durante os últimos anos foi a potenciación das organizacións colectivas de

seguridade e defensa, aínda que sen esquece-las concepcións fundamentadas nas capacidades militares propias. Este novo escenario, no que xorden novas misións engadidas ás tradicionais de autodefensa e onde a converxencia de esforzos impón a necesidade de entenderse cos aliados, é indubidablemente máis esixente co factor humano e obriga a buscar solucións compaxinando o número de efectivos coa súa calidade e preparación.

Paralelamente, a revolución tecnolóxica introduciu importantes cambios na forma de resolve-las situacións de crise, polo que o tipo de operacións que se presentan aumenta a importancia do recurso de persoal no sentido de dispor do número de homes e mulleres necesario e, sobre todo, de que estes contén coa especialización suficiente para manexar uns medios cada día máis complexos tecnicamente.

Este contexto determina a necesidade de contar cunhas Forzas Armadas cun elevado nivel de preparación e un alto grao de dispoñibilidade, o que aconsella que a totalidade dos seus compoñentes sexan profesionais, sen esquece-la necesaria cohesión social que lle faga sentirse ó militar intimamente ligado ó servizo da sociedade á que pertence e a esta, parte integrante da gran armazón que constitúe a defensa nacional.

Os condicionantes expostos esixen unha revisión a fondo das Forzas Armadas que na práctica totalidade das nacións occidentais se atopa xa en marcha. En España tamén tivo lugar un período de análise e reflexión para determina-lo novo modelo de Forzas Armadas, capaces de cumprir eficazmente coas súas misións e de constituír un adecuado instrumento de disuasión e de política exterior no novo panorama estratéxico do século XXI, dentro do marco de seguridade compartida que desfruta España mediante a súa participación en organizacións de seguridade colectiva.

A sociedade española está convencida da necesidade de se dotar dunha defensa eficaz que garanta o ámbito de seguridade imprescindible para seguir construíndo o sistema de liberdades, de benestar económico e de igualdade social que a nosa Constitución proclama, ó mesmo tempo que é consciente do deber de contribuír ó mantemento da paz mundial e do esforzo económico que supón para a nación a consecución destes obxectivos.

Estes criterios determinaron a constitución dunha Comisión Mixta, non permanente, Congreso dos Deputados-Senado, para establece-la fórmula e os prazos para acadar-la plena profesionalización das Forzas Armadas, o que levará consigo a non-esixencia da prestación do servizo militar obrigatorio. No dictame da citada Comisión, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 28 de maio do ano 1998 e polo Pleno do Senado o 9 de xuño do mesmo ano, determínanse os principios xerais do novo modelo de Forzas Armadas profesionais, entre os que se recollen o número máximo de efectivos, os trazos básicos dos compromisos, do recrutamento e da formación dos militares profesionais de tropa e mariñeiría e o período transitorio adecuado para a súa implantación, de forma que non se vexa reducido o nivel de operatividade dos exércitos.

Cómpre salientar que as innovacións para a implantación do novo modelo se encontran no plano organizativo e non no dos principios fundamentais rectores das Forzas Armadas, que continúan sendo os de pleno sometemento á Constitución e ós poderes por ela instituídos. Tales principios exercerán a súa virtualidade sobre un modelo militar distinto, pero moi acreditado en países de arraigada tradición democrática.

Cabe engadir que a institución militar se renova e se perpetúa, como toda institución a través do cambio das persoas que a integran. Transfórmase en parte o método de renovación do persoal militar, pero déixanse intactos o modo de ser, o espírito e os valores que,

recollidos nas Reais Ordenanzas para as Forzas Armadas, permiten á institución militar sucederse a si mesma a través das vicisitudes da súa organización.

II

A total profesionalización das Forzas Armadas para conseguir que estas sexan máis operativas, máis flexibles, máis reducidas e mellor dotadas, supón un importante e histórico reto, pois o obxectivo que se persegue non é dotalas de soldados e mariñeiros profesionais, senón algo máis ambicioso, como é construír unhas novas Forzas Armadas profesionais.

O anterior fai necesario establecer un novo réxime para os seus membros, buscando un equilibrio entre a continuidade dos parámetros esenciais da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, que supuxo un considerable esforzo de integración da dispersa lexislación dos exércitos, e un importante compoñente de renovación que dea resposta ás esixencias do modelo de Forzas Armadas profesionais.

A presente lei aborda tódolos aspectos que configuran o réxime dos militares profesionais, cos obxectivos de facilita-la súa xestión coa introducción de factores que proporcionen a necesaria flexibilidade; integralos nun único concepto de militar profesional, asimilando os seus réximes en todo o posible; dar prioridade ós intereses e demandas da organización e, subordinado a este criterio, lograr un mellor desenvolvemento profesional de tódolos seus membros; estruturar un modelo de ensino que permita forma-lo persoal de maneira que o capacite para desempeñar con eficacia os seus cometidos e definir criterios e arbitrar procedementos que permitan identificar e potencia-lo mérito e a capacidade.

III

Con esa idea de integración, o concepto de militar profesional engloba os militares de carreira, que constitúen os cadros de mando cunha relación de servizos de carácter permanente; os militares de complemento, que completan os anteriores cunha relación de servizos de carácter exclusivamente temporal, e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que, cunha relación de servizos de carácter temporal, que pode transformarse en permanente cumprindo determinados requisitos, constitúen os efectivos desta categoría dos exércitos.

A decisión de profesionaliza-las Forzas Armadas leva aparellada non só un aumento cuantitativo dos efectivos profesionais de tropa e mariñeiría en relación co anterior «modelo mixto», no que os militares de continxente eran compoñente esencial, senón tamén un cambio cualitativo que afecta a concepción da dita categoría. Por iso, o seu réxime queda relacionado, en todo o razoablemente posible, cos aspectos básicos que configuran o do militar de carreira. Así mesmo, en lóxica consecuencia co novo modelo, establécese un sistema de selección continuada que facilite e axilice as operacións necesarias para acadar-los efectivos máximos fixados, axustándose ós créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado. Pola súa parte, os militares de complemento contan cunha regulación máis detallada ca na Lei 17/1989, na que se salienta o carácter exclusivamente temporal da súa relación de servizos, polo que para acceder a unha relación de carácter permanente terán que optar ás prazas que se determinen para promoción interna ás escalas dos militares de carreira.

IV

No novo réxime de persoal, regulado coa finalidade de que as Forzas Armadas estean en condicións de cum-

pri-la misión definida no artigo 8 da Constitución, a condición de militar no seu sentido máis amplo queda configurada pola suxeición ós principios de disciplina, xerarquía e unidade característicos da organización militar, a unhas regras morais de actuación e ás leis penais e disciplinarias militares. Esta configuración esixe que o militar teña un réxime específico e conte coa habilitación suficiente para o exercicio profesional nas Forzas Armadas a partir da súa incorporación á escala ou especialidade correspondentes. Igualmente, considérase moi necesario clarifica-las funcións do militar e darlle o necesario apoio no seu exercicio profesional, mellora-las definicións dos corpos e escalas dos militares de carreira, establecer sistemas de promoción interna e facilita-la reinserción no mundo laboral dos que teñen unha relación de servicios de carácter temporal.

Neste sentido, lévase a cabo unha asignación de cometidos e responsabilidades de acordo co emprego, categoría e formación de cada un dos militares profesionais, que deberá completarse coas medidas de execución e desenvolvemento desta lei e te-lo debido reflexo na promoción profesional e nas retribucións daqueles; defínese a «función de mando» como o exercicio da autoridade, coa conseguinte responsabilidade, que corresponde a todo militar en razón do seu emprego, destino ou servicio nas Forzas Armadas, quedando, non obstante, restrinxido o termo «mando» á preparación e emprego da forza dos exércitos, que corresponde ós membros dos corpos xerais e de Infantería de Mariña, e engádense referencias esenciais ós valores e virtudes que emanan das reais ordenanzas e á capacidade para o desempeño dos cometidos dos militares profesionais.

Os corpos e escalas, así como os cometidos dos seus membros e as funcións que exercen, quedan definidos dunha forma máis ampla para conseguir unha estrutura que cubra as necesidades que require unha organización complexa como as Forzas Armadas e que permita dispor do persoal capacitado para desempeña-los cometidos dos diferentes postos da organización militar, á vez que, buscando unha maior permeabilidade entre as diferentes escalas, se potencia o acceso por promoción interna dentro do mesmo exército. Por este sistema, os militares de carreira poden acceder á escala inmediatamente superior do seu corpo e, caso de pertenceren ós corpos de especialistas, poden facelo tamén á que corresponda dos corpos xerais e de Infantería de Mariña; os militares de complemento ás escalas do corpo ó que estean adscritos, e os militares profesionais de tropa e mariñeira ás escalas de suboficiais, nas que se lles reservan a totalidade das prazas.

Por outra banda, non cabe dúbida de que o militar debe ter un réxime específico para un mellor cumprimento da súa misión, como se deduce da nosa propia Carta Magna, que referenda as singularidades das Forzas Armadas. Non obstante, non pode ser alleo ás formulacións que con carácter xeral definan a función pública e o sistema educativo xeral, polo que se tratou de compatibilizar no posible o réxime militar coas disposicións legais que regulan os anteriores. Así, sen esquecer-la especificidade do militar, inclúense as equivalencias, validacións e homologacións cos sistemas xerais que se consideran convenientes para o novo réxime do militar profesional, no que é fundamental a figura da relación de servicios de carácter temporal. Desta forma, ademais de recoñece-los niveis educativos que se acadan no sistema de ensino militar, preténdese que aqueles que despois dun tempo de servicios deban abandona-las Forzas Armadas estean nas mellores condicións profesionais e de formación para a súa reincorporación ó mundo laboral, en beneficio dos propios interesados, da sociedade e das Forzas Armadas que necesitan consolidar este modelo.

V

Coa finalidade de asegurar que os exércitos dispoñan dos mellores profesionais nos empregos máis elevados de cada escala, coas aptitudes e idades adecuadas, para conseguila máxima eficacia das Forzas Armadas, defínense criterios e arbitranse procedementos que permitan identificar e potencia-lo mérito e a capacidade, á vez que se incentiva a preparación e dedicación profesional, plasmados principalmente na regulación dos sistemas de ascenso, sen deixar de considerar en ningún momento as características esenciais da carreira regrada dos militares que aseguran a cohesión e a eficacia na organización.

En referencia á lexislación anterior, mantense o sistema de ascenso por elección para promociona-los máis idóneos ós empregos máis altos de cada escala e matízase o de selección, definindo, dentro deste e como novidade, un sistema de retencións que permitirá, sen chegar á declaración de non aptitude para o ascenso, atrasalo nas porcentaxes que se determinen ou declara-la permanencia nos seus empregos dos avaliados que sexan retidos por segunda vez. Así mesmo, inclúese o ascenso por antigüidade con reordenación de promocións a comandante das escalas superiores de oficiais, ó considerar que o persoal que ten a responsabilidade de exercer-la función directiva dentro das Forzas Armadas debe estar sometido a un proceso de avaliación máis esixente cós compoñentes do resto das escalas. Este sistema régulase de tal forma que cada un dos avaliados pasará a formar parte dos diferentes grupos nos que, en relación cos méritos acreditados, se clasifique cada promoción, aínda que dentro de cada un deles, a orde na que se producirán os ascensos corresponderase coa que se teña no emprego de capitán.

VI

Noutra orde de ideas, tamén se tratou de dar resposta ós problemas detectados na aplicación da normativa en vigor, así como a outros aspectos referidos principalmente ás expectativas de promoción profesional dos seus integrantes. Especial mención merece a nova regulación sobre o momento e as circunstancias de pase á situación de reserva. A aplicación da Lei 17/1989 tivo efectos beneficiosos, como o rexuvenecemento dos cadros de mando e a adecuada regulación dos modelos de carreira, pero ocasionou unha sobrecarga sobre os gastos de persoal no orzamento do Ministerio de Defensa e supuxo para os afectados inconvenientes de tipo retributivo e profesional.

Para palia-lo anterior, modifícanse as idades de pase á situación de reserva e régulanse con maior amplitude os destinos e comisións de servicio do persoal en situación de reserva, o que permitirá acceder dunha forma regrada a aqueles postos da organización que se determinen.

Non obstante, mantense o pase á situación de reserva por anos de permanencia nas escalas superiores dos corpos xerais e de Infantería de Mariña e amplíase ó resto das escalas dos ditos corpos e ós corpos de especialistas, por considerarse que é neles onde as esixencias derivadas dos seus cometidos e responsabilidades obrigan a buscar procedementos que fagan posible unha liña de rexuvenecemento moderado, aumentando o período a trinta e tres anos, como fórmula que salvagarda os intereses da organización sen que supoña un adiando esaxerado no abandono do servicio activo en prexuízo dos afectados.

VII

Outros asuntos de especial relevancia que esta lei aborda son os referidos ó réxime da muller nas Forzas Armadas e ós dereitos e deberes dos militares. A lexislación anterior abriulle á muller as portas de acceso ós exércitos, pero é nesta onde o principio de igualdade se aplica con tódalas súas consecuencias ó suspenderse a prestación do servizo militar que só obrigaba os homes e eliminarse calquera discriminación á muller ó non facer distincións nos destinos que poidan ocupar no desenvolvemento do seu exercicio profesional, sen prexuízo de que poidan establecerse diferencias nas condicións físicas para o acceso ó aplicar distintos parámetros ó home e á muller. Isto obrigará a efectuar aínda un maior esforzo na superación dos problemas que representa a concorrencia de persoal de ámbolos sexos en determinadas instalacións e unidades militares.

Respecto ó réxime de dereitos, os militares profesionais son titulares dos dereitos e das liberdades establecidos na Constitución, coas imprescindibles restricións ou limitacións no seu exercicio que a Carta Magna e as leis orgánicas de desenvolvemento desta establecen, como resposta ás esixencias derivadas dos trazos esenciais de funcionamento das Forzas Armadas, que se resumen na necesaria disciplina. Este réxime de dereitos considérase adecuadamente regulado nas Reais Ordenanzas para as Forzas Armadas, marco legal referendado pola Lei orgánica de criterios básicos da defensa nacional e a organización militar. Non obstante, neste campo ábreanse novas canles para a presentación de propostas ou suxestións mediante a creación de Consellos Asesores de Persoal no ámbito de cada exército, que contarán con compoñentes dos diversos corpos, escalas e categorías.

VIII

Co fin de integrar nun só texto legal tódolos aspectos básicos da xestión do persoal militar, considerouse oportuno incluír un título no que se definen os cadros de persoal legais, orgánicos, regulamentarios e de destinos, se dan normas para a súa provisión e se fixa en 48.000 o número máximo de cadros de mando e nun total entre 102.000 e 120.000 o dos efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría, de acordo coa entidade máxima de 170.000 efectivos fixada no Dictame da Comisión Mixta Congreso dos Deputados-Senado. Isto supón un importante esforzo de redución se se ten en conta que no ano 1984 os efectivos totais ascendían a 373.000, dos cales 66.505 eran cadros de mando, e que segundo o modelo de Forzas Armadas 2000, aprobado polo Congreso dos Deputados no ano 1991, os efectivos debían ser 180.000, repartidos en 49.720 cadros de mando e 130.280 de tropa e mariñeiría, deles 50.000 profesionais.

Non se especifica o persoal de cadros de mando correspondente ós diferentes empregos, escalas, corpos e exércitos, competencia que queda reservada ó Consello de ministros, que o fará con vixencia para períodos de cinco anos, debendo informa-las Cortes Xerais cada vez que a exerza e estableza os cadros de persoal en detalle. Non obstante, si se determina o número de oficiais xerais que ocuparán postos orgánicos asignados especificamente ós diferentes corpos, que será de 201, e o dos que cubrirán as necesidades dos órganos centrais, incluído o Estado Maior da Defensa, e das organizacións internacionais, que non será superior a 64. Tamén se considerou conveniente establece-lo número máximo de coroneis que servirá de cadro de persoal de referencia no primeiro período quinquenal, fixado en 1.235, así como unhas regras de amortización de excedentes para adapta-los efectivos ós cadros de persoal establecidos.

IX

Novidosa é tamén a regulación que se leva a cabo da contribución suplementaria de recursos humanos ás Forzas Armadas en situacións de crise ou risco grave para a seguridade nacional, para asegura-la participación de tódolos cidadáns cando as necesidades da defensa o esixan, impondo as menores obrigas posibles.

No título dedicado a esta materia, defínense as figuras de reservistas temporais, que serán, durante un tempo limitado, os militares profesionais que cesan na súa relación coas Forzas Armadas; de reservistas voluntarios, que serán os españois que resulten seleccionados ó optaren ás prazas que se convoquen para o efecto, e de reservistas obrigatorios, que serán os cidadáns declarados como tales polo Goberno, logo de autorización do Congreso dos Deputados, cando as necesidades da defensa nacional o fagan necesario. Así mesmo, determináanse as modalidades de incorporación de reservistas con carácter selectivo, ordinario e xeral e establécese a posibilidade de que os reservistas temporais e voluntarios poidan participar en misións no estranxeiro.

A incorporación de reservistas ás Forzas Armadas estará motivada pola imposibilidade de atender as necesidades da defensa nacional cos efectivos de militares profesionais. En todo caso, o Goberno deberá dar conta ó Congreso dos Deputados das medidas adoptadas.

Igualmente, establécese que na incorporación de reservistas obrigatorios se respectará o dereito á obxección de conciencia, ó admitila coa simple declaración dos interesados, polo que en caso dunha incorporación obrigatoria serían asignados a organizacións con fins de interese xeral nas que non se requira o emprego de armas.

X

A Constitución define no seu artigo 8 a misión das Forzas Armadas e habilita o lexislador no seu artigo 30 a dispo-lo necesario para dotalas de persoal. Esa habilitación cífrase en autorizalo a fixa-las obrigas militares dos españois, que poden chegar a consistir na realización dun servizo militar obrigatorio.

Pero a Constitución non impón a fórmula de conscripción forzosa como única posible para a capacitación e organización do persoal das Forzas Armadas. Nada impide que nesta lei se substitúa a atribución imperativa de obrigas militares pola súa adquisición voluntaria mediante o encadramento nunhas Forzas Armadas enteiramente profesionais. Deste xeito, suspéndese a prestación do servizo militar obrigatorio e introdúcese un novo sistema no que todo o persoal militar estará vinculado ás Forzas Armadas por unha relación de servizos profesionais.

Non obstante, como se sinalou anteriormente, tamén se regula a achega suplementaria de recursos humanos ás Forzas Armadas cando a defensa de España así o esixa. As obrigas militares pasan así a ser cumpridas de forma distinta polos españois, pero a súa natureza e importancia permanecen inalteradas, ó abeiro do previsto no artigo 30.2 da Constitución, como inalterado queda tamén o deber de defender España que declara o punto primeiro do mesmo precepto.

Neste sentido, recóllense as directrices emanadas do Dictame da Comisión Mixta Congreso dos Deputados-Senado referidas a suspende-la prestación do servizo militar, incluíndo as correspondentes disposicións ó respecto, así como as que regulan o necesario réxime transitorio. A adaptación da Lei orgánica pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a organización militar ó novo modelo de Forzas Armadas profesionais, constituirá o marco adecuado para proceder á derogación da Lei orgánica do servizo militar.

XI

En relación coa Garda Civil, faise referencia a unha nova lei específica para o persoal pertencente a este corpo, que terá que axustarse á lexislación de aplicación ás Forzas e Corpos de Seguridade e, dada a natureza militar deste instituto armado, deberá basearse ademais na presente lei. Tamén se establece o réxime transitorio polo que se rexerá o persoal do corpo da Garda Civil ata que entre en vigor a súa lei específica.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente lei ten por obxecto regula-lo réxime do persoal militar profesional, determina-lo persoal de cadros de mando e os efectivos máximos de tropa e mariñeiría e defini-lo sistema de ensino militar e as formas de acceso a el. Tamén ten por obxecto regula-la achega suplementaria de recursos humanos ás Forzas Armadas cando as necesidades extraordinarias da defensa de España e dos seus intereses o esixan, con carácter voluntario ou en aplicación do artigo 30 da Constitución.

Todo isto coa finalidade de que as Forzas Armadas estean en condicións de cumprir-la misión definida no artigo 8 da Constitución.

2. Esta lei é de aplicación ós militares profesionais e ós alumnos do ensino militar de formación que adquiran a condición de militar ó se incorporaren ás Forzas Armadas, así como ós reservistas que se definen no seu título XIII.

3. O réxime do persoal da Garda Civil rexeráse pola súa lei específica, que deberá basearse na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e, dada a natureza militar do dito instituto armado e a condición de militar dos seus membros, nesta lei.

Artigo 2. *Militares profesionais.*

1. Son militares profesionais os españois vinculados ás Forzas Armadas cunha relación de servicios profesionais que adquiran a condición de militar de carreira, de militar de complemento ou de militar profesional de tropa e mariñeiría.

2. Son militares de carreira os oficiais xenerais, oficiais e suboficiais que, cunha relación de servicios de carácter permanente, forman os cadros de mando das Forzas Armadas.

3. Son militares de complemento os oficiais que, cunha relación de servicios de carácter temporal, completan os efectivos de cadros de mando das Forzas Armadas.

4. Son militares profesionais de tropa e mariñeiría os que, cunha relación de servicios de carácter temporal, constitúen os efectivos da dita categoría do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire. Esta relación de servicios de carácter temporal unicamente se poderá transformar en permanente da forma que se especifica no capítulo III do título VI desta lei.

Artigo 3. *Xuramento ou promesa ante a bandeira de España.*

1. Todo militar ten o deber de prestar ante a bandeira xuramento ou promesa de defender España, da forma que se establece neste artigo. Este xuramento ou promesa será requisito previo e indispensable á adquisición da condición de militar de carreira, de militar de complemento e de militar profesional de tropa e mariñeiría.

2. O acto de xuramento ou promesa ante a bandeira de España será público e estará revestido da maior solemnidade. Axustarase á seguinte secuencia:

O xefe da unidade militar que tome o xuramento ou promesa ante a bandeira pronunciará a seguinte fórmula:

«¡Soldados! ¿Xurades por Deus ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as vosas obrigas militares, cumprir e facer cumprir-la Constitución como norma fundamental do Estado, obedecer e respecta-lo Rei e os vosos xefes, non abandonalos nunca e, se for preciso, entrega-la vosa vida en defensa de España?»

Ó que os soldados contestarán:

«¡Sí, facémolo!»

O que tomou o xuramento ou promesa replicará:

«Se cumpríde-lo voso xuramento ou promesa, a Patria hávolo de agradecer e de premiar, e se non, habedes merece-lo seu desprezo e o seu castigo, como indignos fillos dela», e engadirá: «Soldados, ¡Viva España!» e «¡Viva El- Rei!», que serán contestados cos correspondentes «¡Viva!».

A seguir, os soldados bicarán un a un a bandeira e, posteriormente, como sinal de que España acepta o seu xuramento ou promesa, desfilarán baixo dela.

3. Na fórmula, o termo «Soldados» poderá substituírse polo que conveña para a súa adecuación ós que vaian presta-lo xuramento ou promesa.

TÍTULO I

Competencias en materia de persoal dos órganos superiores

Artigo 4. *Do Goberno.*

1. O Goberno exerce a función executiva e a potestade regulamentaria no que se refire ó réxime do persoal militar profesional. En particular, correspóndelle:

a) Dirixi-lo planeamento da defensa militar, do que se deducirán as necesidades de persoal militar a medio e longo prazo.

b) Aproba-las provisións de prazas das Forzas Armadas.

c) Desenvolve-los criterios xerais de promoción e ascenso establecidos na presente lei.

d) Exerce-las demais competencias que se lle atribúen nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

2. Cando as necesidades da defensa nacional non poidan ser atendidas polos efectivos de militares profesionais, o Goberno poderá adopta-las medidas necesarias para a incorporación de reservistas ás Forzas Armadas.

En tódolos supostos de incorporación de reservistas regulados no título XIII da presente lei, o Goberno informará o Congreso dos Deputados das medidas adoptadas e habilitará os créditos extraordinarios que se precisen para financia-lo custo das operacións. A incorporación de reservistas obrigatorios requirirá a autorización previa do Congreso dos Deputados.

O Goberno tamén poderá autoriza-la incorporación de reservistas para misións no estranxeiro.

Artigo 5. *Do ministro de Defensa.*

O ministro de Defensa, de conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1984, do 5 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 6/1980, do 1 de xullo, pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a orga-

nización militar, exerce a súa autoridade, por delegación do presidente do Goberno, para ordenar, coordinar e dirixi-la actuación das Forzas Armadas. Correspóndelle dirixir, coordinar e controla-la política de persoal e de ensino no ámbito das Forzas Armadas e, en particular, as competencias que se lle asignan nesta lei en relación coa proposta ou aprobación de disposicións de carácter xeral e coa decisión ou proposta sobre os aspectos básicos que configuran a traxectoria profesional do militar.

Artigo 6. *Do subsecretario de Defensa.*

O subsecretario de Defensa, como principal colaborador do titular do departamento na política de persoal e ensino, é o responsable da súa proposta, desenvolvemento e aplicación no ámbito das Forzas Armadas. En particular, correspóndelle dictar ou propor disposicións en materia de persoal e ensino militar, dirixi-la xestión xeral do persoal militar e a específica dos que non se atopan encadrados nalgún dos exércitos e elaborar, dentro do planeamento da defensa militar, as estimacións e plans directores sobre a situación, evolución, valoración e programación dos recursos humanos.

Tamén lle corresponde a inspección no referente ó réxime de persoal dos membros das Forzas Armadas, así como ás condicións de vida en buques, bases e acuartelamentos. Esta competencia exerceraa directamente, por medio dos órganos de inspección da Subsecretaría de Defensa, que se configurarán na forma que regulamentariamente se determine, ou dos mandos de persoal dos exércitos.

Artigo 7. *Do xefe do Estado Maior da Defensa e dos xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. O xefe do Estado Maior da Defensa, como principal colaborador do ministro de Defensa na formulación e execución dos aspectos operativos da política militar, asesorará e informará sobre o réxime do persoal militar no que afecte a operatividade das Forzas Armadas; así mesmo, asesorará e informará sobre as necesidades en materia de persoal e de ensino militar no ámbito conxunto.

2. Os xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire correspóndelles:

- a) Asesorar e informa-lo ministro de Defensa sobre as necesidades en materia de persoal e de ensino militar no ámbito do seu Exército.
- b) Asesora-lo subsecretario de Defensa na preparación e dirección da política de persoal e ensino militar no ámbito do seu Exército, colaborar con el no seu desenvolvemento e informalo dos aspectos da súa execución.
- c) Planear e dirixi-la instrucción e adestramento e desenvolve-las funcións relacionadas co ensino militar e promoción profesional do persoal do seu respectivo Exército, no marco da política de persoal e ensino que se defina de conformidade co establecido neste título.
- d) Dirixi-la xestión dos recursos humanos do seu Exército.
- e) Velar pola moral, disciplina e benestar do persoal do seu Exército.
- f) Decidir, propor ou informar, segundo proceda, de acordo co previsto nesta lei, en relación cos aspectos básicos que configuran a traxectoria profesional do militar.

Artigo 8. *Dos Consellos Superiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. Os Consellos Superiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, como órganos colexiados

asesores e consultivos do ministro de Defensa e do xefe do Estado Maior do Exército respectivo, correspóndelles:

- a) Efectua-los informes que se indican nesta lei sobre os aspectos básicos que configuran a traxectoria profesional do militar.
- b) Emitir informe sobre os asuntos que someta á súa consideración o ministro de Defensa e o xefe do Estado Maior do Exército correspondente.
- c) Ser oídos polo ministro de Defensa en relación coa súa proposta de designación do respectivo xefe do Estado Maior, antes de sometela á deliberación do Consello de Ministros, de conformidade co preceptuado no número 2 do artigo 12 da Lei orgánica pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a organización militar.
- d) Seren oídos nos expedientes disciplinarios extraordinarios que afecten a persoal do seu respectivo Exército, de conformidade co preceptuado na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

2. Regulamentariamente determinaranse a súa composición e demais competencias.

Artigo 9. *Competencias en relación cos corpos comúns das Forzas Armadas.*

1. As competencias que nesta lei se lles asignan ós xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación co persoal dos seus respectivos exércitos, responderanlle ó subsecretario de Defensa no que afecten ó persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.

2. As competencias que esta lei lles asigna en materia de persoal ós Consellos Superiores dos Exércitos responderanlles ás Xuntas Superiores dos corpos comúns das Forzas Armadas que regulamentariamente se constitúan.

TÍTULO II

Funcións, categorías e empregos

Artigo 10. *Funcións.*

1. O militar profesional exerce as funcións de mando, de administración e lóxicas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes. O seu exercicio desenvolverase en cumprimento das misións das Forzas Armadas, axustándose ás súas características de disciplina, xerarquía e acción conxunta, e de acordo coa Constitución, as Reais Ordenanzas para as Forzas Armadas e as de cada un dos exércitos e o resto do ordenamento xurídico.

2. Na presente lei a expresión «función de mando» refírese en sentido xenérico ó exercicio da autoridade, coa conseguinte responsabilidade, que corresponde a todo militar en razón do seu emprego, destino ou servizo nas Forzas Armadas.

3. A acción de mandar acada a súa máxima e especial responsabilidade cando se aplica á preparación e emprego da forza dos exércitos, polo que nesta lei o termo «mando» significa especificamente o exercicio da autoridade que lles corresponde ós membros dos corpos xerais e de Infantería de Mariña no desempeño dos ditos cometidos.

Artigo 11. *Categorías e empregos militares.*

1. A estrutura orgánica das Forzas Armadas baséase na ordenación xerárquica dos seus membros por empregos militares e, dentro destes, por antigüidade.

2. Os empregos militares, con indicación das súas denominacións básicas e as categorías nas que se agrupan, son os seguintes:

a) Oficiais xenerais:

Capitán xeneral.
Xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire.

Tenente xeneral ou almirante.
Xeneral de división ou vicealmirante.
Xeneral de brigada ou contralmirante.

b) Oficiais:

Coronel ou capitán de navío.
Tenente coronel ou capitán de fragata.
Comandante ou capitán de corbeta.
Capitán ou tenente de navío.
Tenente ou alférez de navío.
Alférez ou alférez de fragata.

c) Suboficiais:

Suboficial maior.
Subtenente.
Brigada.
Sarxento primeiro.
Sarxento.

d) Tropa e mariñeira:

Cabo maior.
Cabo primeiro.
Cabo.
Soldado ou mariñeiro.

Artigo 12. *Emprego militar da Súa Maxestade El-Rei.*

A súa maxestade El-Rei ten o emprego militar de capitán xeneral do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, tradicionalmente o máximo rango militar, que lle corresponde en exclusiva como mando supremo das Forzas Armadas.

Artigo 13. *Nomeamentos, cesamentos e empregos militares do xefe do Estado Maior da Defensa e dos xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. O nomeamento e cesamento do xefe do Estado Maior da Defensa efectuarase por real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do presidente do Goberno. Os nomeamentos e cesamentos dos xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire efectuaranse por real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, oídos o xefe do Estado Maior da Defensa e o Consello Superior do exército correspondente.

2. O nomeamento de xefe do Estado Maior da Defensa levará implícito o ascenso automático ó emprego de xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire, segundo o exército ó que pertenza o designado. O xefe do Estado Maior da Defensa, durante o tempo que desempeñe o cargo, terá a condición de máis antigo no seu emprego, para tódolos efectos, das Forzas Armadas.

Os nomeamentos de xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire levarán implícito o ascenso automático ós empregos de xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire, segundo corresponda. No caso de recaerla designación nun xeneral de división ou vicealmirante, previamente ascenderá a tenente xeneral ou almirante, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei orgánica pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a organización militar.

3. O xefe do Estado Maior da Defensa e os xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire continuarán en servizo activo ata o momento de cesaren no cargo, mesmo cando cumpran a idade de retiro á que se refire a letra a) do número 2 do artigo 145 desta lei.

4. Os oficiais xenerais que cesen nos cargos citados no número 1 deste artigo e no de xefe do Cuartel Militar da Casa da Súa Maxestade El-Rei pasarán á situación de reserva, na que permanecerán un período de seis anos, a partir da data do cesamento, como membros da Asemblea da Real e Militar Orde de San Hermenexildo, sempre que pertenzan á citada Orde, finalizado o cal pasarán a retiro.

Artigo 14. *Graos militares.*

1. Cando por necesidades do servizo se designe un militar para ocupar un posto en organizacións internacionais que corresponda ó emprego superior ó seu, o ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior da Defensa, poderalle conceder, con carácter eventual, o grao militar correspondente a ese emprego superior, no que terá as atribucións e usará as súas divisas, excepción feita das competencias sancionadoras e das retribucións, que serán as correspondentes ó seu emprego efectivo. Este grao conservarao ata ascender ó citado emprego superior ou ata o momento do seu cesamento no mencionado posto.

A atribución eventual do grao militar do emprego superior non xerará dereito ó ascenso nin predeterminará, de se-lo caso, o resultado da correspondente avaliación.

2. No emprego de soldado ou mariñeiro existirá, como distinción, o grao militar de soldado ou mariñeiro de primeira, sen efectos retributivos.

Artigo 15. *Denominacións xenéricas e divisas dos empregos e graos militares.*

1. Cada vez que nesta lei se utilice a denominación xenérica dun emprego ou grao, entenderase que comprende as da Armada e as que se detallan para os diferentes corpos e escalas no capítulo I do título IV desta lei.

2. O ministro de Defensa, por iniciativa dos xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e por proposta do xefe do Estado Maior da Defensa, determinará as divisas dos diferentes empregos e graos, respectando as tradicións de cada exército e tendo en conta as equivalencias coas doutros países e os tratados e convenios internacionais subscritos por España para a uniformidade no seu uso.

Artigo 16. *Facultades e antigüidade no emprego militar.*

1. O emprego militar faculta para exercerla autoridade que corresponda na orde xerárquica militar e desempeña-los cometidos dos distintos niveis da organización das Forzas Armadas. O que exerce o mando ou dirección dunha unidade, centro ou organismo recibe a denominación de xefe, comandante ou director, segundo o disposto regulamentariamente. Nesta lei o termo xefe comprende todas estas denominacións.

2. Os militares de carreira poden acceder ós empregos das categorías de oficiais xerais, de oficiais e de suboficiais que para cada corpo e escala se especifican no capítulo I do título IV desta lei e os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeira ós empregos que se indican, respectivamente, nos capítulos II e III do título IV desta lei.

3. O emprego militar, conferido conforme esta lei, outorga os dereitos e obrigas establecidos nela. Cando se produza un cambio de escala obterase o emprego que en cada caso corresponda, causando baixa na escala de orixe coa conseguinte perda do emprego anterior.

4. A antigüidade no primeiro emprego é o tempo transcorrido desde a data da súa concesión e nos sucesivos empregos desde a data da sinatura da resolución pola que se concede o ascenso correspondente, salvo que nela se faga constar, para estes efectos, a data do día seguinte a aquel en que se produza a vacante que orixine o ascenso.

Cando por aplicación do previsto nesta lei e nas leis penais e disciplinarias militares se modifique a posición do interesado no escalafón, asignaráselle a antigüidade daquel que o preceda na nova.

5. Para efectos desta lei, o concepto de escalafón, como ordenación dos militares de carreira pertencentes a unha escala, esténdese ós militares de complemento e ós militares profesionais de tropa e mariñeiría. Os primeiros quedarán ordenados por cada Corpo ou, de se-lo caso, escala ós que estean adscritos, e os segundos, dentro de cada Exército, polas especialidades ou agrupación de especialidades que regulamentariamente se determinen.

Artigo 17. *Empregos honoríficos.*

1. En atención a méritos excepcionais ou circunstancias especiais, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, poderá concederlle, con carácter honorífico, ó militar profesional que pase a retiro o emprego inmediato superior. Os empregos con carácter honorífico tamén poderán concederse a título póstumo.

2. A iniciativa para a concesión de empregos con carácter honorífico corresponderalles ós xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, que elevarán as propostas ó ministro de Defensa, co informe do Consello Superior do exército correspondente, motivando os méritos e circunstancias que as xustifican.

3. En ningún caso os empregos concedidos con carácter honorífico levarán consigo beneficio económico de ningunha natureza nin serán considerados para efectos de dereitos pasivos.

TÍTULO III

Cadros de persoal

Artigo 18. *Efectivos de cadros de mando.*

1. Os efectivos legais máximos de cadros de mando, constituídos polos militares de carreira e os militares de complemento en situación de servizo activo, son de 48.000 no total das Forzas Armadas, no que están incluídos os cadros de persoal de oficiais xenerais que se especifican nos números 2 e 3 seguintes.

2. O cadro de persoal máximo de oficiais xerais para ocupar postos orgánicos asignados especificamente ós diferentes corpos militares é de 201.

3. O cadro de persoal adicional máximo de oficiais xenerais para ocupar postos no ámbito dos órganos centrais, incluído o Estado Maior da Defensa, en organismos autónomos do Ministerio de Defensa e en organizacións internacionais, con independencia dos que estean expresamente asignados a un corpo determinado, é de 64.

As vacantes existentes neste cadro de persoal adicional poderanse dar ó ascenso entre os pertencentes a calquera corpo que reúnan as condicións para iso. O nomeamento dun oficial xeneral para ocupar un posto

de cadro de persoal adicional producirá vacante no do seu corpo se previamente ocupase un destino dos expresamente asignados a el, que será amortizado unha vez que cesase no cargo coa primeira vacante que se produza no seu emprego.

O oficial xeneral en cadro de persoal adicional poderá ascender ó emprego inmediato superior da súa escala se reúne as condicións para iso e de acordo co previsto no número 1 do artigo 118 desta lei.

4. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para períodos de cinco anos cada un os efectivos regulamentarios de cadros de mando para os distintos empregos dos corpos e escalas de militares de carreira, excepto os correspondentes ó primeiro emprego de cada escala, que terán os efectivos que resulten da provisión de prazas a que se refire o artigo 21 desta lei, e determinará, de se-lo caso, as asignadas a militares de complemento. O ministro de Defensa fixará, destas últimas e con vixencia para un ou varios períodos anuais, as que correspondan ós diferentes empregos de militares de complemento por corpos ou escalas ós que estean adscritos.

O Goberno informará as Cortes Xerais cada vez que aprobe un real decreto de desenvolvemento de cadros de persoal e, se a evolución do proceso de modernización dos exércitos e de racionalización das súas estruturas orgánicas o aconsellan, remitirá un proxecto de lei para modifica-los cadros de persoal máximos fixados neste artigo.

Artigo 19. *Efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

1. O número de efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría na situación de servizo activo fíxase tendo en conta os créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado, ata acadar un total comprendido entre 102.000 e 120.000.

2. Dentro dos límites ós que se refire o punto anterior, o ministro de Defensa fixará, con vixencia para un ou varios períodos anuais, os cadros de persoal de cada un dos exércitos, especificando os que corresponden ós distintos empregos e especialidades e os que se asignan ós que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente.

Artigo 20. *Cadros de persoal orgánicos e de destinos.*

1. As unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, incluídos os seus organismos autónomos e representacións en organizacións internacionais, terán definido o seu cadro de persoal orgánico, que é a relación cuantitativa e cualitativa de postos correspondentes á súa estrutura.

2. En función dos efectivos de cadros de mando e dos efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría establecidos, respectivamente, nos artigos 18 e 19 desta lei e dos efectivos orzamentarios cos seus correspondentes créditos, definiranse os graos de cobertura dos cadros de persoal orgánicos e os cadros de persoal de destinos nos que se especificarán a asignación dos postos por corpos e escalas, empregos, especialidades e outros condicionantes aplicables ós militares de carreira, militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría, así como os que poidan ser cubertos por persoal en reserva.

Artigo 21. *Provisión de prazas das Forzas Armadas.*

1. De conformidade coas competencias sinaladas no artigo 4 desta lei e para satisfacer as necesidades de persoal militar a medio e longo prazo, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Administracións Públicas, co informe favorable do Ministerio de

Economía e Facenda e por iniciativa do Ministerio de Defensa, establecerá un modelo xenérico de provisión de prazas nas Forzas Armadas, tendo como referencia o cadro de persoal legal fixado neste título, axustado ás necesidades das Forzas Armadas e ás específicas das diferentes escalas, derivadas do planeamento da defensa militar e ás porcentaxes de cobertura con militares de complemento que proporcionen factores de flexibilidade na evolución dos efectivos militares.

2. O Consello de Ministros aprobará a provisión anual de prazas das Forzas Armadas, na que se determinarán as correspondentes ós centros docentes militares de formación, especificando as cotas que correspondan ós distintos sistemas de acceso e axustándose ó modelo determinado no punto anterior, ós créditos orzamentarios e á evolución real nos efectivos das diferentes escalas.

3. Na provisión anual determinaranse as prazas para o acceso a militar de complemento e para o acceso a unha relación de servizos de carácter permanente dos militares profesionais de tropa e mariñeira.

4. A determinación da provisión anual de prazas das Forzas Armadas farase mediante real decreto, aprobado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Administracións Públicas, co informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda e por iniciativa do Ministerio de Defensa, no mes de xaneiro do ano no que se vaian efectuar-las correspondentes convocatorias.

5. A selección de militares profesionais de tropa e mariñeira poderá efectuarse de forma continua, polos sistemas establecidos no artigo 68 e tendo en conta os efectivos máximos determinados no artigo 19, ambos desta lei. Non obstante o anterior, o Goberno poderá limita-lo número de prazas para cubrir en calquera exercicio orzamentario.

TÍTULO IV

Encadramento dos militares profesionais

CAPÍTULO I

Corpos e escalas de militares de carreira

Artigo 22. *Corpos e escalas.*

1. Os militares de carreira intégranse en distintos corpos de acordo cos cometidos que deban desempeñar. Dentro de cada corpo, pódense agrupar en escala superior de oficiais, escala de oficiais e escala de suboficiais, segundo as facultades profesionais que teñan asignadas e o grao educativo esixido para a incorporación a elas.

2. A creación, extinción, integración ou refundición de corpos e escalas efectuarase por lei.

Artigo 23. *Especialidades.*

1. En cada escala existirán as especialidades fundamentais necesarias para desenvolver, no nivel correspondente, os cometidos que teña encomendados o persoal do corpo ó que aquela pertenza. A adquisición dunha delas faculta para o exercicio profesional nun determinado campo de actividade. Regulamentariamente determinarase a súa definición, así como as circunstancias nas que o militar de carreira pode cambiar de especialidade e o ministro de Defensa establecerá os seus distintivos.

2. Tamén existirán especialidades complementarias para acadar un maior grao de especialización no campo de actividade das fundamentais, para desempeñar cometidos propios dos primeiros empregos de cada escala en áreas concretas e para atender, nos empregos supe-

riores, necesidades da organización militar nos ámbitos de xestión de recursos, relacións internacionais, organización, intelixencia, comunicación social e outros, cunhas actividades que non corresponden especificamente a ningunha especialidade fundamental.

O ministro de Defensa determinará a definición das especialidades complementarias, os corpos e escalas desde os que se pode acceder a estas, os requisitos e condicións esixidos para a súa obtención e exercicio, a compatibilidade entre elas e os empregos militares nos que se poden adquirir ou manter.

3. O ministro de Defensa determinará, asociadas ás especialidades fundamentais e complementarias, as aptitudes que son cualificacións individuais que habilitan para o exercicio dunha actividade profesional en determinados postos orgánicos.

Artigo 24. *Capacidades para o exercicio profesional.*

1. A capacidade profesional específica dos militares de carreira para exercer-las competencias correspondentes a cada posto orgánico será determinada polos cometidos dos membros do seu corpo, polas facultades atribuídas ós membros da súa escala e polo seu emprego. Esta capacidade habilita, conforme os títulos do sistema de ensino militar e os académicos e profesionais que se posúan, os que se integran en cada corpo e escala para o exercicio das súas competencias e o desempeño dos seus cometidos no ámbito das Forzas Armadas, sen que sexa necesario ningún outro requisito de colexiación profesional, inscrición en rexistros ou homologación dos citados títulos.

2. A capacidade para desenvolver determinadas actividades poderá tamén estar condicionada pola posesión dunha especialidade fundamental e, en determinados casos, pola de especialidades complementarias, aptitudes e outros títulos e cualificacións.

3. Ademais da súa capacidade profesional específica, os militares de carreira pertencentes ós corpos específicos dos exércitos teñen en todo caso a necesaria para desempeña-los cometidos non atribuídos particularmente a un corpo concreto e para presta-los servizos e gardas que garantan o funcionamento e seguridade das unidades, centros e organismos.

Tódolos militares de carreira realizarán os servizos e comisións que na súa categoría e emprego poidan corresponderlles na súa unidade, centro ou organismo, unidade superior ou demarcación territorial á que pertencen, sempre que non exista ningunha incompatibilidade de acordo coa lei.

Artigo 25. *Corpos militares.*

1. Os militares de carreira intégranse en corpos específicos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e en corpos comúns das Forzas Armadas.

2. Os corpos específicos do Exército de Terra son os seguintes:

- Corpo xeral das armas do Exército de Terra.
- Corpo de intendencia do Exército de Terra.
- Corpo de enxeñeiros politécnicos do Exército de Terra.
- Corpo de especialistas do Exército de Terra.

3. Os corpos específicos da Armada son os seguintes:

- Corpo xeral da Armada.
- Corpo de infantería de Mariña.
- Corpo de intendencia da Armada.
- Corpo de enxeñeiros da Armada.
- Corpo de especialistas da Armada.

4. Os corpos específicos do Exército do Aire son os seguintes:

Corpo xeral do Exército do Aire.
Corpo de intendencia do Exército do Aire.
Corpo de enxeñeiros do Exército do Aire.
Corpo de especialistas do Exército do Aire.

5. Os corpos comúns das Forzas Armadas son os seguintes:

Corpo xurídico militar.
Corpo militar de intervención.
Corpo militar de sanidade.
Corpo de músicas militares.

Artigo 26. *Corpo Xeral das Armas do Exército de Terra.*

1. Os membros do Corpo Xeral das Armas do Exército de Terra, agrupados en escala superior de oficiais, escala de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometidos a preparación e emprego da forza e do apoio á forza do Exército de Terra. Para o desempeño destes cometidos exercen o mando e as funcións de mando, de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con eles. Estas funcións tamén poderán exercelas no ámbito doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos.

2. Os empregos do Corpo Xeral das Armas do Exército de Terra son os de tenente a xeneral de exército na escala superior de oficiais, os de alférez a tenente coronel na escala de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais.

Artigo 27. *Corpo de intendencia do Exército de Terra.*

1. Os membros do corpo de intendencia do Exército de Terra, agrupados nunha escala superior de oficiais, teñen como cometidos o planeamento e xestión dos recursos económicos e o asesoramento en materia económico-financiera no ámbito do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos e os de carácter loxístico que se lles encomenden regulamentariamente dentro do Exército de Terra. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer-la función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de intendencia do Exército de Terra son os de tenente a xeneral de división.

Artigo 28. *Corpo de enxeñeiros politécnicos do Exército de Terra.*

1. Os membros do corpo de enxeñeiros politécnicos do Exército de Terra, agrupados en escala superior de oficiais e escala de oficiais, esta última coa denominación de escala técnica de oficiais, teñen como cometidos o asesoramento, aplicación, estudio e investigación en materias técnicas propias das súas especialidades e os de carácter técnico ou loxístico relacionados co mantemento propio das súas especialidades no ámbito do Exército de Terra, así como no doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer-la función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de enxeñeiros politécnicos do Exército de Terra son os de tenente a xeneral de división na escala superior de oficiais e os de alférez a tenente coronel na escala técnica de oficiais.

Artigo 29. *Corpo de especialistas do Exército de Terra.*

1. Os membros do corpo de especialistas do Exército de Terra, agrupados en escala de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometidos o mantemento, abastecemento, xestión de recursos e, se é o caso, manexo de sistemas de armas, equipos e demais medios materiais no ámbito do Exército de Terra, así como no doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer-la función de mando en centros ou organismos e, se é o caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de especialistas do Exército de Terra son os de alférez a tenente coronel na escala de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais.

Artigo 30. *Corpo xeral da Armada.*

1. Os membros do corpo xeral da Armada, agrupados en escala superior de oficiais e escala de oficiais, teñen como cometidos a preparación e emprego da forza e do apoio á forza da Armada. Para o desempeño destes cometidos exercen o mando e as funcións de mando, de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes. Estas funcións tamén poderán exercelas no ámbito doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos.

2. Os empregos do corpo xeral da Armada son os de alférez de navío a almirante xeneral na escala superior de oficiais e os de alférez de fragata a capitán de fragata na escala de oficiais.

Artigo 31. *Corpo de infantería de Mariña.*

1. Os membros do corpo de infantería de Mariña, agrupados en escala superior de oficiais, escala de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometidos a preparación e emprego da forza de infantería de Mariña e do apoio á forza da Armada. Para o desempeño destes cometidos, exercen o mando e as funcións de mando, de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con eles. Estas funcións tamén poderán exercelas no ámbito doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos.

2. Os empregos do corpo de infantería de Mariña son os de tenente a xeneral de división na escala superior de oficiais, os de alférez a tenente coronel na escala de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais.

Artigo 32. *Corpo de intendencia da Armada.*

1. Os membros do corpo de intendencia da Armada, agrupados nunha escala superior de oficiais, teñen como cometidos o planeamento e xestión dos recursos económicos e o asesoramento en materia económico-financiera no ámbito do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos e os de carácter loxístico que se lles encomenden regulamentariamente dentro da Armada. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer-la función de mando en centros ou organismos e, se é o caso, en unidades. Tamén lles corresponden

as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de intendencia da Armada son os de tenente a xeneral de división.

Artigo 33. *Corpo de enxeñeiros da Armada.*

1. Os membros do corpo de enxeñeiros da Armada, agrupados en escala superior de oficiais e escala de oficiais, esta última coa denominación de escala técnica de oficiais, teñen como cometidos o asesoramento, aplicación, estudio e investigación en materias técnicas propias das súas especialidades e os de carácter técnico ou loxístico relacionados co mantemento propio das súas especialidades no ámbito da Armada, así como no doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer a función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de enxeñeiros da Armada son os de alférez de navío a vicealmirante na escala superior de oficiais e os de alférez de fragata a capitán de fragata na escala técnica de oficiais.

Artigo 34. *Corpo de especialistas da Armada.*

1. Os membros do corpo de especialistas da Armada, agrupados en escala de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometidos o mantemento, abastecemento, xestión de recursos e, de se-lo caso, manexo de sistemas de armas, equipos e demais medios materiais no ámbito da Armada, así como no doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer a función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de especialistas da Armada son os de alférez de fragata a capitán de fragata na escala de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais.

Artigo 35. *Corpo xeral do Exército do Aire.*

1. Os membros do corpo xeral do Exército do Aire, agrupados en escala superior de oficiais, escala de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometidos a preparación e emprego da forza e do apoio á forza do Exército do Aire. Para o desempeño destes cometidos exercen o mando e as funcións de mando, de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con eles. Estas funcións tamén poderán exercelas no ámbito doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos.

2. Os empregos do corpo xeral do Exército do Aire son os de tenente a xeneral do Aire na escala superior de oficiais, os de alférez a tenente coronel na escala de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais.

Artigo 36. *Corpo de intendencia do Exército do Aire.*

1. Os membros do corpo de intendencia do Exército do Aire, agrupados nunha escala superior de oficiais,

teñen como cometidos o planeamento e xestión dos recursos económicos e o asesoramento en materia económico-financiera no ámbito do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos e os de carácter loxístico que se lles encomenden regulamentariamente dentro do Exército do Aire. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer a función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de intendencia do Exército do Aire son os de tenente a xeneral de división.

Artigo 37. *Corpo de enxeñeiros do Exército do Aire.*

1. Os membros do corpo de enxeñeiros do Exército do Aire, agrupados en escala superior de oficiais e escala de oficiais, esta última coa denominación de escala técnica de oficiais, teñen como cometidos o asesoramento, aplicación, estudio e investigación en materias técnicas propias das súas especialidades e os de carácter técnico ou loxístico relacionados co mantemento propio das súas especialidades no ámbito do Exército do Aire, así como no doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer a función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de enxeñeiros do Exército do Aire son os de tenente a xeneral de división na escala superior de oficiais e os de alférez a tenente coronel na escala técnica de oficiais.

Artigo 38. *Corpo de especialistas do Exército do Aire.*

1. Os membros do corpo de especialistas do Exército do Aire, agrupados en escala de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometidos o mantemento, abastecemento, xestión de recursos e, de se-lo caso, manexo de sistemas de armas, equipos e demais medios materiais no ámbito do Exército do Aire, así como no doutros organismos do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer a función de mando en centros ou organismos e, de se-lo caso, en unidades. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de especialistas do Exército do Aire son os de alférez a tenente coronel na escala de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais.

Artigo 39. *Corpo xurídico militar.*

1. Os membros do corpo xurídico militar, agrupados nunha escala superior de oficiais, teñen como cometidos os que conforme o ordenamento xurídico lles corresponden na xurisdicción militar e os de asesoramento xurídico no ámbito do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos. No desempeño dos seus cometidos poderán exercer a función de mando en centros ou organismos. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo xurídico militar son os de tenente a coronel, coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «auditor», e os de xeneral de brigada e xeneral de división, coas denominacións de xeneral auditor e xeneral conselleiro togado, respectivamente.

Artigo 40. *Corpo militar de intervención.*

1. Os membros do corpo militar de intervención, agrupados nunha escala superior de oficiais, teñen como cometidos, no ámbito do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos, levar a cabo o control interno da xestión económico-financeira, mediante o exercicio da función interventora, o control financeiro e auditoría, por delegación do interventor xeral da Administración do Estado, nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria; exerce-la notaría militar na forma e condicións establecidas polas leis e o asesoramento económico-fiscal, así como emitir cantos informes lles sexan requiridos en materia da súa competencia polas autoridades superiores do Ministerio de Defensa. No desempeño dos seus cometidos poderán exerce-la función de mando en centros ou organismos. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo militar de intervención son os de tenente a xeneral de división, coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «interventor».

Artigo 41. *Corpo militar de sanidade.*

1. Os membros do corpo militar de sanidade, agrupados en escala superior de oficiais e escala de oficiais, teñen como cometidos, no ámbito do Ministerio de Defensa e dos seus organismos autónomos, a atención á saúde nos campos loxístico-operativo e asistencial e os relacionados coa psicoloxía, farmacia e veterinaria. No desempeño dos seus cometidos poderán exerce-la función de mando en centros ou organismos. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo militar de sanidade son os de tenente a xeneral de división na escala superior de oficiais e os de alférez a tenente coronel na escala de oficiais, todos eles coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «médico», «farmacéutico», «veterinario», «odontólogo», «psicólogo» ou «enfermeiro», segundo corresponda.

Artigo 42. *Corpo de músicas militares.*

1. Os membros do corpo de músicas militares, agrupados en escala superior de oficiais e escala de suboficiais, teñen como cometido presta-los servicios de música no ámbito das Forzas Armadas, así como a preparación e dirección das bandas militares. No desempeño dos seus cometidos poderán exerce-la función de mando en centros ou organismos. Tamén lles corresponden as funcións de administración e loxísticas, de apoio ó mando, técnico-facultativas e docentes relacionadas con estes cometidos.

2. Os empregos do corpo de músicas militares son os de tenente a coronel na escala superior de oficiais e os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais, todos eles coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «músico».

CAPÍTULO II

Adscrición dos militares de complemento

Artigo 43. *Corpos de adscrición e empregos.*

1. Os militares de complemento, cunha relación de servicios de carácter exclusivamente temporal, completan os cadros de persoal de oficiais das Forzas Armadas nas porcentaxes adecuadas para unha eficiente xestión dos recursos.

2. Os militares de complemento quedarán adscritos a un corpo militar, salvo nos corpos de enxeñeiros e no corpo militar de sanidade nos que se fará á escala superior de oficiais ou, segundo corresponda, á escala técnica de oficiais ou á escala de oficiais, en función das titulacións esixibles para o acceso a cada unha delas.

3. Os militares de complemento, para accederen a unha relación de servicios de carácter permanente, terán que optar ás prazas que se convoquen para o ingreso nos centros docentes militares de formación na provisión anual a que se refire o artigo 21, polos procedementos que se especifican no capítulo II do título V e coas condicións específicas de promoción interna establecidas no artigo 66 desta lei.

4. Os empregos dos militares de complemento son os de alférez, tenente e capitán, calquera que sexa o corpo e escala de adscrición.

Artigo 44. *Cometidos profesionais.*

1. Os militares de complemento desempeñarán os seus cometidos nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, de acordo coa súa especialización dentro do campo de actividade dunha especialidade fundamental ou complementaria do corpo e, de se-lo caso, escala ó que queden adscritos.

2. Exerцерán as funcións do militar que se relacionan no artigo 10 da presente lei.

3. Ademais da súa capacidade profesional específica, os militares de complemento terán a que se determina para os militares de carreira no número 3 do artigo 24 desta lei.

Artigo 45. *Cambio de adscrición a corpo.*

1. Co fin de completa-los cadros de persoal daqueles corpos que, conforme as previsións do planeamento da defensa militar, poidan ser deficitarios, os militares de complemento poderán cambiar de corpo ó que están adscritos unha soa vez e dentro do propio exército, nas condicións e polo procedemento que se determinen regulamentariamente.

Cando se posúan as titulacións esixidas para complementa-los corpos comúns das Forzas Armadas, o cambio de adscrición de corpo poderá facerse tamén dos corpos específicos dos exércitos ós corpos comúns das Forzas Armadas.

2. O cambio de adscrición a corpo producirase conservando o emprego e o tempo de servicios cumprido, datos que servirán para a nova ordenación dos interesados.

CAPÍTULO III

Especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría

Artigo 46. *Encadramento.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría encadranse en cada exército nas especialidades que determine o ministro de Defensa, por proposta dos xefes dos

Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

Artigo 47. *Empregos.*

1. Os empregos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría son os de soldado, cabo, cabo primeiro e cabo maior.

2. No emprego de soldado existirá, como distinción, o grao de soldado de primeira, que se outorgará en función do historial militar, da forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 48. *Cometidos profesionais.*

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría desempeñarán os seus cometidos en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa e exercerán, ó seu nivel, as funcións do militar que se relacionan no artigo 10 desta lei.

2. Igualmente, desenvolverán as actividades de carácter militar, propias do seu emprego, necesarias para a formación e instrución do persoal ou para garantir-lo funcionamento e seguridade das unidades, centros e organismos. Realizarán tamén os servicios e comisións que na súa categoría e emprego lles correspondan.

Artigo 49. *Cambio de especialidade.*

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que non superen a formación específica correspondente á súa especialidade ou perdan a aptitude psicofísica necesaria para ela, poderán optar por cambiar de especialidade ou por resolve-lo compromiso.

2. Tamén poderán cambiar de especialidade co fin de cubri-los cadros de persoal daquelas especialidades que se considere necesario completar.

3. O cambio de especialidade poderá producirse unha soa vez en cada unha das formas reguladas nos puntos anteriores deste artigo e dentro do propio exército, nas condicións e polo procedemento que se determinen regulamentariamente, conservando o emprego e o tempo de servicios cumprido.

TÍTULO V

Ensin militar

CAPÍTULO I

Definición e estrutura do ensin militar

Artigo 50. *Sistema de ensin militar.*

1. O sistema de ensin militar, concibido de acordo cos principios constitucionais e fundamento do exercicio profesional nas Forzas Armadas, ten como finalidades a formación integral e a capacitación específica do militar profesional e a permanente actualización dos seus coñecementos nos ámbitos operativo, científico, técnico e de xestión de recursos.

2. O ensin militar configúrase como un sistema unitario que garante a continuidade do proceso educativo, integrado no sistema educativo xeral e servido, na súa parte fundamental, pola estrutura docente do Ministerio de Defensa.

3. O ensin militar, en tanto que sistema unitario, estrutúrase en:

- a) Ensin militar de formación.
- b) Ensin militar de perfeccionamento.
- c) Altos estudos militares.

4. O sistema de ensin militar estará sometido a un proceso continuado de avaliación polos procedementos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 51. *Ensin militar de formación.*

1. O ensin militar de formación ten como finalidades a preparación para a incorporación ás escalas de militares de carreira e a capacitación para o acceso a militar de complemento e a militar profesional de tropa e mariñeiría.

No ensin militar de formación para a incorporación a unha determinada escala de militares de carreira, adquirirase unha das súas especialidades fundamentais e, de se-lo caso, algunha das complementarias que sexan necesarias para desempeña-los cometidos que teña encomendados o persoal do corpo ó que aquela perenza.

2. O ensin militar para a incorporación ás escalas de militares de carreira estrutúrase nos seguintes graos:

a) Ensin militar para a incorporación ás escalas de suboficiais, que se corresponde coa formación profesional de grao superior.

b) Ensin militar para a incorporación ás escalas de oficiais, que se corresponde coa educación universitaria de primeiro ciclo.

c) Ensin militar para a incorporación ás escalas superiores de oficiais, que se corresponde coa educación universitaria de segundo ciclo.

En cada un dos graos indicados, a obtención do primeiro emprego militar ó incorporarse á correspondente escala será equivalente, respectivamente, ós títulos do sistema educativo xeral de técnico superior, de diplomado universitario, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico e de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro.

3. Cando o sistema educativo xeral proporcione as titulacións requiridas para a incorporación ás escalas de militares de carreira, a estrutura docente do Ministerio de Defensa complementará a formación técnica, acreditada co título esixido para o ingreso, coa específica necesaria para o desempeño dos cometidos e o exercicio das facultades do corpo, escala e especialidades correspondentes e impartirá a formación militar necesaria.

4. O ensin militar de formación dos militares de complemento ten como finalidade capacitalos militar e profesionalmente, nos seus niveis de empregos, para desempeña-los cometidos e exerce-las facultades do corpo e, de se-lo caso, escala ós que queden adscritos, dentro do campo de actividade dunha especialidade fundamental. Nos casos en que o ensin sexa homologable ó do sistema educativo xeral, outorgaráselle-las validacións que correspondan, de conformidade co establecido no artigo 85 desta lei.

5. O ensin militar de formación dos militares profesionais de tropa e mariñeiría ten como finalidade proporcionarlle-la necesaria capacitación militar e profesional para o exercicio da súa especialidade.

Nos casos en que o ensin sexa homologable ó do sistema educativo xeral, outorgaráselle-las validacións que correspondan de conformidade co establecido no artigo 85 desta lei.

Artigo 52. *Ensin militar de perfeccionamento.*

O ensin militar de perfeccionamento ten como finalidade capacita-lo militar profesional para o desempeño dos cometidos de empregos superiores e das especialidades complementarias, así como ampliar ou actualiza-los coñecementos requiridos para o desenvolvemento da profesión militar.

Artigo 53. *Altos estudos militares.*

O ensin de altos estudos militares ten como finalidade prepara-lo militar de carreira para o desenvolvemento de actividades nos Estados Maiores e capacitalo para o desempeño dos cometidos do emprego de xeneral

de brigada. Tamén se consideran altos estudos militares os relacionados coa paz e a seguridade, a defensa nacional e a política militar, así como a investigación e desenvolvemento das doutrinas para o emprego das Forzas Armadas.

CAPÍTULO II

Centros docentes militares

Artigo 54. *Centros docentes militares.*

1. Centro docente militar é aquel centro pertencente á estrutura docente do Ministerio de Defensa que ten como finalidade principal impartir algún ou algúns dos tipos de ensino militar recollidos no número 3 do artigo 50 desta lei, referentes a militares de carreira, que reciben xenericamente os nomes de centros docentes militares de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos militares.

2. O ensino de formación dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría efectuarase nos propios centros docentes militares de formación ou noutros centros militares de formación que determine o ministro de Defensa, que igualmente fixará os centros e unidades que impartirán o correspondente ensino militar de perfeccionamento.

Artigo 55. *Academias e escolas de formación.*

1. O ensino militar de formación dos corpos xerais e de infantaría de Mariña, e dos corpos de intendencia dos exércitos, cando se ingrese segundo o previsto no número 1 do artigo 64 desta lei, impartirase nas academias xerais que regulamentariamente se determinen. Nas ditas academias impartirase a formación de carácter xeral militar dos corpos de enxeñeiros e de especialistas dos exércitos e dos corpos comúns das Forzas Armadas, así como a formación de carácter xeral militar e o ensino complementario da titulación requirida para o acceso ós corpos de intendencia, cando se ingrese nas cotas ás que se refire o número 3 do artigo 64 desta lei.

2. Para completa-los ensinamentos técnicos e prácticos desenvolvidos nas academias xerais, poderán existir academias ou escolas de especialidades fundamentais que tenderán a concentrar máis dunha especialidade, tendo en conta o principio de economía de medios e a afinidade formativa das especialidades. En todo caso, a coordinación dos programas que se desenvolvan nelas corresponderá ás academias xerais.

3. O ensino militar de formación de carácter específico dos corpos de especialistas impartirase nas escolas ou centros de especialidades fundamentais que regulamentariamente se determinen.

4. As academias e escolas de formación e, de se-lo caso, os demais centros docentes militares do exército correspondente, tamén impartirán os cursos de capacitación para o desempeño dos cometidos de empregos superiores, excepto os correspondentes ó emprego de xeneral de brigada.

Artigo 56. *Escolas dos corpos de enxeñeiros das Forzas Armadas.*

As ensinanzas de formación, perfeccionamento e altos estudos militares dos corpos de enxeñeiros das Forzas Armadas poderanse impartir en escolas de cada corpo, nunha escola conxunta ou noutros centros docentes militares.

Artigo 57. *Escolas dos corpos comúns das Forzas Armadas.*

As ensinanzas de formación, perfeccionamento e altos estudos militares dos corpos comúns das Forzas

Armadas poderanse impartir en escolas de cada corpo, nunha común a varios deles ou noutros centros docentes militares.

Artigo 58. *Centro Superior de Estudios da Defensa Nacional.*

O Centro Superior de Estudios da Defensa Nacional estrutúrase en Escola de Altos Estudos da Defensa e en Escola Superior das Forzas Armadas.

Na Escola de Altos Estudos da Defensa impartiranse cursos relacionados coa defensa nacional e a política militar e de alta xestión e administración de recursos, así como outros estudos e actividades relacionados coa seguridade e a defensa.

Na Escola Superior das Forzas Armadas impartiranse os cursos de Estado Maior e os de capacitación para o desenvolvemento dos cometidos de xeneral de brigada, así como outros estudos e actividades relacionados coas Forzas Armadas.

O Centro Superior de Estudios da Defensa Nacional tamén desenvolverá tarefas de investigación e docencia en áreas da súa competencia.

Artigo 59. *Escolas de especialidades complementarias.*

1. As ensinanzas das especialidades complementarias e os cursos de carácter xeral poderanse desenvolver en calquera centro, docente ou non, de carácter militar ou civil.

2. Unicamente se crearán escolas para impartir ensinanzas correspondentes a especialidades complementarias cando os cursos teñan unha periodicidade estable, se refiran a materias de interese militar e razóns de custo e eficacia o aconsellen.

3. As especialidades complementarias comúns a varios corpos militares poderanse impartir no mesmo centro.

Artigo 60. *Réxime xeral dos centros docentes militares.*

1. A competencia para a creación de centros docentes militares correspóndelle ó Goberno, salvo no caso das escolas de especialidades complementarias que lle corresponde ó ministro de Defensa.

2. A cualificación doutros centros militares como centros militares de formación correspóndelle ó ministro de Defensa.

3. As normas xerais que regulan a organización e funcións, o réxime interior e a programación dos centros docentes militares e dos centros militares de formación serán aprobadas polo ministro de Defensa.

4. Tódolos centros do sistema de ensino militar prestaranse mutua colaboración para o desenvolvemento dos cursos ou programas que teñan encomendados.

5. Determinados programas ou cursos do ensino militar poderán impartirse nos centros e institucións educativas ós que se refire o artigo 78 desta lei, en virtude dos concertos establecidos con eles.

Artigo 61. *Dirección e goberno dos centros docentes militares.*

1. O mando, a dirección e o goberno dos centros docentes militares exerceos o seu director, que é a máxima autoridade académica do centro, posúe a representación deste e informa ou efectúa a proposta de designación do profesorado. Correspóndelle as competencias de carácter xeral, militar e disciplinario asignadas ós xefes de unidade, centro ou organismo.

2. No réxime interior dos centros determinarase os restantes órganos unipersoais da súa estrutura

docente e administrativa, así como os cometidos que lles corresponden.

3. Igualmente, poderanse establecer órganos colexiados con facultades de asesoramento, entre os que estarán o consello de dirección e goberno, a xunta de profesores e o consello cultural.

O consello de dirección e goberno é o órgano asesor do director do centro docente militar para o exercicio das súas funcións. Estará presidido polo director e formarán parte del unha representación do profesorado e os restantes órganos unipersoais da súa estrutura docente e administrativa.

A xunta de profesores é o órgano asesor do director do centro docente militar para asuntos relacionados co ensino. Estará presidida polo director e formarán parte dela a totalidade dos profesores do centro.

O consello cultural é o órgano asesor do director do centro docente militar para deseñar e programar actividades culturais e educativas extraescolares, así como promover programas de investigación. Estará presidido polo director e formarán parte del unha representación do profesorado e das institucións e entidades coas que estean establecidos convenios de colaboración.

Nas normas xerais ás que se fai referencia no número 3 do artigo 60 desta lei establecerase o funcionamento e composición destes órganos colexiados.

CAPÍTULO III

Acceso ó ensino militar

Artigo 62. *Acceso ó ensino militar de formación.*

1. Tódolos españois teñen dereito ó acceso ó ensino militar de formación nos termos regulados neste capítulo.

2. O ensino militar de formación poderase acceder directamente, por cambio de corpo ou por promoción interna, de acordo co regulado no presente capítulo.

Artigo 63. *Sistemas de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación.*

1. O ingreso nos centros docentes militares de formación efectuarase mediante convocatoria pública a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libres, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

2. Para optar a este ingreso será necesario posuí-la nacionalidade española, non estar privado dos dereitos civís, acreditar boa conducta cidadá, conforme o establecido na Lei 68/1980, do 1 de decembro, de expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadá, carecer de antecedentes penais, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas, non ter recoñecida a condición de obxector de conciencia nin estar en trámite a súa solicitude e ter cumpridos dezoito anos, así como nos termos que se establezan regulamentariamente non superalos límites de idade, estar en posesión da titulación esixida ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes e non superar un número máximo de convocatorias.

3. Nos sistemas de selección, as probas que se deberán superar serán adecuadas ó nivel e características do ensino militar que se vai cursar ou, de se-lo caso, ó desempeño dos cometidos profesionais correspondentes. Tamén servirán para acreditar as aptitudes psicofísicas necesarias para cursalos respectivos plans de estudos.

4. Nos sistemas de selección non poderán existir máis diferencias por razón de sexo cás derivadas das distintas condicións físicas que, de se-lo caso, poidan considerarse no cadro de condicións esixibles para o ingreso.

Se algunha das aspirantes non puidese efectuar as probas físicas establecidas na convocatoria por embarazo ou parto, debidamente acreditados, realizará tódalas demais, quedando a praza que, de se-lo caso, obtivese condicionada á superación daquelas. Para iso, a interesada poderá optar entre a data que, para estes únicos efectos, se determine na propia convocatoria, anterior á de presentación dos admitidos no centro militar de formación correspondente, ou a que, no seu momento, se estableza para a seguinte convocatoria. Se nesta data tampouco puidese realizalas debido a outro embarazo ou parto, debidamente acreditados igualmente, poderá elixir de novo entre as dúas opcións anteditas, sen que en ningún destes casos lles sexan de aplicación os límites de idade.

No caso de que a interesada non puidese realizalas probas físicas na data prevista para iso na segunda convocatoria posterior a aquel en que obtivo a praza, calquera que fose a causa, perderá todo dereito a ela.

A interesada incorporárase ó centro militar de formación correspondente cos admitidos na convocatoria na que supere as probas físicas.

5. Nos baremos que se establezan nos sistemas de concurso e concurso-oposición valorarase o tempo servido nas Forzas Armadas.

6. Os órganos de selección non poderán declarar admitidos como alumnos un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Artigo 64. *Requisitos para o acceso directo a militar de carreira.*

1. Para ingresar nas academias militares esixiranse os mesmos niveis de estudos cós requiridos no sistema educativo xeral para acceder ós centros nos que se obtéñen as titulacións equivalentes a cada un dos graos.

2. Tamén se poderá ingresar nas academias militares, na cota de prazas correspondentes ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de Mariña que, de se-lo caso, determine o Goberno, se se posúen as titulacións do sistema educativo xeral que regulamentariamente se establezan en función das esixencias técnicas e profesionais da escala correspondente e sexan equivalentes ós diferentes graos do ensino militar de formación.

3. Para o ingreso nos centros docentes militares de formación das escalas dos corpos de intendencia, na cota de prazas que determine o Goberno, dos corpos de enxeñeiros dos exércitos, dos corpos comúns das Forzas Armadas e de determinadas especialidades fundamentais dos corpos de especialistas esixiranse títulos do sistema educativo xeral, tendo en conta as equivalencias sinaladas no artigo 51 desta lei e os cometidos e facultades do corpo e escala ós que se incorporarán, así como calquera outro diploma ou título do dito sistema considerado necesario para o exercicio profesional na escala correspondente, que regulamentariamente se determine.

Artigo 65. *Cambio de corpo.*

Os militares de carreira dos corpos xerais, de Infantaría de Mariña, de enxeñeiros e de especialistas, poderán acceder dentro do exército respectivo ás escalas superiores de oficiais e ás escalas técnicas de oficiais

dos corpos de enxeñeiros, ás escalas superiores de oficiais dos corpos de Intendencia e ás especialidades fundamentais das escalas de oficiais dos corpos de especialistas nas que se esixa para o ingreso títulos do sistema educativo xeral, sempre que non acadasen o terceiro emprego da súa escala de orixe e se encontren dentro dos límites de idade e posúan as titulacións, ou poidan acadalas durante os correspondentes períodos de formación, que regulamentariamente se determinen.

A incorporación a escalas do mesmo nivel farase conservando o emprego e o tempo de servicios cumprido na escala de orixe. Regulamentariamente estableceranse os procedementos para determina-la orde de escalafón na nova escala.

Artigo 66. *Promoción interna.*

1. A promoción interna a que se refire esta lei consiste no acceso dos militares de carreira á escala inmediatamente superior á que pertencen dentro do mesmo corpo, e dos militares de carreira das escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos de especialistas, dentro do seu exército, ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantería de Mariña, respectivamente. Tamén se considera promoción interna o acceso dos militares de complemento ó corpo e, de se-lo caso, escala ós que estean adscritos e o acceso dos militares profesionais de tropa e mariñeira ás escalas de suboficiais. Todo iso nas condicións que se determinan na presente lei.

2. O ingreso nos centros docentes militares de formación por promoción interna efectuarase a través dos sistemas de concurso ou concurso-oposición, nos que se valorará o historial militar dos interesados.

3. Poderán acceder por promoción interna ó ensino militar de formación para a incorporación ás escalas superiores de oficiais os militares de carreira das escalas de oficiais con polo menos dous anos de tempo de servicios, e poderase reservar ata o 20 por 100 das prazas convocadas.

4. Poderán acceder por promoción interna ó ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de oficiais os militares de carreira das escalas de suboficiais con polo menos dous anos de tempo de servicios, e poderase reservar ata o 75 por 100 das prazas convocadas.

5. Os alféreces e tenentes militares de complemento, con polo menos catro anos de tempo de servicios como tales militares de complemento, poderán acceder por promoción interna ó ensino militar de formación para a incorporación ás seguintes escalas do corpo ó que estean adscritos:

a) Nos corpos xerais e de infantería de Mariña: á escala de oficiais e os que posúan un título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto tamén á escala superior de oficiais.

b) Nos corpos de intendencia, de enxeñeiros e nos corpos comúns das Forzas Armadas: ó corpo e, de se-lo caso, escala ós que estean adscritos.

c) Nos corpos de especialistas: Á escala de oficiais.

O número máximo de convocatorias a que se poderá optar será de tres.

A incorporación ás referidas escalas producirase, unha vez superado o plan de estudos correspondente, co emprego de tenente, tanto nas escalas superiores de oficiais como nas escalas de oficiais.

6. Os militares profesionais de tropa e mariñeira que leven, polo menos, tres anos de tempo de servicios, poderán acceder por promoción interna, dentro do seu exército, ó ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais que se determinen regu-

lamentariamente, reservándose para eles o total das prazas convocadas no seu respectivo exército. O número máximo de convocatorias ás que se poderá optar será de tres.

7. De acordo co previsto neste título, regulamentariamente determinaranse os empregos, límites de idade, sistemas de selección, titulacións e condicións para o acceso ó ensino militar de formación por promoción interna.

Artigo 67. *Acceso a militar de complemento.*

1. As prazas existentes para o acceso a militar de complemento anunciaranse mediante convocatoria pública e serán cubertas polos sistemas de selección que regulamentariamente se determinen de acordo co artigo 63 desta lei.

2. Os requisitos para acceder a cada unha das modalidades ás que se refire o artigo 90 da presente lei son os seguintes:

a) Modalidade «A»: Ter aprobado o primeiro ciclo de educación universitaria.

b) Modalidade «B»: Ter aprobado o primeiro ciclo de educación universitaria ou estar en posesión das titulacións aeronáuticas que se determinen.

c) Modalidade «C»: Estar en posesión dos mesmos títulos que se esixan regulamentariamente para o acceso a militar de carreira do corpo e escala correspondentes.

Artigo 68. *Acceso a militar profesional de tropa e mariñeira.*

As vacantes existentes para completa-los efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeira serán cubertas, con parámetros de selección obxectivos, nun proceso continuo da forma que regulamentariamente se determine, adaptando os criterios xerais do artigo 63 desta lei. As probas selectivas poderanse realizar de forma individualizada ou colectiva.

Se nalgunha das aspirantes concorresen as circunstancias de embarazo ou parto ás que se refire o segundo parágrafo do punto 4 do artigo 63 desta lei, poderá mante-la praza que obtivese ata supera-las probas físicas, por un prazo máximo de dous anos.

Artigo 69. *Concorrentes a cursos de perfeccionamento e de altos estudos militares.*

1. Co fin de se perfeccionaren profesionalmente, os militares poderán realizar aqueles cursos que respondan ás esixencias dos perfís de carreira definidos para a súa escala e especialidade fundamental.

2. As convocatorias dos cursos de capacitación para o desempeño dos cometidos de empregos superiores poderán ter carácter xeral ou limitado, segundo o regulado na presente lei.

Reglamentariamente determinaranse as causas polas que se poderá apraza-la realización dun curso de capacitación.

Unha vez publicada a convocatoria para asistir a un curso de capacitación, abrirase un prazo para que aqueles interesados que o desexen poidan renunciar a asistir. Os que renuncien permanecerán no seu emprego ata o seu pase á situación de reserva, non poderán ser designados para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego e terán limitación para ocupar determinados destinos de acordo coas normas sobre provisión de destinos ás que se refire o número 3 do artigo 129 desta lei.

3. A selección dos concorrentes a cursos de especialización farase mediante os sistemas de concurso ou concurso-oposición. Cando as necesidades do servicio

o requiran, poderanse designar asistentes con carácter obrigatorio.

A designación dos concorrentes a cursos de ampliación ou actualización de coñecementos e aptitudes farase de forma directa, atendendo ás necesidades da organización e tendo en conta as cualificacións do persoal.

4. A selección dos concorrentes a cursos de altos estudos militares farase mediante os sistemas de concurso ou concurso-oposición. Tamén se poderán designar asistentes de forma directa.

5. O Ministerio de Defensa poderá facilitar a realización de estudos de grao universitario mediante programas de ensinanzas abertas. Cando estes estudos amplíen a preparación profesional, os militares profesionais poderán recibir as axudas que se determinen.

CAPÍTULO IV

Plans de estudos

Artigo 70. *Ensin militar de formación dos militares de carreira.*

1. Os plans de estudos correspondentes ó ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de militares de carreira axustaranse ós seguintes criterios:

- Garantir a completa formación humana e o pleno desenvolvemento da personalidade.
- Fomentar os principios e valores constitucionais, considerando a pluralidade cultural de España.
- Promover as virtudes militares recollidas nas Reais Ordenanzas para as Forzas Armadas.
- Proporcionar a formación xeral e a especialización requirida en cada escala e corpo.
- Estructurar as áreas de formación humana integral, física, militar, técnica e psicolóxica e a instrucción e adestramento, ponderándoas segundo as necesidades profesionais.
- Combinar, na medida adecuada, as ensinanzas teóricas e prácticas.

2. Os plans de estudos do ensino militar de formación terán unha duración similar á dos correspondentes ás titulacións equivalentes do sistema educativo xeral.

No ensino militar para a incorporación ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais, cando o ingreso se produza por promoción interna, a duración será como máximo de dous anos, con plans de estudos que poderán ser diferenciados segundo se proceda de militar de carreira ou de militar de complemento.

Cando o ingreso nos centros de ensino militar se produza de acordo co establecido nos números 2 e 3 do artigo 64 desta lei, os plans de estudos correspondentes ó ensino de formación terán unha duración máxima de dous anos.

3. Poderanse efectuar as correspondentes validacións entre as disciplinas ou grupo delas cursadas no sistema educativo xeral ou no propio sistema de ensino militar e aquelas que, dentro do correspondente plan de estudos, sexan similares en créditos e contido.

4. Para a incorporación ás escalas dos diferentes corpos deberán superarse tódolos cursos académicos previstos no plan de estudos correspondente.

Artigo 71. *Ensin militar de formación dos militares de complemento.*

1. O ensino militar de formación dos militares de complemento realizarase de forma continuada, axustándose ós criterios do número 1 do artigo anterior, en dúas fases, unha de formación xeral militar, para proporcionarlles ós alumnos a instrucción militar básica, e

outra de formación específica, co fin de que adquiran os coñecementos necesarios para desempeñar os cometidos e exercer as facultades do corpo e, de se-lo caso, escala ó que queden adscritos, dentro do campo de actividade dunha especialidade fundamental.

2. O ensino realizarase en centros docentes militares de formación ou noutros centros militares de formación e, segundo as diferentes modalidades ás que se refire o artigo 90 desta lei, terá a seguinte duración:

- Modalidades «A» e «C»: Entre seis meses e un ano.
- Modalidade «B»: Entre un e dous anos, salvo cando na convocatoria se esixa titulación aeronáutica, caso no cal será entre seis meses e un ano.

Artigo 72. *Ensin militar de formación dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría recibirán un ensino militar de formación axustado ós criterios establecidos nas letras a), b), c), e) e f) do número 1 do artigo 70 desta lei, que lles proporcione a necesaria capacitación militar e profesional para o exercicio da súa especialidade.

2. O ensino realizarase de forma continuada en fases de formación xeral militar e de formación específica.

A fase de formación xeral militar ten como finalidade proporcionarlles ós alumnos a instrucción militar básica. Tamén se lles poderá proporcionar coñecementos básicos da súa especialidade e aqueles que lles permitan o manexo ou utilización de equipos concretos ó seu nivel.

Esta formación completárase normalmente cunha fase de formación específica na que ampliarán os seus coñecementos para desempeñar cometidos de maior complexidade e serán capacitados para o mantemento e reparación de equipos e sistemas.

3. O ensino desenvolverase nos centros militares de formación ou nas unidades que, de se-lo caso, determine o ministro de Defensa, con semellante consideración para os efectos deste título. A duración total das dúas fases será entre tres meses e un ano, en función do tipo de compromiso e da especialidade.

4. Superada a fase de formación xeral militar, os aspirantes asinarán o compromiso inicial que se establece no artigo 93 ou, de se-lo caso, o referido no artigo 94, ambos desta lei.

Artigo 73. *Cursos de capacitación para o desempeño de cometidos de empregos superiores.*

Os cursos de capacitación para o desempeño dos cometidos de empregos superiores terán carácter basicamente de actualización de coñecementos, sen prexuízo da súa influencia na demostración de aptitudes para efectos da avaliación para o ascenso correspondente.

Artigo 74. *Cursos de especialización.*

Existirá unha oferta de especialización continuada que incluírá os cursos de preparación profesional progresiva que sexan necesarios. As bases que regulen a súa convocatoria especificarán a definición do curso, perfís de carreira ós que corresponde, grao de especialización requirido para acceder a el e aptitude que se acadará nel, así como o sistema de selección, os requisitos esixidos e as condicións de vinculación, fundamentalmente as incompatibilidades entre especialidades e a obrigatoriedade de exercer a especialidade correspondente por uns períodos de tempo determinados.

Artigo 75. *Cursos de altos estudos militares.*

O ministro de Defensa regulará os aspectos básicos dos cursos de altos estudos militares, a súa estabilidade

e periodicidade, a súa obrigatoriedade para ocupar determinados destinos e a correspondencia, para efectos internos, con outros cursos civís ou militares, nacionais ou estranxeiros.

Artigo 76. *Apoio á reincorporación laboral.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal, durante o seu servicio activo e segundo os seus coñecementos e experiencia adquirida e conforme as súas capacidades persoais, facilitaráselle-la obtención de titulacións do sistema educativo xeral mediante o acceso a módulos profesionais de formación profesional específica e a superación das probas académicas correspondentes do dito sistema xeral educativo, así como o acceso a programas de formación ocupacional, para que poidan reincorporarse ó mundo laboral nas mellores condicións unha vez finalizado o seu compromiso.

Artigo 77. *Aprobación dos plans de estudos.*

1. O Goberno, por proposta do ministro de Defensa e logo de informe do ministro de Educación e Cultura, determinará as directrices xerais dos plans de estudos que deban cursarse para a obtención das titulacións correspondentes do ensino militar de formación dos diferentes graos.

O ministro de Defensa correspóndelle a aprobación dos plans de estudos do sistema de ensino militar.

2. A validación de estudos cursados no ensino militar de formación rexerese polo disposto na lexislación vixente.

3. Correspóndelle ó ministro de Defensa a aprobación das directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría e ós xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire a aprobación dos citados plans.

Artigo 78. *Concertos con centros e institucións educativas.*

O Ministerio de Defensa promoverá o establecemento de concertos con universidades e institucións educativas, civís e militares, nacionais ou estranxeiras, para impartir determinados cursos ou ensinanzas e para desenvolver programas de investigación ou outro tipo de colaboracións.

Igualmente, o Ministerio de Defensa promoverá a colaboración da Administración Xeral do Estado, das institucións autonómicas e locais e das entidades culturais, sociais e empresariais cos centros de ensino militar.

CAPÍTULO V

Réxime do alumnado e do profesorado

Artigo 79. *Condición de alumno.*

Ó face-la súa presentación, os que ingresen nos centros docentes militares de formación e nos centros militares de formación asinarán un documento de incorporación ás Forzas Armadas segundo o modelo aprobado polo ministro de Defensa, salvo aqueles que xa pertencen a estas, e serán nomeados alumnos. A partir deste momento, terán a condición de militar e estarán sometidos ó réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, sen quedaren vinculados por unha relación de servicios de carácter profesional.

As referencias que se fan nesta lei ós alumnos do ensino militar de formación comprenden os dos centros docentes militares de formación e os dos centros militares de formación.

Artigo 80. *Réxime dos alumnos.*

1. Os alumnos están suxeitos ó réxime do centro no que cursen os seus estudos, que se establecerá de acordo co definido neste capítulo.

2. Os alumnos pódenselles conceder, con carácter eventual e para efectos académicos, de prácticas e retributivos, os empregos de alférez, sarxento e soldado, coas denominacións específicas que se determinen nas normas de réxime interior ás que se refire o artigo seguinte.

3. Os alumnos que previamente tivesen un emprego militar conservarán os dereitos administrativos inherentes a este, aínda que estarán sometidos ó mesmo réxime có resto dos alumnos. Ó ingresaren nos centros militares de formación permanecerán na situación administrativa de procedencia cando o acceso sexa por promoción interna; cando o fagan por acceso directo pasarán á situación de excedencia voluntaria na súa escala ou categoría de orixe. Ó accederen á nova escala causarán baixa naquela, mantendo os dereitos derivados do tempo de servicios que tivesen cumprido.

Artigo 81. *Réxime interior dos centros militares de formación.*

1. A regulación do réxime interior dos centros docentes militares de formación terá os seguintes obxectivos:

a) Facilita-lo desenvolvemento dos plans de estudos de tal forma que estes se axusten ós criterios sinalados no número 1 do artigo 70 desta lei.

b) Combina-la adaptación do alumno ó réxime de vida militar e ás características propias das Forzas Armadas coa súa adecuada integración na sociedade.

c) Contribuír á formación integral do alumno, así como ó coñecemento e exercicio dos seus dereitos e deberes e fomenta-la súa propia iniciativa.

d) Integra-las relacións de disciplina militar coas propias do proceso de formación entre profesor e alumno.

2. As infraccións de carácter académico no ensino de formación non están incluídas no réxime disciplinario militar e serán sancionadas, exclusivamente, con amonestacións verbais ou escritas, de acordo co que se determine nas normas xerais que regulen o réxime interior dos centros docentes militares de formación que aprobe o ministro de Defensa.

3. O réxime dos centros militares de formación terá os obxectivos sinalados neste artigo e a súa regulación facilitará o ensino de formación á que se refiren os artigos 71 e 72 desta lei.

Artigo 82. *Réxime de avaliacións e cualificacións.*

1. Os centros docentes militares de formación e os centros militares de formación verificarán os coñecementos adquiridos polos alumnos, o desenvolvemento da súa formación e o seu rendemento e efectuarán as correspondentes avaliacións e cualificacións de acordo con criterios obxectivos.

As avaliacións e cualificacións serven de base para orientar os alumnos sobre o seu rendemento escolar e aptitude para o servicio, valora-la súa capacidade, determinar se superan as probas previstas nos plans de estudos e clasificalos con obxecto de determina-la súa orde de ingreso na escala ou ordenación correspondentes.

2. Regulamentariamente determinarase un sistema, baseado en criterios obxectivos, para integrar nunha única clasificación final os que se incorporen a unha determinada escala no primeiro emprego procedentes de acceso directo ou de promoción interna e os que cursen distintas especialidades fundamentais e, en xeral, para a integración na escala ou ordenación que corresponda.

No caso previsto no número 5 do artigo 66 desta lei, cando a incorporación a unha escala de oficiais se produza por promoción interna procedentes de militares de complemento, a integración na escala correspondente será a continuación do último compoñente da promoción da escala de oficiais que estea ascendendo ó emprego de tenente no momento do seu acceso á escala, tendo como data de antigüidade no citado emprego a do día seguinte do ascenso dese último compoñente.

Artigo 83. *Perda da condición de alumno.*

1. Os alumnos do ensino militar de formación causarán baixa por petición propia. Tamén se poderá acordala baixa dun alumno por algún dos seguintes motivos:

- a) Insuficiencia de condicións psicofísicas.
- b) Non superar, dentro dos prazos establecidos, as probas previstas nos plans de estudos ou nas fases de formación.
- c) Carencia das cualidades que se desprenden dos criterios establecidos nas letras b) e c) do número 1 do artigo 70 desta lei, acreditada en expediente persoal extraordinario, mediante resolución motivada e logo de audiencia do interesado.
- d) Imposición de sanción disciplinaria por falta grave de acordo co disposto na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
- e) Sentencia firme condenatoria por delito doloso á pena privativa de liberdade superior a seis meses, inhabilitación absoluta ou inhabilitación especial.

O ministro de Defensa determinará os cadros de condicións psicofísicas, os prazos para supera-los plans de estudos dentro de cada curso ou no conxunto de todo o proceso de formación e o procedemento para a tramitación do expediente ó que se refire a letra c) deste número.

2. A resolución do expediente disciplinario que acorde a baixa polo motivo expresado na letra d) do número anterior, poderá ser obxecto do recurso contencioso-disciplinario militar regulado na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas, ante o Tribunal Militar Central. Nos demais supostos do número anterior aplícarase o disposto no artigo 159 desta lei.

3. Ó causaren baixa, os alumnos perderán a condición de militar, se non a tivesen antes de seren nomeados alumnos, e o emprego militar que puidesen alcanzar con carácter eventual e resolverase o compromiso inicial de quen o asinase.

Artigo 84. *Réxime dos concorrentes a cursos de perfeccionamento e de altos estudos militares.*

Os militares profesionais concorrentes a cursos de perfeccionamento e de altos estudos militares, durante a súa asistencia a eles, estarán en situación de servizo activo. A convocatoria correspondente regulará se conservan ou causan baixa no destino de orixe, de acordo coas normas xerais de provisión de destinos.

Artigo 85. *Titulacións e validacións.*

Os militares profesionais seranlles expedidos aqueles diplomas ou certificados que acrediten os cursos supe-

rados e as actividades desenvolvidas, as cualificacións profesionais e as especialidades adquiridas.

A equivalencia entre as titulacións proporcionadas polo sistema de ensino militar e os títulos oficiais do sistema educativo xeral non determinada na presente lei, establecerase mediante acordo entre os ministerios de Defensa e de Educación e Cultura.

Correspóndelle ó Ministerio de Educación e Cultura a acreditación das validacións e das equivalencias con títulos oficiais do sistema educativo xeral, e ás administracións educativas a expedición, de se-lo caso, dos correspondentes títulos.

Artigo 86. *Profesorado dos centros docentes militares.*

1. Os cadros de profesores dos centros docentes militares estarán constituídos normalmente por persoal das Forzas Armadas destinado neles, a través de libre designación ou concurso de méritos. Poderán ser profesores os integrantes de calquera escala, de acordo cos requisitos e titulación requiridos para cada departamento ou sección departamental específica, e, de se-lo caso, o persoal civil debidamente titulado, contratado conforme a lexislación vixente.

2. Para exercer como profesor é preciso o recoñecemento da súa competencia, baseada na titulación, preparación, experiencia profesional e aptitude pedagóxica.

3. O ensino nas academias xerais e nas academias ou escolas de especialidades fundamentais impartirano principalmente profesores destinados nos ditos centros.

As actividades de ensino nos demais centros docentes militares poderanse desenvolver en compatibilidade co destino principal, salvo os postos dos órganos de dirección e o cadro básico de profesores, que estarán ocupados por persoal destinado nos ditos centros. Todos eles terán a consideración de profesor.

4. O ministro de Defensa fixará os requisitos xerais do profesorado dos centros docentes militares e as condicións do seu exercicio, así como dos que impartan ensino noutros centros militares de formación.

5. A participación de profesores de universidades e institucións educativas, impartindo determinadas materias en centros docentes militares, realizarase de conformidade coas previsións que se prevexan nos concertos respectivos, ós que se refire o artigo 78 da presente lei.

TÍTULO VI

Adquisición da condición de militar

CAPÍTULO I

Carreira militar

Artigo 87. *Adquisición da condición de militar de carreira.*

1. A condición de militar de carreira adquirese ó obte-lo primeiro emprego militar, que será conferido pola Súa Maxestade El-Rei e referendado polo ministro de Defensa, e incorporarse ó corpo e escala correspondentes.

2. O primeiro emprego militar obtense mediante a superación do plan de estudos do centro docente militar de formación correspondente.

3. A cualificación obtida ó concluí-lo ensino de formación determinará a orde de escalafón. Éste só poderse alterar por aplicación dos sistemas de ascenso, da normativa sobre situacións administrativas e das leis penais e disciplinarias militares.

4. Para os efectos desta lei, cada promoción dunha escala está composta polos que se incorporan a esta no mesmo ciclo anual e por aqueles que queden intercalados entre os seus compoñentes, como consecuencia de modificacións na súa posición na escala polos motivos que se relacionan no número anterior deste artigo. Os que quedasen intercalados entre o último compoñente dunha promoción e o primeiro da seguinte incorporaranse á primeira delas.

Artigo 88. *Traxectoria profesional dos militares de carreira.*

A carreira militar é a traxectoria profesional, definida polo ascenso ós sucesivos empregos nas condicións establecidas nesta lei, que seguen os militares de carreira desde a súa incorporación á escala e corpo correspondentes, na que combinan preparación e experiencia profesional no desempeño dos cometidos e no exercicio das facultades que teñen asignados no seu corpo e escala.

CAPÍTULO II

Compromisos dos militares de complemento

Artigo 89. *Adquisición da condición de militar de complemento.*

A condición de militar de complemento adquirese ó obte-lo emprego de alférez concedido polo ministro de Defensa, unha vez superado o plan de formación ó que se refire o artigo 71 desta lei e asinado o compromiso inicial que se establece, en función das distintas modalidades, no artigo seguinte.

Artigo 90. *Compromiso inicial.*

1. A duración do compromiso inicial, que contará desde o seu nomeamento como alumno do centro militar de formación correspondente, segundo as modalidades que se definen a continuación, é a seguinte:

a) Modalidade «A», para completa-los cadros de persoal dos corpos xerais, de Infantería de Mariña e de especialistas: Tres anos.

b) Modalidade «B», para completa-los cadros de persoal dos corpos xerais e de Infantería de Mariña que requiran a aptitude de voo para o exercicio das súas funcións: Desde un mínimo de tres ata un máximo de oito anos.

O compromiso inicial dos que obteñan a aptitude de voo durante a formación para o acceso a militares de complemento será de oito anos.

c) Modalidade «C», para completa-los cadros de persoal dos corpos de intendencia, de enxeñeiros e dos corpos comúns das Forzas Armadas, así como para completa-los cadros de persoal de determinadas especialidades fundamentais dos corpos de especialistas nas que se esixa estar en posesión dos títulos de diplomado universitario, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico: Desde un mínimo de tres ata un máximo de oito anos.

2. A relación xurídico-pública de carácter especial que se establece coa sinatura do compromiso ten un carácter temporal e réxese exclusivamente por esta lei.

Artigo 91. *Novos compromisos.*

1. Os sucesivos compromisos, cunha duración de dous ou tres anos, poderán estenderse ata un máximo de doce anos de tempo de servizos, non podendo superalo interesado os trinta e oito anos de idade. Se é o

caso, o último compromiso terá unha duración axustada a este límite.

2. Os que ingresen nun centro docente militar de formación prorrogáselles, de se-lo caso, o compromiso que tivesen asinado ata a finalización do correspondente plan de estudos.

3. Para os efectos do número 1 deste artigo, enténdese como tempo de servizos o transcorrido na situación de servizo activo e nas demais situacións administrativas reguladas no título X desta lei en que así se especifica.

4. Para a sinatura dun novo compromiso será preceptivo ter sido avaliado previamente e declarado idóneo. As condicións, requisitos e procedemento para contrae-los sucesivos compromisos ou prorrogar calquera deles estableceranse regulamentariamente en función das previsións do planeamento da defensa militar.

CAPÍTULO III

Compromisos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría

Artigo 92. *Adquisición da condición de militar profesional de tropa e mariñeiría.*

A condición de militar profesional de tropa e mariñeiría adquirese ó obte-lo emprego de soldado concedido polo xefe do Estado Maior do Exército correspondente, unha vez superada a formación xeral militar a que se refire o artigo 72 desta lei e asinado o compromiso que se establece no artigo 93 ou, de se-lo caso, o referido no artigo 94, ambos desta lei.

Artigo 93. *Compromiso inicial.*

1. A relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas establecerase inicialmente mediante a sinatura dun compromiso no que se especificará en todo caso a súa duración. Tamén poderán figurar outras circunstancias relacionadas coa traxectoria profesional, como a especialidade ou o destino.

2. A duración do compromiso inicial, que se contará desde o nomeamento como alumno do centro militar de formación correspondente, será de dous ou tres anos, de acordo coa convocatoria correspondente.

3. A relación xurídico-pública de carácter especial que se establece coa sinatura do compromiso réxese exclusivamente pola presente lei. Ten un carácter temporal, salvo que se transforme en permanente da forma que se especifica no artigo 96 desta lei.

Artigo 94. *Compromiso de curta duración.*

1. Para determinadas especialidades e destinos que fixe o ministro de Defensa, ademais do compromiso establecido no artigo anterior, existirá unha modalidade de compromiso de curta duración.

2. A duración do compromiso de curta duración, que se contará desde o nomeamento como alumno do centro militar de formación correspondente, será de doce ou dezoito meses, segundo se estableza na convocatoria correspondente.

3. A relación xurídico-pública de carácter especial que se establece coa sinatura deste compromiso, ó igual cá establecida segundo o artigo anterior, ten un carácter temporal e réxese exclusivamente pola presente lei.

Para continuar prestando servizos como militar profesional de tropa e mariñeiría nas Forzas Armadas, con posterioridade á finalización deste compromiso, haberá que establecer un novo de acordo co regulado no artigo seguinte.

Artigo 95. *Novos compromisos.*

1. Os sucesivos compromisos, cunha duración de dous ou tres anos, poderán estenderse ata un máximo

de doce anos de tempo de servicios, non podendo superalo interesado os trinta e cinco anos de idade. Se é o caso, o último compromiso terá unha duración axustada a este límite.

2. Os que ingresen nun centro docente militar de formación prorrogaráselles, de se-lo caso, o compromiso que tivesen asinado ata a finalización do correspondente plan de estudos.

3. Para os efectos do número 1 deste artigo, enténdese como tempo de servicios o transcorrido na situación de servicio activo e nas demais situacións administrativas reguladas no título X desta lei en que así se especifica.

4. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que formen parte de unidades militares ás que se lles asignen misións fóra do territorio nacional, por un período igual ou superior a tres meses, poderán prorrogalo seu compromiso ata quince días despois de que conclúa a misión, se así o solicitan cando o seu compromiso previo termine durante o desenvolvemento de tales misións e non solicitasen ou asinasen un novo.

5. Os sucesivos compromisos incluírán a súa duración e, de se-lo caso, as outras circunstancias ás que se refire o artigo 93 desta lei.

6. Para a sinatura dun novo compromiso será preceptivo ter sido avaliado previamente e declarado idóneo. As condicións, requisitos e procedementos para contrae-los sucesivos compromisos ou prorrogar calquera deles estableceranse regulamentariamente en función das previsións do planeamento da defensa militar.

Artigo 96. Acceso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría a unha relación de servicios de carácter permanente.

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría poderán acceder a unha relación de servicios de carácter permanente, nas prazas que se determinen na provisión anual a que se refire o artigo 21 desta lei, conservando o emprego que tivesen. Os procesos de selección axustaranse ó previsto no artigo 63 desta lei. Para participar neles requirirase un mínimo de tempo de servicios de oito anos, estar en posesión dunha titulación equivalente á de técnico do sistema educativo xeral e as demais condicións que se establezan regulamentariamente. O número máximo de convocatorias ás que se poderá optar será de tres.

TÍTULO VII

Historial militar e avaliacións

CAPÍTULO I

Historial militar

Artigo 97. Historial militar.

1. As vicisitudes profesionais do militar quedarán reflectidas no seu historial militar individual, de uso confidencial, que constará dos seguintes documentos:

- a) Folla de servicios.
- b) Colección de informes persoais.
- c) Expediente académico.
- d) Expediente de aptitude psicofísica.

2. No historial militar non figurará ningún dato relativo a orixe, raza, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que puidese constituír causa de discriminación.

3. O ministro de Defensa establecerá as características dos documentos que compoñen o historial militar adaptados ó tipo de relación de servicios profesionais e dictará as normas para a súa elaboración, custodia e utilización, asegurando a súa confidencialidade.

Artigo 98. Folla de servicios.

A folla de servicios é o documento obxectivo no que se expoñen os feitos e circunstancias de cada militar desde a súa incorporación ás Forzas Armadas. Inclúe os ascensos e destinos, a descrición dos feitos notables e actos meritorios, as recompensas e felicitacións persoais ou colectivas, así como os delitos ou faltas e as penas ou sancións correspondentes que non fosen canceladas.

A cancelación dunha anotación de sanción por falta grave ou sanción disciplinaria extraordinaria, de acordo co establecido na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas, producirá o efecto de anula-la inscrición na folla de servicios sen que poida certificarse dela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes para iso, para os exclusivos efectos das clasificacións regulamentarias, da concesión de recompensas e do outorgamento daqueles destinos o desempeño dos cales se considere incompatible coa natureza das conductas que determinasen as sancións de que se trate.

As faltas disciplinarias leves e as de carácter académico dos alumnos do ensino militar de formación quedarán canceladas ó se incorporaren á escala correspondente e non figurarán na folla de servicios do interesado.

Artigo 99. Informes persoais.

1. O informe persoal de cualificación é a valoración realizada polo xefe directo do interesado, duns conceptos predeterminados que permitan apreciar as súas cualidades, méritos, aptitudes, competencia e forma de actuación profesional.

2. O cualificador é o responsable do informe rendido, poderá orienta-lo interesado sobre a súa competencia e forma de actuación profesional e deberá facelo se a súa cualificación, global ou dalgún dos conceptos, fose negativa. O interesado poderá formular alegacións ó respecto, que deberán unirse ó informe persoal de cualificación.

3. O informe persoal de cualificación elevarase a través do superior xerárquico do cualificador, quen anotará cantas observacións considere convenientes para establecer a valoración obxectiva das cualificacións efectuadas.

4. O ministro de Defensa determinará o sistema xeral dos informes persoais de cualificación, común para tódolos militares de carreira, e o nivel xerárquico dos xefes directos dos interesados que deben realizalos. Os xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire poderán propo-las condicións específicas para cada corpo ou escala do seu respectivo exército. Con criterios semellantes determinaranse os correspondentes ós militares de complemento e ós militares profesionais de tropa e mariñeiría.

5. Na colección de informes persoais incluíranse os sinalados nos números anteriores deste artigo e cantos outros sexan utilizados nas avaliacións reguladas nesta lei, así como o resultado destas no que afecte o interesado.

Artigo 100. Expediente académico.

No expediente académico constarán as cualificacións académicas, certificacións e acreditacións dos títulos

obtidos e estudos realizados no sistema de ensino militar, así como as correspondentes a títulos ou estudos civís. Tamén se incluírán as dos estudos realizados no ámbito do ensino militar doutros países.

Artigo 101. *Expediente de aptitude psicofísica.*

No expediente de aptitude psicofísica figurarán os resultados dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas, que se realizarán co contido e periodicidade que se establezan regulamentariamente segundo o emprego, corpo, escala ou especialidade, idade e circunstancias persoais, ou en calquera momento por iniciativa fundamentada do propio interesado ou do xefe da súa unidade, centro ou organismo. Tamén figurarán todos aqueles que se realicen con obxecto de determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para os efectos establecidos na presente lei.

Os resultados dos recoñecementos médicos quedarán salvagardados polo grao de confidencialidade que a lexislación en materia sanitaria lles atribúa.

Artigo 102. *Rexistro de persoal.*

1. No Ministerio de Defensa existirá un rexistro de persoal no que estarán inscritos tódolos militares profesionais e no que se anotarán os datos de transcendencia administrativa do historial militar.

2. O ministro de Defensa establecerá as normas xerais reguladoras do rexistro de persoal e do seu funcionamento, tendo en conta a lexislación vixente en materia de tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

CAPÍTULO II

Avaliacións

Artigo 103. *Finalidade.*

1. Os militares profesionais serán avaliados para determina-la súa aptitude para o ascenso ó emprego superior e idoneidade para desempeñar distintos cometidos e para comproba-la existencia de insuficiencia de facultades profesionais ou de condicións psicofísicas.

2. As avaliacións para o ascenso teñen por obxecto determina-la aptitude ou a non-aptitude para este e, de se-lo caso, as condicións de idoneidade e prelación que darán orixe ás correspondentes clasificacións dos avaliados.

3. As avaliacións para a asignación dos cargos de xefe de unidade, centro ou organismo que se fixen e outros destinos de especial responsabilidade ou cualificación teñen por obxecto determina-la idoneidade dos interesados para exercelos e, de se-lo caso, a correspondente clasificación.

4. Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría tamén serán avaliados para contraeren novos compromisos ou para a resolución do que tivesen asinado.

Artigo 104. *Normas xerais.*

En cada avaliación analizaranse as circunstancias dos interesados nos aspectos da súa personalidade, condicións psicofísicas, competencia e actuación profesional relacionados co obxecto desta, considerando a seguinte documentación:

- a) O historial militar.
- b) A información complementaria achegada polo interesado por iniciativa propia sobre a súa actuación

profesional, que fose de interese e puidese non estar reflectida no seu historial militar.

c) As certificacións a que se refire a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

d) Calquera outro informe complementario que considere oportuno o órgano de avaliación.

Artigo 105. *Avaliacións para o ascenso e para a asistencia a determinados cursos de capacitación.*

As avaliacións para o ascenso e para a asistencia a determinados cursos de capacitación efectuaranse conforme o preceptuado no título seguinte desta lei, sobre ascensos de militares de carreira, militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Artigo 106. *Avaliacións extraordinarias para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais.*

Como consecuencia da declaración definitiva de non-aptitude para o ascenso, o xefe do Estado Maior do Exército correspondente ordenará a iniciación dun expediente para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais, para efectos da limitación para ocupar determinados destinos, do pase a retiro ou da resolución do compromiso, segundo corresponda. Así mesmo, o xefe do Estado Maior do exército correspondente poderá ordena-la iniciación do mencionado expediente como consecuencia dos informes persoais ós que se refire o artigo 99 desta lei.

Con tal finalidade constituirase unha xunta de avaliación específica e as conclusións desta serán elevadas ó xefe do Estado Maior do Exército correspondente, o cal, logo de informe do Consello Superior respectivo, lle presentará ó ministro de Defensa a proposta de resolución que proceda.

Artigo 107. *Avaliacións extraordinarias para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. Como consecuencia dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas e físicas ás que se refire o artigo 101, así como nos supostos previstos no artigo 157, ambos desta lei, poderase iniciar un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para efectos da limitación para ocupar determinados destinos, do pase a retiro ou da resolución do compromiso, segundo corresponda.

O expediente, no que constará o dictame do órgano médico pericial competente, será valorado por unha xunta de avaliación específica e elevado ó xefe do Estado Maior do exército correspondente, o cal propondrá ó ministro de Defensa a resolución que proceda.

2. Regulamentariamente determinaranse os procedementos para a tramitación dos expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas, que poidan dar lugar á limitación para ocupar determinados destinos, o pase a retiro ou, de se-lo caso, a resolución do compromiso, e os cadros de condicións psicofísicas que lle permitan ó órgano pericial competente emitilos dictames oportunos.

Artigo 108. *Órganos de avaliación.*

1. As avaliacións para o ascenso ó emprego de xeneral de brigada ou que afecten á categoría de oficiais xerais efectuarase o Consello Superior do exército correspondente. Nos demais casos corresponderá a xuntas de avaliación.

2. Regulamentariamente determinarase a composición, incompatibilidades e normas de funcionamento dos órganos de avaliación. En todo caso estarán constituídos

por persoal militar de maior emprego ou antigüidade cós avaliados.

3. O ministro de Defensa, por proposta dos xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, determinará con carácter xeral os méritos e aptitudes que os órganos de avaliación deben considerar de acordo coa finalidade desta, así como as normas obxectivas de valoración. Estas normas obxectivas, que conterán os coeficientes de valoración dos diferentes destinos, especialidades e títulos, publicaranse no Boletín Oficial do Ministerio de Defensa.

TÍTULO VIII

Réxime de ascensos

CAPÍTULO I

Ascensos dos militares de carreira

Artigo 109. *Normas xerais.*

Os ascensos dos militares de carreira produciranse ó emprego inmediato superior, con ocasión de vacante na escala correspondente e sempre que se reúnan as condicións establecidas nesta lei.

Artigo 110. *Sistemas de ascenso.*

1. Os sistemas de ascenso son os seguintes:

- a) Antigüidade.
- b) Selección.
- c) Elección.

2. Os ascensos polo sistema de antigüidade efectuaranse segundo a orde de escala, coas singularidades que se establecen no artigo seguinte.

3. No sistema por selección, unha porcentaxe das vacantes previstas para cada ciclo de ascensos cubrirase por orde de clasificación, unha porcentaxe dos avaliados quedará retida no emprego ata unha nova avaliación e o resto ascenderá por orde de escalafón.

A orde de clasificación será a obtida como consecuencia das avaliacións reguladas neste capítulo.

O número de vacantes para o ascenso que se cubrirán por orde de clasificación en cada escala e emprego das previstas para o ciclo de ascensos e o número dos retidos no seu emprego serán fixados polo ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente.

4. O ascenso polo sistema de elección concederase entre os militares de carreira do emprego inmediato inferior de acordo cos seus méritos e aptitudes.

Artigo 111. *Ascenso ós diferentes empregos.*

1. Efectuaranse polo sistema de antigüidade os ascensos ós empregos de comandante e capitán das escalas superiores de oficiais, de capitán e tenente das escalas de oficiais, de brigada e de sarxento primeiro.

No ascenso a comandante das escalas superiores de oficiais, a orde de escala será a que resulte da reordenación de cada unha das promocións polos procedementos de avaliación e clasificación que se establecen no artigo 115 desta lei.

2. Efectuaranse polo sistema de selección os ascensos ós empregos de coronel e tenente coronel das escalas superiores de oficiais, de comandante das escalas de oficiais e de subtenente.

3. Efectuaranse polo sistema de elección os ascensos ós empregos da categoría de oficiais xenerais, de coronel do corpo de músicas militares, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior.

Artigo 112. *Condicións para o ascenso.*

1. Para o ascenso a calquera emprego militar é preceptivo ter cumprido no emprego inferior o tempo de servicios, de función e, de se-lo caso, de mando que regulamentariamente se determinen para cada escala ou emprego. Para estes efectos enténdese como tempo de servicios o transcorrido na situación de servicio activo e nas demais situacións administrativas reguladas no título X desta lei en que así se especifica.

2. Para o ascenso ós empregos de xeneral de brigada e de comandante das escalas superiores de oficiais, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior é preceptivo, ademais, ter superado os cursos de capacitación para o desempeño dos cometidos destes empregos. Para asistir ós correspondentes a xeneral de brigada, a tenente coronel das escalas de oficiais e a suboficial maior será seleccionado un número limitado de concorrentes mediante os sistemas de avaliación regulados no artigo 116 desta lei. As convocatorias dos cursos para o ascenso ó emprego de comandante das escalas superiores de oficiais terán carácter xeral.

3. Para o ascenso a un emprego militar, ata o de xeneral de brigada inclusive, é condición indispensable ter sido avaliado da forma regulada nos artigos seguintes.

Artigo 113. *Avaliacións para o ascenso.*

1. As avaliacións para o ascenso realizaranse periodicamente e afectarán ós militares de carreira que se encontren nas zonas de escala que se determinen de conformidade cos artigos seguintes. Nos ascensos por elección e selección producirán efecto durante un ciclo de ascensos e nos de antigüidade ata que se conceda o ascenso correspondente, a non ser, en tódolos sistemas de ascenso, que sobreviñese algunha circunstancia que aconsellase avaliar de novo o afectado.

A duración normal dos ciclos de ascensos para os ascensos por elección e selección será dun ano. O ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente, poderá modificar esta duración.

2. Unha vez establecidas as zonas de escalafón para o ascenso, abrirase un prazo para que aqueles interesados que o desexen poidan solicita-la súa exclusión da avaliación. Os que renuncien a ser avaliados para o ascenso permanecerán no seu emprego ata o seu pase á situación de reserva, non poderán ser designados para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego e terán limitación para ocupar determinados destinos de acordo coas normas sobre provisión de destinos ás que se refire o número 3 do artigo 129 desta lei.

Artigo 114. *Avaliacións para o ascenso por elección.*

1. Serán avaliados para o ascenso por elección ós empregos de xeneral de brigada, de coronel do corpo de músicas militares, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior tódolos do emprego inmediato inferior que reúnan ou poidan reunir durante o ciclo de ascensos as condicións establecidas no artigo 112 desta lei.

2. O ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente, poderá limita-lo número dos avaliados a unha cifra que, como mínimo, sexa tres veces a das vacantes previstas para o ciclo. Igualmente, poderá determina-lo número máximo

de ciclos en que se pode ser avaliado para o ascenso por elección.

3. A avaliación especificará as condicións de prelación e idoneidade para o desempeño dos cometidos do emprego superior de tódolos avaliados.

A avaliación para o ascenso a xeneral de brigada será realizada polo Consello Superior do exército correspondente e elevada ó ministro de Defensa polo xefe do Estado Maior do exército respectivo, quen engadirá o seu propio informe.

As avaliacións para os ascensos ós empregos de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior serán realizadas por xuntas de avaliación e, unha vez informadas polo Consello Superior correspondente, elevadas ó xefe do Estado Maior do exército respectivo. De forma semellante se actuará en relación coas avaliacións para o ascenso ó emprego de coronel do corpo de músicas militares, tendo en conta as competencias que ó respecto se establecen no artigo 9 desta lei.

Artigo 115. Avaliacións para o ascenso por selección e antigüidade.

1. Serán avaliados para o ascenso polos sistemas de selección e antigüidade os que reúnan ou poidan reunir, antes do inicio do ciclo de ascensos no caso do sistema de selección e antes de que se produza a vacante que puidese dar orixe ó ascenso no caso do sistema de antigüidade, as condicións establecidas no artigo 112 desta lei e se encontren na zona de escalafón de cada emprego e escala determinada polo ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente. Nas avaliacións para o ascenso por selección, a relación entre o número de avaliados en cada ciclo e o de vacantes previstas para o mesmo normalmente será entre un e tres. Nas avaliacións para o ascenso por antigüidade o número de avaliados será aquel que permita cubrir as vacantes previstas. As avaliacións para o ascenso a comandante das escalas superiores de oficiais efectuaranse por promocións.

2. A avaliación especificará a aptitude ou, motivándoa, a non-aptitude dos avaliados para o ascenso. Se se trata de ascensos por selección ou por antigüidade con reordenación de promocións, tamén especificará as condicións de prelación e idoneidade para o desempeño dos cometidos do emprego superior que determinarán, en consecuencia, a clasificación dos avaliados. No ascenso por antigüidade con reordenación de promocións, unha vez obtida a clasificación dos avaliados de acordo cos seus méritos, a promoción dividirase en polo menos tres grupos, todos iguais, incluíndose, de se-lo caso, o resto no primeiro, restablecéndose posteriormente en cada un deles a orde relativa de escalafón inicial dos seus compoñentes, o que dará lugar á orde en que se producirán os ascensos.

Unha vez emitido informe sobre a avaliación polo Consello Superior correspondente, será elevada ó xefe do Estado Maior do exército respectivo, quen, tendo en conta ademais a súa propia valoración, declarará a aptitude ou non-aptitude dos avaliados para o ascenso de acordo co que se establece no artigo 119 desta lei. Así mesmo, aprobará, se se trata de ascensos por selección, a relación dos que ascenden por orde de clasificación e a dos que quedan retidos no seu emprego por primeira vez, e se se trata de ascensos por antigüidade con reordenación de promocións, a nova ordenación da promoción que teña sido avaliada de conformidade co establecido no parágrafo anterior.

3. Se un militar de carreira é retido por segunda vez na avaliación para o ascenso polo sistema de selección ó mesmo emprego, o xefe do Estado Maior do Exército correspondente elevará proposta ó ministro de

Defensa, quen, se procede, declarará o afectado retido no seu emprego con carácter definitivo.

4. Os militares de carreira que, no ascenso por selección, sexan retidos con carácter definitivo no seu emprego, non volverán ser avaliados, permanecerán no que tivesen ata o seu pase á situación de reserva, non poderán ser designados para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego e terán limitación para ocupar determinados destinos de acordo coas normas sobre provisión de destinos ás que se refire o número 3 do artigo 129 desta lei.

Artigo 116. Avaliacións para asistir a determinados cursos de capacitación.

Existirán avaliacións para seleccionalos asistentes ós cursos de capacitación para o desempeño dos cometidos na categoría de oficiais xenerais e nos empregos de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior, no número que será fixado previamente polo ministro de Defensa. A relación dos propostos será sometida a informe polo Consello Superior respectivo e elevada ó xefe do Estado Maior do exército correspondente, quen aprobará con carácter definitivo os que deben asistir ós cursos de capacitación para o ascenso ós empregos de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior. No caso correspondente á categoría de oficiais xenerais presentaralla ó ministro de Defensa, a quen lle corresponde aprobar con carácter definitivo os que deben asistir ó citado curso.

Artigo 117. Vacantes para o ascenso.

1. Daranse ó ascenso as vacantes que se produzan nos distintos empregos de cada escala por algún dos seguintes motivos:

- a) Ascenso.
- b) Incorporación a outra escala militar.
- c) Pase ás situacións de servizos especiais, de excedencia voluntaria e de suspenso de emprego.
- d) Pase á situación de reserva ou a retiro, no caso de que se faga desde as situacións de servizo activo ou suspenso de funcións.
- e) Perda da condición de militar de carreira.
- f) Permanencia como prisioneiro ou desaparecido durante un período de polo menos dous anos.
- g) Falecemento ou declaración de falecido.

Tamén poderán darse ó ascenso as vacantes existentes no cadro de persoal adicional de oficiais xenerais a que se refire o artigo 18 desta lei.

2. Cando se produza unha vacante considerarase como data desta a do día que produza efectos o acto administrativo que a ocasionou. Cando a dita vacante dea lugar a ascensos nos empregos inferiores, a data de antigüidade coa que se conferirán os novos empregos será a mesma para todos eles e determinarase segundo o establecido no número 3 do artigo 16 desta lei.

3. Non obstante o disposto no número 1 deste artigo, correspóndelle ó Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, a decisión de dar ó ascenso as vacantes que se produzan nos empregos da categoría de oficiais xenerais, e ó ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente, a de dar ó ascenso as dos empregos de coronel do corpo de músicas militares, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior. Nestes supostos non se poderá conceder ningún efecto con data anterior á da concesión do emprego correspondente.

Artigo 118. Concesión dos ascensos.

1. Os ascensos ós empregos da categoría de oficiais xenerais concederanse por real decreto acordado no

Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, quen para efectuala oirá o xefe do Estado Maior do exército correspondente. Nos ascensos a xeneral de brigada, ademais, valorará as avaliacións reguladas no artigo 114 desta lei.

2. A concesión dos ascensos ós empregos de coronel do Corpo de Músicas Militares, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior é competencia do ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente, quen para efectuala valorará as avaliacións reguladas no artigo 114 desta lei e o informe do Consello Superior respectivo.

3. Os ascensos polo sistema de selección serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente. Produciranse, en primeiro lugar, seguindo a orde de clasificación ata completa-lo número de vacantes ó que se refire o número 3 do artigo 110 desta lei. Os demais ascensos produciranse a continuación seguindo a orde de escalafón, salvo os que quedasen retidos no seu emprego.

4. Os ascensos polo sistema de antigüidade serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente. Produciranse seguindo a orde de escalafón, tendo en conta, no caso do ascenso ó emprego de comandante das escalas superiores de oficiais, a reordenación por promocións a que se refire o número 1 do artigo 111 e a orde para o ascenso da promoción que fose avaliada, establecida de acordo co número 2 do artigo 115, ambos desta lei.

Artigo 119. *Declaración de non-aptitude para o ascenso.*

1. A declaración de non-aptitude para o ascenso por primeira vez do militar de carreira, baseada nas avaliacións reguladas no artigo 115 desta lei, é competencia do xefe do Estado Maior do exército correspondente. Os que sexan declarados non aptos para o ascenso por primeira vez non poderán ascender ata que sexan novamente avaliados.

2. Se un militar de carreira é declarado non apto por segunda vez na avaliación para o ascenso ó mesmo emprego, o xefe do Estado Maior do exército correspondente elevará proposta ó ministro de Defensa, quen, se procede, declarará o afectado non apto para o ascenso con carácter definitivo.

3. Os militares de carreira que sexan declarados con carácter definitivo non aptos para o ascenso permanecerán no seu emprego ata o seu pase á situación de reserva, non poderán ser designados para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego e terán limitación para ocupar determinados destinos de acordo coas normas sobre provisión de destinos ás que se refire o número 3 do artigo 129 desta lei, salvo que da resolución que se adopte no expediente regulado no artigo 106 desta lei se derive o pase a retiro.

4. Se un militar de carreira nunha avaliación é declarado non apto e noutra retido, ou viceversa, ambas para o ascenso polo sistema de selección a un mesmo emprego, o xefe do Estado Maior do Exército correspondente elevará proposta ó ministro de Defensa para declara-lo afectado retido no seu emprego con carácter definitivo, séndolle de aplicación, caso de ser aprobada, o establecido no número 4 do artigo 115 desta lei.

CAPÍTULO II

Ascensos dos militares de complemento

Artigo 120. *Avaliacións e ascenso ó emprego de tenente.*

O ascenso dos militares de complemento ó emprego de tenente será concedido polo xefe do Estado Maior

do exército correspondente e producirase polo sistema de antigüidade regulado no número 2 do artigo 110 e en aplicación do número 4 do artigo 118, ambos desta lei, sendo preceptivo o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Existencia de vacante no emprego de tenente nos cadros de persoal para militares de complemento vixentes en cada corpo ou escala ó que estean adscritos.
- b) Ter cumpridos os tempos de servicios, de función e, de se-lo caso, de mando no emprego de alférez que se determinen regulamentariamente.
- c) Que fose avaliado e declarado apto para o ascenso por antigüidade da forma regulada no artigo 115 desta lei.
- d) Que ascendesen os alféreces da mesma antigüidade do corpo ou escala ó que estean adscritos.

Se nas avaliacións se producen dúas declaracións de non-aptitude para o ascenso, o interesado non volverá ser avaliado e permanecerá no emprego de alférez ata a finalización ou resolución do seu compromiso, sen que poida asinar un novo.

Artigo 121. *Avaliacións e ascenso ó emprego de capitán.*

O ascenso dos tenentes militares de complemento ó emprego de capitán será concedido polo Ministerio de Defensa e producirase polo sistema de elección regulado no número 4 do artigo 110 e en aplicación do número 2 do artigo 118, ambos desta lei, sendo preceptivo o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Existencia de vacante no emprego de capitán nos cadros de persoal para militares de complemento vixentes en cada corpo ou escala ó que estean adscritos.
- b) Ter cumpridos os tempos de servicios, de función e, de se-lo caso, de mando no emprego de tenente que se determinen regulamentariamente.
- c) Que fose avaliado para o ascenso por elección da forma regulada para tenentes coroneis das escalas de oficiais e suboficiais maiores no artigo 114 desta lei.

CAPÍTULO III

Ascensos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría

Artigo 122. *Normas xerais.*

1. Os ascensos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría ó emprego inmediato superior produciranse polos sistemas de concurso, concurso-oposición e elección regulados neste capítulo, sendo preceptivo o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Existencia de vacante no cadro de persoal da súa especialidade ou agrupación de especialidades.
- b) Ter cumpridos os tempos de servicios que se determinan neste capítulo.
- c) Que se lle avaliasse e declarase apto para o ascenso da forma que regulamentariamente se determine.
- d) Ter superado, de se-lo caso, o curso de capacitación para o emprego superior.

2. Os ascensos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente.

Artigo 123. *Ascenso ó emprego de cabo.*

O ascenso a cabo producirase polo sistema de concurso ou concurso-oposición, naquelas prazas que se

convoquen en cada exército para cada unha das especialidades ou agrupación de especialidades. As prazas ofertaranse con carácter xeral.

Os interesados poderán presentarse a un máximo de tres convocatorias para o ascenso a cabo, sempre que teñan cumpridos, polo menos, tres anos de tempo de servicios e reúnan os requisitos esixidos nas respectivas convocatorias.

O ministro de Defensa aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ó concurso ou concurso-oposición. Entre os citados requisitos poderase incluír un curso de capacitación, en función do ensino recibido previamente para a adquisición da especialidade.

O ascenso a cabo producirase con ocasión de vacante nas diferentes especialidades ou agrupación de especialidades ás que se refire o parágrafo primeiro deste artigo, tendo en conta, para efectos da ordenación citada no número 5 do artigo 16 desta lei, a orde resultante das puntuacións obtidas no concurso ou concurso-oposición e, de se-lo caso, no curso de capacitación. Tamén se valorarán as cualificacións obtidas no ensino de formación para a adquisición da especialidade.

Artigo 124. *Ascenso ó emprego de cabo primeiro.*

O ascenso a cabo primeiro producirase, tras superar un curso de capacitación, con ocasión de vacante na correspondente especialidade ou agrupación de especialidades de cada exército.

Os concorrentes ó citado curso serán seleccionados polos sistemas de concurso ou concurso-oposición entre os interesados que teñan cumpridos, polo menos, dous anos de tempo de servicios no emprego de cabo e reúnan os demais requisitos esixidos nas respectivas convocatorias. O número máximo de convocatorias ó que se poderá optar será de tres.

A orde na que se producirán os correspondentes ascensos en cada especialidade ou agrupación de especialidades será o que resulte, de acordo co que se establece regulamentariamente, das puntuacións obtidas no concurso ou concurso-oposición e no curso de capacitación.

O ministro de Defensa aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ó concurso ou concurso-oposición.

Artigo 125. *Ascenso ó emprego de cabo maior.*

O ascenso a cabo maior producirase polo sistema de elección regulado para os militares de carreira, entre os cabos primeiros que contén cun mínimo de tres anos de tempo de servicios no emprego e que mantivesen unha relación de servicios de carácter permanente, polo menos, durante tres anos.

Para o ascenso será preceptivo ter superado o correspondente curso de capacitación, para o que será seleccionado un número limitado de concorrentes, que será fixado previamente polo xefe do Estado Maior de cada exército. Sobre a relación dos propostos emitirá informe unha xunta de avaliación e será elevada ó xefe do Estado Maior do exército correspondente, quen aprobará, con carácter definitivo, os que deben asistir ó citado curso.

O ascenso a cabo maior producirase con ocasión de vacante na correspondente especialidade ou agrupación de especialidades de cada exército, logo de avaliación dos cabos primeiros que reúnan as condicións para iso, sendo de aplicación o previsto no número 2 do artigo 114 desta lei.

TÍTULO IX

Provisión de destinos

Artigo 126. *Destinos.*

O militar profesional poderá ocupar destinos nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, así como nos seus órganos directivos e, no caso de que se trate de postos orgánicos relacionados especificamente coa defensa, en organizacións internacionais, na Presidencia do Goberno ou noutros departamentos ministeriais. Tamén terá consideración de destino a participación do militar profesional en misións para manter a paz e seguridade internacionais, se non o tivese ou cesase no de orixe.

Artigo 127. *Persoal militar na Casa da Súa Maxestade El-Rei.*

Os militares profesionais que pasen a prestar servicios na Casa da Súa Maxestade El-Rei serán nomeados e relevados conforme o previsto no número 2 do artigo 65 da Constitución.

Artigo 128. *Clasificación dos destinos.*

1. Os destinos, segundo a súa forma de asignación, son de libre designación, de concurso de méritos e de provisión por antigüidade.

2. Son destinos de libre designación aqueles para os que se precisan condicións persoais de idoneidade, que valorará a autoridade facultada para concedelos, entre os que cumpran os requisitos esixidos para o posto.

3. Son destinos de concurso de méritos aqueles que se asignan avaliando os méritos que se posúan en relación cos requisitos esixidos para o posto.

4. Son destinos de provisión por antigüidade os que se asignan por este criterio, entre os interesados que cumpran os requisitos esixidos para o posto.

Artigo 129. *Normas sobre provisión de destinos.*

1. Os destinos correspondentes ós empregos da categoría de oficiais xenerais, de coronel do corpo de músicas militares, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior serán de libre designación, e os dos demais empregos poderán ser de libre designación, concurso de méritos ou provisión por antigüidade.

2. As vacantes de destinos publicaranse no Boletín Oficial do Ministerio de Defensa, facendo consta-la denominación específica do posto ou a xenérica da unidade, centro ou organismo correspondente, as súas características, a forma de asignación, os requisitos que se esixan para a súa ocupación e os prazos para a presentación de solicitudes, así como os supostos nos que deberá existila avaliación previa á que se refire o número 3 do artigo 103 desta lei. Os destinos de libre designación e aqueles outros que regulamentariamente se determinen poderán outorgarse sen publicación previa da vacante correspondente.

Entre os requisitos esixidos para ocupar determinados destinos poderanse incluír límites de idade ou condicións psicofísicas especiais, que serán acreditadas en función do expediente ó que fai referencia o artigo 101 desta lei, sen distinción ningunha por razón de sexo.

3. Regulamentariamente determinaranse as normas xerais de clasificación e provisión de destinos, que incluírán o tempo mínimo e, de se-lo caso, máximo de permanencia nos destinos e os procedementos de asignación en ausencia de peticionarios, atendendo ás características da vacante e ós historiais militares dos que

poidan ser destinados. De igual forma se establecerán as limitacións para ocupar determinados destinos de quen permaneza ou quede retido no seu emprego, segundo o establecido nos números 2 do artigo 69, 2 do artigo 113 e 4 do artigo 115 desta lei, sexa declarado, con carácter definitivo, non apto para o ascenso ou avaliado con insuficiencia de condicións psicofísicas, cesando no que tivese se o interesado estivese incurso nalgunha das citadas limitacións.

4. Os destinos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría durante o compromiso inicial axustaranse ó que se especifique neste. Nos sucesivos compromisos estarase suxeito ás normas xerais de provisión de destinos, sen prexuízo do establecido no número 5 do artigo 95 desta lei.

Artigo 130. Nomeamentos, destinos e cesamentos de oficiais xenerais.

1. Os nomeamentos e cesamentos dos cargos correspondentes ós oficiais xenerais de emprego tenente xeneral e xeneral de división, xefes da forza e do apoio á forza, directamente dependentes dos respectivos xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e os comandantes en xefe dos mandos operativos que, cos mesmos empregos, estean subordinados directamente ó xefe do Estado Maior da Defensa, así como os cargos correspondentes a xenerais de división dos corpos comúns das Forzas Armadas que por acordo do Consello de Ministros se determinen, efectuaranse por real decreto, acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

2. O nomeamento dos demais cargos correspondentes a oficiais xenerais e a asignación de tódolos destinos desta categoría, así como os cesamentos, son competencia do ministro de Defensa.

Artigo 131. Asignación de destinos.

A asignación dos destinos de libre designación correspóndelle ó ministro de Defensa e os de concurso de méritos e de provisión por antigüidade ó subsecretario de Defensa, salvo os destinos do persoal dos exércitos a postos da estrutura orgánica destes, que corresponden, segundo ó que pertenza o destinado, ós xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

Artigo 132. Atención á familia.

Durante o período de embarazo, á muller militar profesional poderáselle asignar, por prescrición facultativa, un posto orgánico, adecuado ás circunstancias do seu estado, distinto do que estivese ocupando. Nos supostos de parto ou de adopción terase dereito ós correspondentes permisos, da nai ou do pai, de se-lo caso, conforme a lexislación vixente para o persoal ó servizo das administracións públicas. A aplicación destes supostos non suporá perda do destino.

Artigo 133. Cesamento nos destinos.

1. As normas xerais de provisión de destinos incluírán os motivos de cesamento neles. En todo caso, os destinos de libre designación poderán ser revogados libremente polo ministro de Defensa.

2. A facultade de cesar no seu destino a un militar profesional, cando aquel fose asignado por concurso de méritos ou por antigüidade, correspóndelle ó subsecretario de Defensa ou ós xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das competencias sinaladas no artigo 131 desta lei. O cesamento requirirá a audiencia previa do interesado, e as súas manifestacións constarán por escrito.

3. Os xefes de unidade, centro ou organismo poderán propo-lo cesamento no destino de calquera subordinado por falta de idoneidade no desempeño dos cometidos propios do seu destino, elevando por conducto regulamentario á autoridade que o conferiu informe no que se razoen as causas que motivan a proposta de cesamento. Este producirase, de se-lo caso, de acordo co establecido nos números anteriores.

4. A imposición de condena por sentenza firme que imposibilite para o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe suporá o cesamento neste desde o momento en que o Ministerio de Defensa tivese testemuño da resolución xudicial. Este cesamento será acordado polo ministro de Defensa.

Artigo 134. Asignación de destinos e cesamentos por necesidades do servizo.

O ministro de Defensa poderá destinar, acordalo cesamento nun destino ou denega-la súa adxudicación cando as necesidades do servizo o aconsellen.

Artigo 135. Carácter dos destinos.

1. Os destinos previstos especificamente para un emprego militar non poderán ser asignados a persoal con empregos superiores nin inferiores, a non ser, neste último caso, que a súa designación se efectúe en vacante de emprego inmediato superior, sen prexuízo do establecido no número 1 do artigo 14 desta lei. As funcións dun cargo ou posto vacante poderán ser exercidas con carácter interino ou accidental polo militar profesional ó que lle corresponda de acordo co que se determine regulamentariamente.

2. Os destinos dos militares de complemento serán indistintos para os empregos de tenente e alférez.

3. Os destinos do grao de soldado de primeira poderán se-los mesmos cóis de soldado.

Artigo 136. Nomeamentos, cesamentos e destinos no ámbito da xurisdicción militar.

Os nomeamentos, destinos e cesamentos de quen, no ámbito da xurisdicción militar, exerza funcións xudiciais, fiscais e de secretarios relatores efectuaranse segundo o previsto na Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdicción militar.

Artigo 137. Comisións de servizo.

Cando as necesidades do servizo o requiran, os militares profesionais poderán ser designados para realizan comisións de servizo de carácter temporal, conservando o seu destino, se o tivesen. A duración das comisións de servizo non poderá exceder dun ano.

TÍTULO X

Situacións administrativas

Artigo 138. Situacións administrativas.

1. Os militares profesionais estarán nalgunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servizo activo.
- b) Servizos especiais.
- c) Excedencia voluntaria.
- d) Suspenso de emprego.
- e) Suspenso de funcións.
- f) Reserva.

2. As situacións administrativas de servizos especiais e de reserva non son de aplicación ós militares de complemento e ós militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal.

Artigo 139. *Situación de servizo activo.*

1. Os militares profesionais estarán en situación de servizo activo se ocupan algún dos destinos a que se refiren os artigos 126 e 127 desta lei e non se encontran noutra das situacións administrativas reguladas neste título.

2. Tamén estarán nesta situación cando estean pendentes de asignación de destino por cesaren no que tiñan ou por procederen doutra situación administrativa. Nun prazo máximo de seis meses, se non lles correspondese o pase a outra situación administrativa, deberá asignárselles un destino.

3. Regulamentariamente determinarase o tempo que poderán permanecer na situación de servizo activo os prisioneiros e desaparecidos.

Artigo 140. *Situación de servizos especiais.*

1. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente pasarán á situación de servizos especiais cando:

a) Sexan elixidos polas Cortes Xerais para formaren parte dos órganos constitucionais ou outros a elección dos cales corresponda ás Cámaras.

b) Presten servizos no Tribunal Constitucional, Defensor do Pobo, Tribunal Supremo, Consello Xeral do Poder Xudicial ou Tribunal de Contas.

c) Presten servizos na Presidencia do Goberno ou nos gabinetes de ministros e secretarios de Estado en postos orgánicos non relacionados especificamente coa defensa.

d) Sexan nomeados membros das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais.

e) Sexan nomeados para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos, dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a normativa da respectiva Administración pública, estean asimilados en rango administrativo a subdirectores xerais.

f) Sexan autorizados polo ministro de Defensa para realizar unha misión por un período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

g) Sexan autorizados polo ministro de Defensa a participar no desenvolvemento de programas específicos de interese para a defensa en organismos, entidades ou empresas alleos ó Ministerio de Defensa.

h) Adquiran a condición de persoal estatutario permanente do Centro Superior de Información da Defensa.

2. O tempo permanecido na situación de servizos especiais será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

3. O militar profesional en situación de servizos especiais poderá ascender se ten cumpridos en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa os tempos de función e, de se-lo caso, de mando ós que se refire o artigo 112 desta lei, así como os demais requisitos esixidos ós membros da súa escala ou categoría.

4. Durante o tempo de permanencia na situación de servizos especiais, o militar profesional deixará de estar suxeito ó réxime xeral de dereitos e obrigas do

persoal das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, agás no suposto establecido na letra g) do punto 1 deste artigo. No suposto da letra h) do número 1 deste artigo estará sometido ó réxime de persoal do Centro Superior de Información da Defensa.

Artigo 141. *Situación de excedencia voluntaria.*

1. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente pasarán á situación de excedencia voluntaria cando:

a) Sexan designados como candidatos a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou resultasen elixidos nelas.

b) Sexan nomeados ministros, secretarios de Estado, subsecretarios, secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais, así como delegados do Goberno ou membros dos Consellos de Goberno ou cargos asimilados en rango administrativo ós anteriormente citados das comunidades autónomas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

c) Se encontren en situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou de xustiza ou pasen a prestar servizos en organismos, entidades ou empresas do sector público.

Para poder optar a isto, será condición ter cumprido o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría, respectivamente, ou desde que ultimasen os cursos de perfeccionamento ou de altos estudos militares que para estes efectos fosen fixados polo ministro de Defensa. En ámbolos supostos, o tempo que se fixe, que gardará unha proporción adecuada ós custos e duración dos estudos realizados e terá presente as necesidades do planeamento da defensa militar, non poderá ser superior a dez anos.

d) O soliciten por interese particular, sempre que cumprisen o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría, respectivamente, ou desde que ultimasen os cursos de perfeccionamento ou de altos estudos militares que para estes efectos fosen fixados polo ministro de Defensa. En ámbolos supostos, o tempo que se fixe, que gardará unha proporción adecuada ós custos e duración dos estudos realizados e terá presente as necesidades do planeamento da defensa militar, non poderá ser superior a doce anos.

e) O soliciten para atende-lo coidado dos fillos, por natureza ou adopción. Neste suposto terán dereito a un período de excedencia voluntaria non superior a tres anos para atende-lo coidado de cada fillo, contado desde a data de nacemento deste. Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, de se-lo caso, porá fin ó que viñesen disfrutando. Este dereito non poderá ser exercido polo pai e a nai simultaneamente.

f) Ingresen por acceso directo como alumnos dos centros docentes de formación das Forzas Armadas.

2. Os supostos definidos nas letras a), e) e f) do punto 1 deste artigo tamén serán de aplicación ós militares de complemento e ós militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal.

3. O militar profesional que pase á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na letra a) do punto 1 deste artigo reintegrarase á situación de servizo activo se non resultase elixido ou ó remate do seu mandato.

4. O militar profesional que pase á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na letra b) do punto 1 deste artigo pasará á situación de servizo activo ó cesar nos cargos mencionados nela.

5. O militar profesional que pase á situación de excedencia voluntaria pola causa definida na letra f) do punto 1 deste artigo reintegrarase á situación de servizo activo se causa baixa no centro antes de acceder á nova escala.

6. Na situación de excedencia voluntaria non se poderá permanecer menos de dous anos, sen prexuízo do establecido nos puntos 3, 4 e 5 deste artigo.

O militar profesional que solicite o pase á situación de excedencia voluntaria pola causa da letra e) do número 1 deste artigo poderá facelo polo tempo que coide oportuno, co límite máximo de tres anos.

7. Transcorridos os dous primeiros anos na situación de excedencia voluntaria, o interesado permanecerá na escala ou ordenación correspondentes no posto que ocupe nese momento e non será avaliado para o ascenso. O cesar nela finalizará a inmovilización, pero a perda de postos será definitiva. Se se lle concedese esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que tiver na escala ou ordenación correspondentes no momento da concesión.

A inmovilización na escala ou ordenación correspondentes e as demais consecuencias reguladas neste punto non se aplicarán no suposto da letra e) do punto 1 deste artigo.

8. O militar profesional poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia na situación de excedencia voluntaria, sempre que teña cumpridos, en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa, os tempos de función e, de se-lo caso, de mando ós que se refire o artigo 112 desta lei, así como os demais requisitos que se esixan ós membros da súa escala ou categoría.

9. O tempo permanecido na situación de excedencia voluntaria non será computable para efectos de tempo de servizos, vencemento do compromiso, trienios e dereitos pasivos, agás no suposto da letra f) do punto 1 deste artigo. No caso das letras a), b) e e) do citado punto só será computable para efectos de trienios e de dereitos pasivos.

Os que permanezan en situación de excedencia voluntaria en aplicación do previsto nas letras a) e b) do punto 1 deste artigo terán dereito a percibir, durante o tempo no que desempeñen cargo público, o importe dos trienios que lles correspondan.

10. O militar profesional que pase á situación de excedencia voluntaria polos supostos das letras a), b), c) e d) do punto 1 deste artigo deixará de estar suxeito ó réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal das forzas armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Artigo 142. *Situación de suspenso de emprego.*

1. Os militares profesionais pasarán á situación de suspenso de emprego por algunha das seguintes causas:

a) Condena, en sentenza firme, á pena de prisión do Código penal militar ou do Código penal, neste último caso mentres se encontre privado de liberdade e sen prexuízo do disposto na Lei orgánica de réxime disciplinario das forzas armadas; ou ás penas, principal ou accesoria, de suspensión de emprego ou cargo público.

b) Imposición de sanción disciplinaria extraordinaria de suspensión de emprego.

2. O militar profesional que pase á situación de suspenso de emprego pola causa definida na letra a) do número anterior quedará privado do exercicio das súas funcións, cesando no seu destino, durante o tempo en

que se execute a pena privativa de liberdade ou a de suspensión de emprego ou cargo público, ata a total extinción destas.

A suspensión de emprego polo suposto definido na letra b) do punto anterior producirá os efectos previstos na Lei orgánica de réxime disciplinario das forzas armadas, cesando o afectado no destino só cando a sanción imposta fose por un período superior a seis meses.

3. Os militares profesionais tamén poderán pasar á situación de suspenso de emprego cando o acorde o ministro de Defensa, á vista da sentenza en que se impuxese a pena de inhabilitación especial para profesión, oficio ou calquera outro dereito, cando esta inhabilitación impida ou diminúa o exercicio da súas funcións.

4. O militar profesional que pase á situación de suspenso de emprego, calquera que fose a causa que o motive, permanecerá na escala ou ordenación correspondentes no posto que ocupe nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ó cesar nela finalizará a inmovilización, sendo definitiva a perda de postos.

O tempo permanecido na situación de suspenso de emprego non será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

5. O militar profesional que pase á situación de suspenso de emprego polo suposto definido na letra b) do número 1 deste artigo, se a sanción disciplinaria extraordinaria executada fose posteriormente revogada con carácter definitivo, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu destino, se ó seu dereito lle conviñer, recuperará a súa situación na escala ou ordenación correspondentes, incluído o ascenso que puidese corresponderlle, e o tempo transcorrido nesta situación seralle computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

Artigo 143. *Situación de suspenso de funcións.*

1. O pase á situación de suspenso de funcións do militar profesional poderase acordar como consecuencia do procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar contra o imputado nun procedemento penal ou pola incoación dun expediente gubernativo.

2. O ministro de Defensa, valorando a gravidade dos feitos imputados, a existencia ou non de prisión preventiva, o prexuízo que a imputación infira ó réxime das Forzas Armadas ou a alarma social producida, poderá acordala suspensión no exercicio das súas funcións, determinando expresamente se esta suspensión leva consigo o cesamento no destino. O militar profesional en situación de suspenso de funcións permanecerá inmovilizado no posto que ocupe na escala ou ordenación correspondentes. De igual forma actuará en relación co militar profesional ó que lle sexa incoado un expediente gubernativo.

O período máximo de permanencia nesta situación será de seis meses ou o de duración da prisión preventiva, no caso de que o acordase a autoridade xudicial nalgún momento do procedemento e fose superior a seis meses.

3. No suposto de cesamento na situación de suspenso de funcións por levantamento da prisión preventiva, o ministro de Defensa poderá acordar, por resolución motivada na que terán que valorarse os feitos imputados, a transcendencia social e o interese do servizo, a prohibición de solicitar e obter destino por un período de tempo que non poderá exceder do momento de dictarse sentenza firme ou auto de sobresemento.

4. O tempo permanecido na situación de suspenso de funcións só será computable para efectos de trienios e dereitos pasivos. En caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do expediente gubernativo sen declaración de responsabi-

lidade, será repostado no seu destino se ó seu dereito lle conviñer, recuperará a súa situación na escala ou ordenación correspondentes, incluído o ascenso que puidese corresponderlle, e o tempo transcorrido seralle computable como tempo de servizos.

Cando o período de tempo permanecido na situación de suspenso de funcións sexa superior á duración da condena por sentenza firme ou da sanción disciplinaria por expediente gubernativo, a diferenza seralle computable como tempo de servizos.

5. A suspensión de funcións acordada polas autoridades con potestade disciplinaria, segundo o previsto na Lei orgánica de réxime disciplinario das forzas armadas, non terá máis efectos có cesamento do militar inculpado no exercicio das súas funcións por un período máximo de tres meses.

6. Para os efectos dos cadros de persoal establecidos no título III desta lei, os militares profesionais na situación de suspenso de funcións contabilizarán de igual forma cós que se encontren na de servizo activo.

Artigo 144. *Situación de reserva.*

1. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente pasarán á situación de reserva ó cumpriren as idades que se sinalan a seguir:

a) Militares de carreira:

Xenerais de brigada, sesenta e tres anos.
Restantes empregos, sesenta e un anos.

Os tenentes xenerais e os xenerais de división pasarán directamente a retiro ó cumpriren a idade de sesenta e cinco anos.

Os oficiais xenerais que alcanzasen o emprego de xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire pasarán directamente a retiro ó cumpriren a idade de sesenta e cinco anos, sen prexuízo do establecido no artigo 13 desta lei.

b) Militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente:

Tódolos empregos, cincuenta e oito anos.

2. Os militares de carreira tamén pasarán á situación de reserva nos seguintes supostos:

a) Ó cumpriren catro anos de permanencia no emprego de xeneral de brigada, sete anos entre os empregos de xeneral de brigada e xeneral de división e dez anos entre os anteriores e o de tenente xeneral.

Tamén pasarán á situación de reserva os tenentes coroneis das escalas de oficiais e os suboficiais maiores ó cumpriren seis anos de permanencia no emprego. Os que ó lles corresponder pasar a esta situación contén con menos de cincuenta e seis anos de idade, farano na data en que cumplan esa idade.

A data de ascenso ós diferentes empregos, punto de partida para contabilizalos tempos de permanencia, será a do real decreto ou resolución polo que se conceden, agás que se faga constar unha posterior que se corresponda coa data do día seguinte a aquel en que se produza a vacante que orixine o ascenso.

b) Con excepción dos empregos da categoría de oficiais xenerais, de tenentes coroneis das escalas de oficiais e de suboficiais maiores, o día 15 do mes de xullo do ano en que se cumplan trinta e tres desde a obtención da condición de militar de carreira, os pertencentes ós corpos xerais, de Infantería de Mariña e de especialistas. Os que ó lles corresponder pasar a esta situación contén con menos de cincuenta e seis anos de idade, farano na data en que cumplan esa idade.

Para estes efectos e para contabilizalos trinta e tres anos desde a obtención da condición de militar de carreira, non se computarán os tempos que, con esta condición, se permanecese como alumno dos centros docentes militares de formación para acceder a unha escala de militares de carreira por promoción interna.

3. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente poderán pasar á situación de reserva por petición propia, nas cotas que autorice periodicamente o ministro de Defensa para os distintos empregos e escalas, de acordo coas previsións do planeamento da defensa militar, unha vez cumpridos vinte anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar de carreira ou desde o acceso á relación de servizos de carácter permanente, respectivamente.

Nas cotas establecidas no parágrafo anterior poderanse asignar prazas para os militares de carreira que permanezan ou queden retidos ou sexan declarados non aptos para o ascenso, en ámbolos casos con carácter definitivo.

4. Por decisión do Goberno, os oficiais xenerais tamén poderán pasar á situación de reserva, mediante real decreto, acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

5. O pase á situación de reserva producirase por resolución do ministro de Defensa, agás no suposto previsto no punto anterior, e causará o cesamento automático do interesado no destino ou cargo que ocupase, salvo nos casos que se determinen regulamentariamente, de acordo co previsto no punto 8 deste artigo.

6. O militar profesional que ó lle corresponder pasar á situación de reserva segundo o disposto neste artigo non conte con vinte anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría, pasará directamente a retiro.

7. Na situación de reserva non se producirán ascensos.

8. Regulamentariamente determinaranse os destinos que poderán ocupar os militares profesionais en situación de reserva, así como o seu carácter e réxime de asignación e permanencia. Igualmente, determinaranse as condicións e circunstancias nas que poderán ser designados para desempeñar comisións de servizo de carácter temporal.

O militar profesional en situación de reserva, destinado ou en comisión de servizo, exercerá a autoridade que lle corresponda de acordo co seu emprego e as funcións ás que se refire o artigo 10 desta lei, con exclusión do exercicio do mando no ámbito da forza.

9. Desde a situación de reserva poderase pasar ás de servizos especiais, excedencia voluntaria, suspenso de emprego e suspenso de funcións. O cesar nestas, o interesado reintegrarase á de reserva.

10. As retribucións do militar profesional en situación de reserva determinaranse nas normas que regulan o sistema retributivo do persoal das forzas armadas e estarán constituídas polas retribucións básicas e un complemento de dispoñibilidade.

Cando se pase á situación de reserva polas causas sinaladas nas letras a) e b) do número 2 deste artigo, conservaranse as retribucións do persoal en servizo activo ata cumpri-las idades determinadas, segundo emprego, no punto 1 deste artigo.

11. O tempo transcorrido na situación de reserva será computable para efectos de trienios e dereitos pasivos.

TÍTULO XI

Cesamento na relación de servicios profesionais**Artigo 145. *Pase a retiro.***

1. A relación de servicios profesionais coas forzas armadas cesa en virtude de retiro.

2. O retiro do militar de carreira e do militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servicios de carácter permanente declararase de oficio ou, de se-lo caso, por instancia de parte, nos seguintes supostos:

- a) Ó cumpri-la idade de sesenta e cinco anos, sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo 13 desta lei.
- b) Por aplicación do disposto no punto 6 do artigo 144 desta lei.
- c) Con carácter voluntario, nas condicións establecidas para a xubilación voluntaria na lexislación de clases pasivas do Estado.
- d) Por insuficiencia de condicións psicofísicas que implique inutilidade permanente para o servizo.
- e) Por insuficiencia de facultades profesionais.

Nos supostos das letras b) e e) o retiro terá a consideración de forzoso.

3. Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal poderán pasar a retiro por incapacidade permanente para toda profesión ou oficio, nos termos previstos na lexislación de clases pasivas do Estado.

4. Os militares profesionais retirados gozarán dos dereitos pasivos determinados na lexislación de clases pasivas do Estado, manterán os asistenciais e doutra orde recoñecidos nas leis, poderán usa-lo uniforme en actos militares e sociais solemnes e deixarán de estar suxeitos ó réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal das forzas armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Nos supostos en que un militar retirado estea incurso nalgunha das causas contidas nas letras b), c) e d) do número 1 do artigo seguinte, só manterá o dereito á súa permanencia no réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas nas condicións establecidas na súa normativa e os dereitos pasivos que lle correspondan.

Artigo 146. *Perda da condición de militar.*

1. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter permanente perderán a condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría, respectivamente, por algunha das causas seguintes:

- a) En virtude de renuncia, cos requisitos que se establecen no artigo seguinte.
- b) Perda da nacionalidade española.
- c) Pena principal ou accesoria de perda de emprego, de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público. O ministro de Defensa poderá conceder-lle a rehabilitación, por petición do interesado, de quen fose condenado a pena principal ou accesoria de inhabilitación especial para emprego ou cargo público ata tres anos, atendendo ás circunstancias e entidade do delicto cometido e sempre que se cumprise a pena.
- d) Sanción disciplinaria de separación do servizo que adquirise firmeza.

2. Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal perderán a condición de militar de complemento ou de militar profesional de tropa e mariñeiría, respectivamente, pola finalización do compromiso, agás que se asinase un novo, e pola resolución deste.

3. A perda da condición de militar de carreira, de militar de complemento e de militar profesional de tropa e mariñeiría, polas causas citadas nos puntos anteriores deste artigo, levará consigo a perda da condición de militar e producirá tódolos seus efectos, sen prexuízo do que se establece no título XIII desta lei.

4. A perda da condición de militar non suporá, en ningún caso, o pase do afectado a retiro. O tempo de servicios cumprido seralle considerado para efectos da determinación, no seu momento, da pensión que lle corresponda.

Artigo 147. *Renuncia á condición de militar.*

1. Para solicita-la renuncia á condición de militar polos militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter permanente, será necesario acreditar ter cumprido o tempo de servicios que regulamentariamente se determine ou, de non telo cumprido, resarcir economicamente ó Estado e efectuar un aviso previo de seis meses.

2. O tempo de servicios para solicita-la renuncia contabilizarase desde a adquisición da condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría, respectivamente, ou desde que ultimase os cursos de perfeccionamento ou de altos estudos militares que para estes efectos fosen fixados polo ministro de Defensa. En ámbolos supostos, o tempo estará en relación cos custos e duración dos estudos realizados, terá presentes as necesidades do planeamento da defensa militar e non poderá ser superior a dez anos.

3. As cantidades que se resarcirán economicamente ó Estado, en caso de solicita-la renuncia sen telo tempo de servicios cumprido, serán fixadas polo ministro de Defensa para cada proceso de formación para o acceso ás diferentes escalas e para os cursos de perfeccionamento ou de altos estudos militares, tendo en conta o tempo de servizo citado nos puntos anteriores e o custo da formación recibida. Igualmente, establecerá porcentaxes de redución desta indemnización de aplicación por períodos de tempo de servizo cumprido na data que teña efecto a renuncia. Esta non se poderá conceder ata que o interesado aboe a contía que se determine como indemnización.

Artigo 148. *Finalización e resolución do compromiso.*

1. A relación de servicios profesionais coas forzas armadas dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal cesa polo remate do compromiso, agás que se asinase un novo, e por resolución deste.

2. O compromiso contraído polo militar de complemento ou polo militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servicios de carácter temporal rematará na data de vencemento deste.

3. O compromiso contraído polo militar de complemento ou polo militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servicios de carácter temporal resolverase como consecuencia de:

- a) Perda da nacionalidade española.
- b) Condena por delicto doloso.
- c) Insuficiencia de facultades profesionais.

- d) Insuficiencia de condicións psicofísicas.
- e) Adquisición da condición de militar de carreira e, no caso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, a de militar de complemento ou o acceso a unha relación de servizos de carácter permanente.
- f) Ingreso nun centro de formación da Garda Civil.
- g) Ingreso en corpos ou escalas de funcionarios de calquera das administracións públicas, ou adquisición da condición de persoal laboral fixo de calquera organismo público. Para estes efectos, terán a mesma consideración o nomeamento como funcionario en prácticas e a designación para realiza-los períodos de proba nos procesos selectivos de persoal laboral.
- h) Cando se dea algunha das circunstancias polas cales un militar de carreira pasa, segundo o punto 1 do artigo 140 desta lei, á situación administrativa de servizos especiais.
- i) Ó cumprir trinta e oito anos o militar de complemento ou trinta e cinco anos o militar profesional de tropa e mariñeiría.
- j) A imposición de sanción disciplinaria extraordinaria por aplicación da Lei orgánica de réxime disciplinario das forzas armadas.
- k) A petición expresa do interesado por circunstancias extraordinarias e nas condicións que regulamentariamente se determine.
- l) A petición expresa do interesado, solicitándoo, polo menos, cun mes de antelación, unha vez cumprido o compromiso inicial e un mínimo de tres anos de tempo de servizos.

4. Se por algunha causa imputable ó interesado non se puidese cumprir-lo compromiso contraído polo militar de complemento ou polo militar profesional de tropa e mariñeiría, iniciárase expediente de resolución no que se determinará o resarcimento ó Estado ó que houber lugar. Esta indemnización, que estará en relación cos custos e duración dos estudos realizados, figurará no compromiso, de acordo co que se determine regulamentariamente, e non será de aplicación nos casos nos que o motivo da resolución sexa debido a insuficiencia de condicións psicofísicas.

5. O compromiso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría tamén se poderá resolver por aplicación do punto 1 do artigo 49 desta lei.

Artigo 149. *Vinculación honorífica.*

O militar profesional que cesase na súa relación de servizos profesionais coas forzas armadas por insuficiencia de condicións psicofísicas ocasionada en acto de servizo, ademais dos dereitos pasivos, asistenciais e doutra orde que teña recoñecidos nas leis, manterá, se o solicita, unha especial vinculación coas forzas armadas, mediante a súa adscrición con carácter honorífico á unidade militar que elixa, logo de conformidade do xefe do Estado Maior do Exército correspondente, e poderá asistir ós actos e cerimoniais militares nos que esta participe.

TÍTULO XII

Dereitos e deberes dos militares profesionais

CAPÍTULO I

Dereitos e deberes

Artigo 150. *Dereitos, liberdades e deberes.*

1. O réxime de dereitos, liberdades e deberes dos militares profesionais é o establecido na Constitución,

nas disposicións de desenvolvemento desta e, segundo o previsto na lei orgánica pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, nas reais ordenanzas para as forzas armadas.

2. Os militares profesionais están suxeitos ás leis penais e disciplinarias militares.

CAPÍTULO II

Consellos asesores de persoal

Artigo 151. *Consellos asesores de persoal.*

1. No ámbito do mando ou xefatura de persoal de cada exército existirá un consello asesor en materia de persoal para analizar e valora-las propostas ou suxestións formuladas polos militares profesionais referidas ó réxime de persoal e á condición de militar.

No ámbito da Dirección Xeral de Persoal da Subsecretaría de Defensa existirá un consello asesor, formado por persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.

2. O militar profesional poderá dirixirse directamente ó Consello Asesor de Persoal do seu exército respectivo, para presenta-las propostas ás que se refiere o punto anterior. Quedan excluídas desta vía peticións, queixas e recursos regulados no capítulo V deste título.

3. Regulamentariamente determinaranse a composición e o procedemento de elección dos membros dos citados consellos asesores, tendo en conta que deberán formar parte de cada un militares en servizo activo de tódalas categorías, corpos e escalas do respectivo exército ou do conxunto dos corpos comúns das Forzas Armadas.

4. Para tratar asuntos de xeral aplicación ó persoal das Forzas Armadas poderase convocar nunha reunión conxunta, da forma que regulamentariamente se determine, unha representación dos consellos asesores de persoal dos exércitos e dos corpos comúns das forzas armadas.

CAPÍTULO III

Retribucións, incompatibilidades e dispoñibilidade

Artigo 152. *Retribucións.*

1. O sistema retributivo dos membros das Forzas Armadas e o réxime de indemnizacións por razón do servizo serán os dos funcionarios civís da Administración do Estado, adaptados á estrutura xerarquizada das Forzas Armadas, ás peculiaridades da carreira militar e á singularidade dos cometidos que ten asignados.

O Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda e de Administracións Públicas, e por iniciativa do Ministerio de Defensa, efectuará as citadas adaptacións cando sexan necesarias, tendo en conta que por medio das retribucións complementarias se atenderán os problemas específicos derivados do exercicio da profesión militar, especialmente a responsabilidade, a dispoñibilidade permanente, a preparación técnica e as singularidades de determinados cometidos.

2. Para os únicos efectos retributivos e de fixación dos haberes reguladores para a determinación dos dereitos pasivos do persoal militar aplicaranse as seguintes equivalencias entre os empregos militares e os grupos de clasificación dos funcionarios ó servizo das administracións públicas:

Xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire a tenente: Grupo A.

Alférez e suboficial maior a sarxento: Grupo B.

Cabo maior a soldado con relación de servicios de carácter permanente: Grupo C.

Cabo primeiro a soldado con relación de servicios de carácter temporal: Grupo D.

3. Regulamentariamente determinaranse as retribucións complementarias dos diferentes empregos, así como as que correspondan ás distintas situacións administrativas.

Artigo 153. *Incompatibilidades.*

Os militares profesionais están sometidos ó réxime xeral sobre incompatibilidades establecido para o persoal ó servicio das administracións públicas e adaptado regulamentariamente á estrutura e funcións específicas das Forzas Armadas.

Artigo 154. *Dispoñibilidade.*

1. Os militares profesionais estarán en dispoñibilidade permanente para o servicio. O seu réxime de horario adaptarase ás necesidades operativas das unidades e ás de funcionamento dos centros e organismos.

2. Os militares profesionais teñen dereito a gozar dos permisos e licencias establecidos con carácter xeral para o persoal ó servicio das administracións públicas, coas adaptacións á estrutura e funcións específicas das Forzas Armadas que determine o ministro de Defensa.

As necesidades do servicio prevalecerán sobre as datas e duración dos permisos e licencias. Cando as circunstancias o esixan, o xefe da unidade, centro ou organismo correspondente poderá ordena-la incorporación ó destino.

CAPÍTULO IV

Protección social

Artigo 155. *Principios xerais.*

1. A protección social dos militares profesionais, incluída a asistencia sanitaria, estará cuberta polo réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

2. O réxime de clases pasivas do Estado aplicarase, con carácter xeral, ós militares profesionais que manteñan unha relación de servicios de carácter permanente.

3. Os militares profesionais que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal quedarán igualmente acollidos ó réxime de clases pasivas do Estado, durante a súa vixencia, nos termos seguintes:

a) Cando se inutilicen de forma que a incapacidade sexa permanente para toda profesión ou oficio, será acordado o seu retiro e causarán no seu favor a correspondente pensión ordinaria ou extraordinaria, segundo proceda.

b) Cando a inutilidade só sexa determinante de incapacidade permanente para a profesión militar, acordarase a resolución do compromiso e causarán no seu favor a indemnización, por unha soa vez, que se determine regulamentariamente, compatible coa protección por desemprego a que se refire o artigo 158 desta lei.

c) Cando falezan ou sexan declarados falecidos, causarán dereito a pensión a favor de familiares. A pensión poderá ser ordinaria ou extraordinaria, segundo proceda.

4. As correspondentes cotizacións someteranse á normativa vixente en cada momento e computaranse nos restantes réximes da Seguridade Social de acordo coas disposicións reguladoras do cómputo recíproco.

Artigo 156. *Sanidade militar.*

1. Con independencia da prestación sanitaria a que ten dereito o persoal militar pola súa pertenza ó réxime

especial da Seguridade Social das forzas armadas, correspóndelle á sanidade militar a asistencia sanitaria no ámbito loxístico-operativo e, consecuentemente, a que teña a súa causa en accidente en acto de servicio ou enfermidade profesional.

2. A sanidade militar será a única competente para determina-la existencia das condicións psicofísicas precisas para os efectos do establecido no punto 3 do artigo 63 e no punto 1 do artigo 83, así como para dictaminar sobre a insuficiencia temporal ou definitiva das ditas condicións ós fins de baixa temporal no servicio ou, de acordo co artigo 107, da limitación para ocupar determinados destinos, do retiro por inutilidade permanente para o servicio ou da resolución do compromiso, segundo corresponda.

Non obstante, no caso de que a baixa temporal se preveña inferior a un mes, o órgano competente para acordala poderá omiti-lo dictame da Sanidade Militar se existe informe do facultativo que corresponda no ámbito da prestación sanitaria mencionada no punto 1 do artigo anterior.

Artigo 157. *Insuficiencia temporal de condicións psicofísicas.*

1. Ó militar profesional que, como consecuencia dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 101 desta lei, lle sexa apreciada unha insuficiencia de condicións psicofísicas para o servicio, motivada por lesión ou enfermidade, que non resulte irreversible, permanecerá na situación administrativa na que se encontre.

2. Se o afectado é un militar de carreira ou un militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servicios de carácter permanente, no momento en que a insuficiencia citada no punto anterior se presume definitiva ou, en todo caso, transcorrido un período de dous anos desde que lle foi apreciada, iniciarase o expediente que se regula no artigo 107 desta lei. O afectado cesará no seu destino, se o tiver, e manterá a mesma situación administrativa ata o remate do referido expediente.

3. Se o afectado é un militar de complemento ou un militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servicios de carácter temporal, no momento en que a insuficiencia citada no punto 1 deste artigo se presume definitiva ou transcorrido un ano desde que lle foi apreciada ou ó remata-lo compromiso que teña asinado, iniciarase o expediente que se determina no artigo 107 desta lei. O afectado cesará no seu destino, se o tiver, e manterá a mesma situación administrativa, prorrogándose, de se-lo caso, o compromiso ata a conclusión do referido expediente.

Se non procedese o retiro e se resolvese o compromiso ou a súa prórroga por insuficiencia de condicións psicofísicas, o interesado pasará a recibir asistencia polo Sistema Nacional de Saúde, agás que esta non lle corresponda; neste caso será atendido pola sanidade militar ata a súa curación. Se continuase na situación de servicio activo, seranlle de aplicación as normas xerais sobre a sinatura de sucesivos compromisos da forma que regulamentariamente se estableza.

Artigo 158. *Protección por desemprego.*

Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal terán dereito á protección por desemprego de conformidade coa lexislación vixente.

CAPÍTULO V

Recursos e peticións

Artigo 159. *Recursos.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas nesta lei, os militares profesionais poderán interpor recurso de alzada.

2. Contra os actos e resolucións adoptados en exercicio das competencias atribuídas nesta lei polo Consello de Ministros e polo ministro de Defensa que non sexan resolución dun recurso de alzada, poderá interporse recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

3. Nos procedementos en materia de avaliacións, clasificacións, ascensos, destinos e recompensas a concesión das cales deba realizarse por solicitude do persoal das forzas armadas, se a Administración non notificase a súa decisión no prazo de tres meses ou, de se-lo caso, no establecido no correspondente procedemento, considerarase desestimada a solicitude, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

Artigo 160. *Dereito de petición.*

O militar poderá exercer-lo dereito de petición, individualmente, nos casos e coas formalidades que sinala a lei reguladora deste. O seu exercicio nunca poderá xerar recoñecemento de dereitos que non correspondan de conformidade co ordenamento xurídico.

Artigo 161. *Queixas.*

1. O militar profesional poderá presentar, no ámbito da súa unidade, centro ou organismo, queixas relativas ó réxime de persoal e ás condicións de vida en buques, bases e acuartelamentos, sempre que non presentase anteriormente recurso co mesmo obxecto e de acordo co previsto no artigo 159 desta lei.

2. As queixas presentaranse seguindo o conducto regulamentario, pero, se non se considerasen suficientemente atendidas, poderán presentarse directamente ante o mando de persoal do Exército correspondente e, en última instancia, ante os órganos de inspección da Subsecretaría de Defensa a que se refire o artigo 6 da presente lei.

3. Se, de acordo cos prazos e o procedemento que regulamentariamente se determine, as queixas presentadas conforme o disposto no punto anterior se seguisen considerando insuficientemente atendidas, poderase interpo-lo recurso que proceda de conformidade co previsto no artigo 159 desta lei.

Artigo 162. *Defensor do Pobo.*

O militar profesional poderá dirixirse individual e directamente ó Defensor do Pobo, de acordo co previsto na Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril.

TÍTULO XIII

Achega suplementaria de recursos humanos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 163. *Reservistas.*

1. O termo reservistas comprende os españois que, nas circunstancias determinadas no número 2 do arti-

go 4 desta lei e nas condicións que se establecen nos artigos seguintes, poden ser chamados a incorporarse ás Forzas Armadas para satisfacer as necesidades da defensa nacional.

En función da súa procedencia e coas características que se definen neste título, clasifícanse nos seguintes grupos:

a) Reservistas temporais, que son os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal ó finalizaren o seu compromiso, así como os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente que renunciaren á súa condición de militar segundo o establecido no artigo 147 desta lei.

b) Reservistas voluntarios, que son os españois que resulten seleccionados para adquirir tal condición ó optaren ás prazas que se convoquen para o efecto.

c) Reservistas obrigatorios, que son os españois que sexan declarados como tales por decisión do Goberno.

2. As causas derivadas de manter obrigas familiares de carácter excepcional daqueles reservistas que constitúan o sostén económico ou persoal da súa familia, así como aquelas outras de carácter persoal, profesional ou doutra índole que permitan suspender a súa incorporación, estableceranse regulamentariamente.

Artigo 164. *Criterios para a incorporación de reservistas temporais e voluntarios ás Forzas Armadas.*

1. Correspóndelle ó Goberno, por proposta do ministro de Defensa, autoriza-la incorporación de reservistas para prestar servizo nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa. A autorización deberá especifica-la contía de efectivos, o tipo de reservistas ó que afecta, o prazo para efectua-las operacións necesarias para as incorporacións e o tempo máximo de permanencia en situación de reservista activado.

2. As modalidades para incorporar reservistas temporais e voluntarios ás Forzas Armadas terán o seguinte carácter:

a) Selectivo, coa finalidade de completar postos das forzas permanentes que requiran determinadas aptitudes. Afectará a reservistas temporais.

b) Ordinario, cando se trate de cubrir os cadros de persoal das forzas permanentes e das forzas de reserva e de atender a xeración de forzas adicionais. Afectará a reservistas temporais e voluntarios.

3. Para os reservistas obrigatorios existirá unha modalidade de incorporación de carácter xeral, que se establece no capítulo V deste título.

Artigo 165. *Misións no estranxeiro.*

Con independencia do previsto no artigo anterior, o Goberno tamén poderá autoriza-la incorporación de reservistas temporais e voluntarios para misións no estranxeiro, por esixencias que se deriven dos acordos internacionais subscritos por España ou para colaborar no mantemento da paz e a seguridade internacionais. A participación de reservistas nestes supostos farase sempre con carácter voluntario. Regulamentariamente determinaranse os procedementos para que esta voluntariedade se poida manifestar con carácter xeral para todo tipo de operacións ou para aqueles casos nos que se oferten prazas para unha operación determinada.

Artigo 166. *Formación.*

1. Co obxecto de manter e actualiza-los coñecementos militares precisos, habilitaranse medios de información e perfeccionamento para os reservistas temporais.

2. Os reservistas voluntarios iniciarán a súa incorporación ás forzas armadas cun período de formación básica militar e específica, que non será superior a tres meses. Posteriormente manterán e actualizarán os seus coñecementos seguindo o mesmo sistema que se establece no punto anterior para os reservistas temporais.

3. Defínense programas plurianuais con obxectivos definidos e previsión de recursos económicos para garanti-lo nivel de preparación e de cobertura efectiva das reservas. Consignaranse as correspondentes partidas orzamentarias necesarias para garanti-la realización de períodos de instrucción e adestramento de curta duración, en execución das previsións realizadas.

4. Correspóndelle ó ministro de Defensa a autorización para a incorporación de reservistas temporais e voluntarios para desenvolver exercicios de instrucción e adestramento e cursos de perfeccionamento.

5. Os reservistas temporais e voluntarios poderán solicita-la suspensión da incorporación para desenvolver exercicios de instrucción e adestramento ou cursos de perfeccionamento de acordo co establecido no punto 2 do artigo 163 da presente lei.

Artigo 167. *Grao de dispoñibilidade dos reservistas temporais e voluntarios.*

Os reservistas temporais e voluntarios encontraranse dispostos a incorporarse ás Forzas Armadas cando sexan convocados para prestar servizo no prazo que regulamentariamente se determine. Este prazo non poderá ser inferior a un mes. Para estes efectos, deberán notificarlos seus cambios de residencia ou domicilio na forma que regulamentariamente se estableza.

Artigo 168. *Asociacións de reservistas.*

As administracións públicas apoiarán e facilitarán a constitución de asociacións de reservistas que axuden a manter relacións entre os seus propios membros, da sociedade coas súas Forzas Armadas e das que se constitúan con outras de carácter similar doutros países, co obxectivo de difundir os valores de seguridade e defensa no marco da solidariedade e do mantemento da paz.

CAPÍTULO II

Reservistas temporais

Artigo 169. *Reservistas temporais.*

1. Os reservistas temporais terán esta condición desde o momento da finalización ou resolución do seu compromiso coas Forzas Armadas ata cumpriren o número de anos que regulamentariamente se determine, tendo en conta que non se poderán exceder os períodos de tempo seguintes:

Militares de complemento que cumprisen un único compromiso de dous ou tres anos de duración, tres anos.

O resto dos militares de complemento, cinco anos.

Militares profesionais de tropa e mariñeiría que cumprisen un único compromiso de doce ou dezaioito meses, un ano.

Militares profesionais de tropa e mariñeiría que cumprisen un único compromiso de dous ou tres anos, tres anos.

O resto dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, cinco anos.

2. Tamén terán a condición de reservistas temporais, por un período de cinco anos desde o momento en que se lle conceda a renuncia á súa condición de

militar, segundo o establecido no artigo 147 desta lei, os militares de carreira e militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente.

3. Sen prexuízo do previsto nos puntos anteriores, tódolos reservistas temporais poderán prorrogar voluntariamente a súa permanencia como tales, da forma que regulamentariamente se determine, ata o 31 de decembro do ano en que cumplan corenta anos de idade, data límite, en todo caso, de permanencia como reservista temporal.

CAPÍTULO III

Reservistas voluntarios

Artigo 170. *Condicións para o ingreso dos reservistas voluntarios.*

1. Todo español poderá optar ás prazas de reservista voluntario que se convoquen para oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría, sempre que acrediten os niveis educativos que regulamentariamente se determinen para cada categoría e, de se-lo caso, especialidade.

2. Para acceder a reservista voluntario haberá que obter unha das prazas ofertadas en convocatoria pública e supera-lo período de formación ó que fai referencia o artigo 166 da presente lei. Na citada convocatoria teranse en conta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, e valorarase a formación e experiencia acreditadas en relación cos cometidos que se van desempeñar, así como a voluntariedade para participar en misións no exterior.

3. As probas selectivas poderanse efectuar de forma individualizada, con parámetros e criterios de selección obxectivos establecidos na correspondente convocatoria.

4. Serán condicións xerais para solicita-lo ingreso as seguintes:

a) Posuí-la nacionalidade española.

b) Ter cumpridos dezaioito anos e non alcanzar unha idade máxima de trinta e cinco anos para o persoal de tropa e mariñeiría e de trinta e oito para os oficiais e suboficiais.

c) Acredita-las aptitudes que se determinen na convocatoria.

5. Cando o Goberno decrete as incorporacións de reservistas de carácter selectivo e ordinario ás que se refire o artigo 164 desta lei, procederase a efectuar cantas convocatorias de reservistas voluntarios se consideren necesarias para satisfacer as necesidades das forzas armadas.

Artigo 171. *Compromiso dos reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios asinarán un compromiso inicial de dous ou tres anos. Posteriormente poderán asinar novos compromisos, ata un total de quince anos, por períodos de dous ou tres anos, sempre que non se pasen as seguintes idades:

a) Oficiais e suboficiais, ata o 31 de decembro do ano en que cumplan corenta anos.

b) Tropa e mariñeiría, ata o 31 de decembro do ano en que cumplan trinta e oito anos.

Se é o caso, o último compromiso terá unha duración axustada ós límites de idade citados.

2. Nas convocatorias ás que se fai referencia no punto 5 do artigo anterior, o compromiso inicial poderá ser dun ano.

3. O compromiso rematará na data de vencemento.

4. Tamén se poderá resolver o compromiso nas condicións que regulamentariamente se determinen adaptando as que son de aplicación ós militares que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter temporal.

Artigo 172. *Empregos dos reservistas voluntarios.*

Os reservistas voluntarios terán os empregos de alférez, sarxento e soldado, segundo a categoría á que accedese na correspondente convocatoria de prazas.

Artigo 173. *Consideración ós reservistas voluntarios.*

1. Nas convocatorias para o acceso ó ensino militar de formación considerarase como mérito o tempo permanecido como reservista voluntario.

2. O tempo como reservista voluntario considerarase como mérito nos sistemas de selección respecto dos corpos, escalas, prazas de funcionario e actividades de carácter laboral das administracións públicas, en tódolos supostos en que as súas funcións garden relación cos servizos prestados como reservista, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.

3. O reservista voluntario poderá vesti-lo uniforme ou a roupa de uniforme que se defina regulamentariamente para os reservistas, nos actos castrenses e sociais, e poderá participar en actos e celebracións das unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

4. Co obxecto da súa identificación facilitaráselle a correspondente tarxeta de identidade militar para persoal reservista.

5. Rematado o compromiso adquirido, cesará na condición de reservista voluntario e recibirá o título honorífico de oficial, suboficial ou soldado do seu exército respectivo.

CAPÍTULO IV

Situación de reservista activado

Artigo 174. *Activación.*

1. Os reservistas temporais e voluntarios pasarán á situación de activados cando se incorporen ás unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa para:

- a) Prestaren servizo no posto asignado.
- b) Desenvolveren exercicios de instrución e adestramento ou asistiren a cursos de formación e perfeccionamento.

2. Ós que no recoñecemento médico, obrigatorio no momento da incorporación, presenten algunha limitación psíquica ou física circunstancial suspenderáselle a incorporación mentres persistan as causas que a motiven. De ser irreversible esa limitación e estar incluída no cadro médico que regulamentariamente se determine, perderán a condición de reservista temporal ou voluntario.

3. A partir do seu pase á situación de activado, todo reservista recibirá a necesaria instrución de actualización e prestará, de non telo efectuado con anterioridade, o xuramento ou promesa ante a bandeira de España a que se refire o artigo 3 da presente lei.

4. Cando finalicen as causas que orixinaron o pase á situación de activados, os reservistas volverán á súa situación anterior.

Artigo 175. *Réxime de persoal.*

1. Os reservistas temporais e os voluntarios non terán condición de militar. Cando sexan activados e se

incorporen ós exércitos terán a condición de militar e estarán suxeitos ó réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal das forzas armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Os reservistas temporais, cando se incorporen ás forzas armadas, terán o réxime de persoal que lles corresponda na situación de servizo activo ós militares de carreira, militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría, segundo a súa procedencia. Os reservistas voluntarios de emprego soldado, o dos militares profesionais de tropa e mariñeiría; no caso dos alféreces reservistas voluntarios, o dos militares de complemento, e no dos sarxentos, o dos militares de complemento adaptado regulamentariamente ó dito emprego. Todo isto de conformidade co réxime previsto na presente lei.

2. Cando os reservistas se incorporen ás Forzas Armadas dentro dos programas de información e instrución, percibirán as indemnizacións que regulamentariamente se determinen, que por cada día non poderán ser inferiores ó dobre do salario mínimo interprofesional diario vixente.

Artigo 176. *Destinos.*

1. Os reservistas temporais quedarán encadrados no exército de procedencia, preferentemente no corpo ó que, de se-lo caso, estiveron adscritos e na especialidade á que pertencían. En todo caso, asignaráselles expresamente un posto vinculado á instrución e adestramento adquirido e ós destinos desempeñados.

Cando exerzan unha profesión civil de aplicación específica nas Forzas Armadas, poderán ser destinados a postos ou especialidades distintos ós inicialmente previstos e acordos coa nova capacitación.

2. Os reservistas voluntarios serán destinados ós postos que teñan previamente asignados en función das convocatorias en que foron admitidos.

Artigo 177. *Dereitos de carácter laboral.*

Os reservistas temporais e voluntarios, durante o período en que se encontren activados, terán os seguintes dereitos de carácter laboral:

a) Reservaráselle-lo posto de traballo que desempeñaban antes da incorporación, ou un de similares condicións e de igual remuneración na mesma empresa e localidade, e non verán prexudicadas as súas posibilidades de promoción profesional na empresa.

b) Respecto ó contrato de traballo e para efectos da acción protectora derivada da Seguridade Social, a súa situación estará asimilada á de alta, co alcance e condicións establecidas na súa lexislación específica.

c) Se se trata de funcionarios públicos, pasarán á situación administrativa de servizos especiais.

CAPÍTULO V

Reservistas obrigatorios

Artigo 178. *Declaración de reservistas obrigatorios.*

1. Nas circunstancias ás que se refire o punto 2 do artigo 4 da presente lei, se o Goberno prevé que non poderán quedar satisfeitas as necesidades da defensa nacional coa aplicación das medidas de incorporación de reservistas temporais e voluntarios establecidas neste título, e considere necesaria a incorporación dun número maior de efectivos ás forzas armadas, solicitará do Congreso dos Deputados autorización para a declaración xeral de reservistas obrigatorios, que poderá afectar a

tódolos españois que nese ano cumbran desde dezanove a vintecinco anos de idade.

O Congreso dos Deputados debaterá a solicitude de autorización remitida polo Goberno, e poderá aprobala nos seus propios termos ou introducir modificacións nela.

O Goberno, obtida a autorización a que fan referencia os parágrafos anteriores, establecerá, mediante real decreto, as normas para a declaración xeral de reservistas obrigatorios.

2. As administracións públicas prestarán a colaboración necesaria para formalizalas listas correspondentes, proporcionando as bases de datos para proceder á súa identificación e declaración como tales. A xestión desta información realizarase conforme a lexislación vixente sobre regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

3. Dos españois incluídos no punto 1 deste artigo, o Goberno poderá ordenar que adquiren a condición de reservistas obrigatorios un número concreto ou unha porcentaxe dos que cumbran vintecinco anos de idade. A designación farase respectando o principio de igualdade de oportunidades. Sucesivamente e por procedementos semellantes, poderase ordenar que adquiren a condición de reservistas obrigatorios determinado número ou porcentaxe ou ben a totalidade dos nados en anos posteriores ata os que cumbran dezanove anos de idade inclusive.

4. Os reservistas obrigatorios poderán ser asignados a prestar servizos nas Forzas Armadas ou noutras organizacións con fins de interese xeral para satisfacer as necesidades da defensa nacional. Para estes efectos, enténdese como organizacións con fins de interese xeral aquelas que realizan actividades de utilidade pública nos seguintes sectores:

- a) Protección civil.
- b) Defensa civil.
- c) Seguridade cidadá.
- d) Conservación do ambiente e protección da natureza.
- e) Servizos sanitarios.
- f) Servizos sociais.

Artigo 179. *Comunicación ós reservistas obrigatorios.*

1. Producida a declaración de reservistas obrigatorios de conformidade co artigo anterior, as delegacións de Defensa notificarán a cada un dos interesados a súa declaración como tal e remitiranlles unha ficha de reservista cos datos de identificación. Esta ficha irá acompañada dun cuestionario, que se cubrirá voluntariamente, no que se poderá incluí-lo seguinte:

- a) Declaración sobre datos esenciais da saúde e estado físico, que poderá ir acompañada de certificados médicos acreditativos.
- b) Preferencia en canto a prestar servizo, cando o Goberno, por necesidades da defensa nacional o determine, no Exército de Terra, na Armada e no Exército do Aire e, dentro deles, en postos ou unidades da forza ou do apoio á forza, ou en organizacións con fins de interese xeral.
- c) Se é o caso, declaración de obxección de conciencia de conformidade co disposto no artigo seguinte.

2. Os interesados remitirán ás delegacións de Defensa correspondentes a ficha de reservista, coas alegacións e reparación de erros que se coiden procedentes, á que, de se-lo caso, xuntarán o cuestionario cuberto.

Artigo 180. *Obxección de conciencia.*

Os reservistas obrigatorios poderán efectuar declaración de obxección de conciencia a prestar servizo nas

forzas armadas e noutras organizacións con fins de interese xeral nas que se requira o emprego de armas. Esta declaración, efectuada polo interesado, non requirirá ningún outro trámite de aprobación.

Os que se declarasen obxectores de conciencia só poderán ser asignados a organizacións con fins de interese xeral nas que non se requira o emprego de armas.

Artigo 181. *Incorporación de reservistas obrigatorios.*

1. Á vista da evolución da situación, das necesidades da defensa nacional e das solicitudes nas convocatorias para acceder a reservista voluntario, de acordo co punto 5 do artigo 170 da presente lei, o Goberno poderá acordala incorporación de reservistas obrigatorios.

2. A incorporación de reservistas obrigatorios efectuarase nos centros de selección que se determinen, logo de convocatoria polas delegacións de Defensa. Entre a notificación da declaración de reservista obrigatorio, de acordo co establecido no artigo 179 da presente lei, e a data na que deben efectuar a súa incorporación ó centro de selección deberá transcorrer un prazo mínimo dun mes.

Artigo 182. *Centros de selección.*

1. Dependentes das delegacións de Defensa, organizaranse centros de selección, da forma que regulamentariamente se determine, como órganos encargados de recibirlos reservistas obrigatorios que se incorporen e efectuarlos recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas e de determinación de aptitudes que permitan identificar a súa adecuación ás diferentes áreas de cometidos dentro das Forzas Armadas ou noutras organizacións con fins de interese xeral.

2. Os centros de selección, tendo en conta o previsto no punto anterior, a manifestación de preferencias dos interesados e as súas alegacións, asignarán os destinos correspondentes a tódolos reservistas obrigatorios en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa ou noutras organizacións con fins de interese xeral. Se é o caso, os reservistas poderán ser declarados excluídos para a prestación de servizos por limitacións psicofísicas, segundo os cadros que se determinen regulamentariamente.

3. Ademais do previsto no punto anterior, serán criterios de obrigado cumprimento na asignación de destinos os seguintes:

- a) As mulleres non poderán ser asignadas a postos de unidades da forza, excepto se manifestaron expresamente a súa voluntariedade para iso.
- b) O disposto no artigo 180 desta lei en relación cos obxectores de conciencia.
- c) A prestación de servizos por cregos, relixiosos e ministros confesionais, en xeral, axustarase ós acordos ou convenios de cooperación coas igrexas, confesións e comunidades relixiosas, se os houber.

Artigo 183. *Réxime de persoal dos reservistas obrigatorios.*

1. Os reservistas obrigatorios que se incorporen ás forzas armadas terán o mesmo réxime de persoal có dos reservistas voluntarios activados de emprego soldado.

2. Os que se incorporen a organizacións con fins de interese xeral terán o réxime que corresponda á prestación voluntaria de servizos nestas organizacións e non terán a condición de militar.

CAPÍTULO VI

Procedementos e recursos

Artigo 184. *Procedemento aplicable á non-incorporación de reservistas.*

Ó reservista citado legalmente para a súa incorporación ás Forzas Armadas ou a un centro de selección que non se presentase, a Delegación de Defensa que corresponda abriralle un expediente, para verificá-las causas do incumprimento. Cando como resultado do expediente se aprecie a inexistencia de causa xustificada, trasladaranse as actuacións ó órgano superior do que dependa a delegación, para a súa remisión ó órgano xudicial competente, para os efectos previstos no Código penal.

Artigo 185. *Recursos.*

Contra os actos e resolucións que se adopten en relación cos reservistas en exercicio das competencias atribuídas nesta lei, poderanse interpo-los recursos en vía administrativa que correspondan.

Disposición adicional primeira. *Carreira militar da Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias.*

O Goberno, mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros, regulará a carreira militar de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias, na actualidade capitán do Corpo Xeral das Armas do Exército de Terra (Infantería), tenente de Navío do Corpo Xeral da Armada e capitán do Corpo Xeral do Exército do Aire, quedando facultado para adapta-los preceptos da presente lei ás singularidades que se considere oportuno que deben concorrer na súa regulación e desenvolvemento, establecendo un réxime propio e diferenciado, tendo en conta as esixencias que a súa alta representación demanda e as circunstancias que concorren na súa persoa como herdeiro da Coroa de España.

Disposición adicional segunda. *Emprego honorífico dos oficiais xenerais que formasen parte da Xunta de Xefes de Estado Maior.*

Os tenentes xenerais e almirantes que desempeñasen os cargos de xefe do Estado Maior da Defensa ou de presidente da Xunta de Xefes de Estado Maior e de xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, desde a institucionalización en febreiro do ano 1977 da Xunta de Xefes de Estado Maior, concederáselles con carácter honorífico o emprego de xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire, segundo o exército de pertenza, por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa. A concesión do dito emprego honorífico non suporá cambio na súa situación administrativa nin no seu réxime retributivo.

Disposición adicional terceira. *Emprego de tenente xeneral no corpo de Infantería de Mariña.*

Para satisfacer as necesidades derivadas do planeamento da defensa militar, na escala superior de oficiais do corpo de Infantería de Mariña, o emprego máximo do cal segundo o previsto no título IV desta lei é o de xeneral de división, poderase alcanzar excepcionalmente o emprego de tenente xeneral, para ocupa-los postos

ós que se refire o punto 3 do artigo 18 desta lei. O ascenso producirase por real decreto, aprobado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

Disposición adicional cuarta. *Cambio de denominacións.*

1. As escalas superiores, escalas medias, escalas técnicas e escalas básicas, á entrada en vigor desta lei pasarán a denominarse, respectivamente, escalas superiores de oficiais, escalas de oficiais, escalas técnicas de oficiais e escalas de suboficiais.

2. Á entrada en vigor da presente lei, os militares de emprego da categoría de oficial pasarán a denominarse militares de complemento co réxime de persoal regulado para estes. O cambio de denominación non terá incidencia no cómputo do tempo de servicios prestados.

Os que por razón dos límites de tempo de servicios e idade establecidos no artigo 91 desta lei deberían finalizar a súa relación de servicios profesionais antes do 31 de decembro do ano 2002, se o solicitan, nun prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor da presente lei e tras cumprilo preceptuado no punto 4 do mencionado artigo 91, poderán asinar un único compromiso ata o 31 de decembro do ano 2002; ó remate deste cesarán na súa relación de servicios profesionais. Os que non o soliciten cesarán, en todo caso, na relación de servicios profesionais ó remate do compromiso que tivesen asinado.

Nas convocatorias por promoción interna correspondentes ós anos 2000, 2001 e 2002 quedarán exentos dos límites de idade, emprego e número de convocatorias regulados no artigo 66 desta lei.

3. Os militares profesionais da categoría de tropa e mariñeira que, no momento da entrada en vigor da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, adquirisen o dereito a permanecer nas forzas armadas ata a idade de retiro, seralles de aplicación o previsto nesta lei para os militares profesionais de tropa e mariñeira que manteñen unha relación de servicios de carácter permanente.

4. Á entrada en vigor da presente lei, os militares de emprego da categoría de tropa e mariñeira profesionais pasarán a denominarse militares profesionais de tropa e mariñeira, co réxime de persoal regulado para os militares profesionais de tropa e mariñeira que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal. O cambio de denominación non terá incidencia no cómputo do tempo de servicios prestados.

Os que por razón dos límites de tempo de servicios e idade establecidos no artigo 95 desta lei deberían remata-la súa relación de servicios profesionais antes do 31 de decembro do ano 2002, se o solicitan, nun prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor da presente lei e tras cumprilo preceptuado no punto 6 do mencionado artigo 95, poderán asinar un único compromiso ata o 31 de decembro do ano 2002; ó remate deste cesarán na súa relación de servicios profesionais. Os que non o soliciten cesarán, en todo caso, na relación de servicios profesionais ó remate do compromiso que asinasen.

Nas convocatorias por promoción interna correspondentes ós anos 2000, 2001 e 2002, quedarán exentos dos límites de idade, emprego e número de convocatorias regulados no artigo 66 desta lei.

Durante os anos 2000, 2001 e 2002, para participar nos procesos de selección para acceder á relación de servicios de carácter permanente regulada no artigo 96 desta lei, requirirase un mínimo de tempo de servicios de nove anos, cumpridos o 1 de xaneiro do ano da convocatoria, e as demais condicións que se establezan

reglamentariamente, sen que durante ese período sexan de aplicación os requisitos sinalados no citado artigo.

5. Tódalas referencias efectuadas na lexislación vixente ós militares de emprego entenderanse feitas a militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría, segundo corresponda.

Disposición adicional quinta. *Adaptación das situacións administrativas.*

1. Ó militar profesional que se encontre nalgunha das situacións administrativas a regulación das cales queda modificada nesta lei, seralle de aplicación a nova normativa, con efectos desde a súa entrada en vigor, pasando, de se-lo caso, de oficio á situación que corresponda. O persoal que se encontre en situación de reserva manterase nesta situación con independencia das novas condicións de pase a ela establecidas na presente lei.

2. Os militares de carreira que á entrada en vigor da presente lei se encontren na situación de reserva por aplicación do punto 2 e dos parágrafos a) e b) do punto 1 do artigo 103 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, aplicaráselle-lo previsto no segundo parágrafo do punto 8 do mesmo artigo, ata cumprí-las idades determinadas segundo emprego no punto 1 do artigo 144 desta lei.

3. Os militares de carreira que permanecesen en situación de excedencia voluntaria por aplicación do previsto na letra c) número 1 do artigo 100 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, computaráselle-lo tempo permanecido nesa situación desde a data de entrada en vigor da citada lei para efectos de tempo de servicios, trienios e dereitos pasivos.

Igualmente, ós militares de carreira que permanecesen en situación de excedencia voluntaria por aplicación do previsto na letra b) punto 1 do artigo 100 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, computaráselle-lo tempo permanecido nesa situación desde a data de entrada en vigor da citada lei, para efectos de trienios e dereitos pasivos.

Así mesmo, ós militares de carreira que, por aplicación do disposto no Real decreto-lei 10/1977, do 8 de febreiro, sobre exercicio de actividades políticas e sindicais por compoñentes das forzas armadas, pasaron ó retiro, computaráselle-lo tempo permanecido como membros de elección popular en órganos representativos públicos, para efectos de trienios e dereitos pasivos. Ós que cesasen ou cesen nos citados cargos seralles realizado, polo Ministerio de Defensa e por solicitude do interesado, o sinalamento de haber pasivo, considerando que se produciu un retiro forzoso de acordo coa normativa aplicable no momento do cesamento.

O previsto neste punto non terá efectos económicos de carácter retroactivo.

Disposición adicional sexta. *Integración nos corpos de enxeñeiros.*

Os membros da rama de armamento e material e da rama de construción e electricidade da escala activa de enxeñeiros técnicos de armamento e construción do Exército de Terra, declaradas a extinguir, quedan integrados na escala técnica de oficiais do corpo de enxeñeiros politécnicos do Exército de Terra e os da escala de enxeñeiros técnicos aeronáuticos, declarada a extinguir, quedan integrados na escala técnica de oficiais do corpo de enxeñeiros do Exército do Aire.

A integración producirase incorporándose ó escalafón actual da escala correspondente detrás do que estaría situado de ter optado á integración opcional regulada

no Real decreto 796/1995, do 19 de maio, de constitución de escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros das forzas armadas, e que con posterioridade á dita constitución non modificase a súa posición relativa no escalafón por aplicación das normas en vigor; neste caso situarase no escalafón a continuación do anterior. O ministro de Defensa establecerá as normas específicas para a integración.

Disposición adicional sétima. *Integración no corpo militar de sanidade.*

1. Os militares de carreira pertencentes ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais dos corpos específicos dos exércitos e á escala de oficiais do corpo militar de sanidade que, á entrada en vigor da presente lei, acrediten posuí-lo título de licenciado en psicoloxía e o diploma de psicoloxía militar, quedarán integrados na escala superior de oficiais do corpo militar de sanidade, se o solicitan nun prazo máximo de dous meses a partir da entrada en vigor da presente lei.

2. A integración desde unha escala superior de oficiais farase conservando o emprego e a antigüidade nel que figure na escala de orixe no día 31 de xullo do ano 1999, con efectos do día 1 de agosto do mesmo ano. En caso de igualdade, resolverase a favor do de maior idade.

3. A integración desde unha escala de oficiais farase detrás do último compoñente do seu mesmo emprego. Os alféreces integraranse no emprego de tenente. A ordenación relativa dos que se integren en cada emprego farase segundo a antigüidade nel que figure na escala de orixe o 31 de xullo do ano 1999. En caso de igualdade, resolverase a favor do de maior idade. Esta integración terá efectos do día 1 de agosto do ano 1999, que será a data de antigüidade no emprego de todos eles na nova escala.

Disposición adicional oitava. *Acceso de suboficiais ó emprego de tenente.*

1. Os brigadas e subtenentes dos antigos corpos de suboficiais de Infantería, Cabaleiría, Artilería e enxeñeiros e das escalas lexionaria de suboficiais de Infantería e de Mar de suboficiais de Infantería que non pasasen á situación de reserva ou á de reserva transitoria á entrada en vigor da presente lei e reúnan as condicións a que se refire o número 1 da disposición transitoria quinta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, poderán solicita-la súa integración nas escalas auxiliares, lexionaria ou de mar correspondentes, declaradas a extinguir pola citada lei. A integración producirase no emprego de tenente, con ocasión de vacante nos cadros de persoal que se determinen para estes efectos nas citadas escalas, de acordo co establecido no número 4 do artigo 18 desta lei, ata o 30 de xuño do ano 2009.

2. Os brigadas e subtenentes dos antigos corpos auxiliares de especialistas/suboficiais, de Intendencia, de Sanidade, de Farmacia, de Veterinaria e da Agrupación Obreira e Topográfica do Servicio Xeográfico/suboficiais que non pasasen á situación de reserva ou á de reserva transitoria á entrada en vigor da presente lei e reúnan as condicións a que se refire o número 1 da disposición transitoria quinta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, poderán solicita-la súa integración no corpo auxiliar de especialistas/ oficiais, nas escalas auxiliares de Intendencia, de Sanidade, de Farmacia, de Veterinaria e da Agrupación Obreira e Topográfica do Servicio Xeográfico/oficiais, declarados a extinguir pola citada lei. A integración producirase no emprego de tenente, con ocasión de vacante

nos cadros de persoal que se determinen para estes efectos nas citadas escalas, de acordo co establecido no número 4 do artigo 18 desta lei, ata o 30 de xuño do ano 2009.

3. Tódolos suboficiais que obtivesen o emprego de sarxento con anterioridade ó 1 de xaneiro do ano 1977 e que non tivesen limitación legal para alcanza-lo emprego de subtenente, poderán obter-lo emprego de tenente das escalas a extinguir relacionadas nos números 2 e 3 da disposición adicional sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e, de no existiren estas, na escala de oficiais correspondente, no momento do seu pase á situación de reserva, se o solicitan previamente.

4. O cómputo total das retribucións anuais que percibirán os tenentes en situación de reserva, exceptuando as correspondentes a trienios, será, como mínimo, o dos subtenentes na mesma situación administrativa.

Disposición adicional novena. *Cambio de adscrición a corpo dos militares de complemento.*

Os militares de complemento segundo o número 2 da disposición adicional cuarta da presente lei, que completen as escalas dos corpos específicos dos exércitos que, á entrada en vigor da presente lei, acrediten posuí-lo título de licenciado en psicoloxía, ou o título de licenciado en veterinaria, poderán cambia-la súa adscrición á escala superior de oficiais do corpo militar de sanidade, se o solicitan nun prazo máximo de dous meses a partir da entrada en vigor da presente lei. A adscrición como militares de complemento producirase con efectos desta última data, conservando o emprego que tivesen e o tempo de servizos cumprido, datos que servirán para a ordenación dos interesados.

Os militares de complemento adscritos á escala superior do corpo militar de sanidade ós que se refire esta disposición quedarán exentos dos límites de idade e emprego regulados no artigo 66 desta lei para participaren nas convocatorias por promoción interna ó dito corpo, mentres manteñan a condición de militar de complemento, de acordo co establecido no artigo 91 desta lei e no número 2 da súa disposición adicional cuarta.

Disposición adicional décima. *Réxime de ascensos de cabos primeiros permanentes.*

1. Os cabos primeiros veteranos da Armada ós que se refire a disposición adicional terceira do Real decreto 1928/1991, do 20 de decembro, polo que se adapta ás escalas declaradas a extinguir o réxime do persoal militar establecido na Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, manterán o réxime de ascenso a sarxento e sarxento primeiro que se establece na dita disposición. Os efectivos destes empregos contabilizarán nos cadros de persoal das correspondentes escalas de suboficiais.

2. Os cabos primeiros cazadores paracaidistas do Exército do Aire ós que se refire o número 2 da disposición transitoria primeira do Real decreto 984/1992, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de tropa e mariñeiría profesionais das forzas armadas, manterán o réxime de ascenso a sarxento e sarxento primeiro que se establece na dita disposición. Os efectivos destes empregos contabilizarán nos cadros de persoal das correspondentes escalas de suboficiais.

Disposición adicional décimo primeira. *Pase á reserva.*

Os compoñentes da escala superior de oficiais do corpo xeral das armas do Exército de Terra que obtiveron o emprego de tenente con datas do 15 de decembro do ano 1975 e do 15 de xullo do ano 1976 pasarán

á situación de reserva, por tempo de permanencia na escala, o 15 de xullo do ano 2009 e o 15 de xullo do ano 2010, respectivamente, sen prexuízo de que por outras causas lles correspondese pasar á dita situación en data distinta.

Disposición adicional décimo primeira. *Perfeccionamento de trienios.*

Os anos de servizo prestados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, polo persoal militar ó que se fai referencia no artigo 5 deste, valoraranse, tanto para efectos de perfeccionamento de trienios, como de recoñecemento de dereitos pasivos, de acordo co índice de proporcionalidade ou grupo de clasificación que en cada momento aqueles tiveron asignado.

Disposición adicional décimo terceira. *Suspensión da prestación do servizo militar.*

1. Queda suspendida a prestación do servizo militar regulada na Lei orgánica 13/1991, do 20 de decembro, do servizo militar, a partir do 31 de decembro do ano 2002.

2. Os españois varóns nados con posterioridade ó 31 de decembro do ano 1982 non prestarán o servizo militar obrigatorio e, en consecuencia, quedan suspendidas as operacións de recrutamento deste persoal, séndolles de aplicación o establecido no título XIII desta lei.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio xeral.*

As disposicións contidas nesta lei sobre historiais militares, destinos, cursos de capacitación para o desempeño dos cometidos de empregos superiores, ascensos e avaliacións serán de plena aplicación nun período máximo de tres anos a partir da súa entrada en vigor. As normas que a desenvolvan poderán incluír disposicións transitorias de adaptación das actualmente vixentes para os militares de carreira e de emprego dentro do prazo sinalado anteriormente. Todo isto sen prexuízo do establecido nas disposicións adicionais e transitorias desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Amortización de excedentes de cadro de persoal.*

1. Ata o 30 de setembro do ano 1999 continuarán en vigor os cadros de persoal aprobados polo Real decreto 1185/1998, do 12 de xuño, polo que se establecen os cadros de persoal das forzas armadas por corpos, escalas e empregos para o ciclo 1998-1999. Non obstante, desde a entrada en vigor da presente lei, será de aplicación o establecido no terceiro parágrafo do número 3 do artigo 18 desta lei e os empregos de xeneral de Exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire, contabilizarán nos cadros de persoal correspondentes a tenente xeneral ou almirante.

2. A adaptación dos efectivos existentes á entrada en vigor da presente lei ós cadros de persoal establecidos no artigo 18 desta lei levarase a cabo de forma progresiva, mediante os reais decretos de efectivos de cadros de mando ós que se refire o punto 4 do citado artigo, nos que para determinados corpos, escalas e empregos se poderán fixar efectivos distintos para un ou varios anos.

Nos cadros de persoal que se establezan para o período que remate o 30 de xuño do ano 2004, ó terminar este, o número de oficiais xerais non excederá do

fixado nos números 2 e 3 do artigo 18 desta lei e o número de coroneis non será superior a 1.235.

O total dos efectivos que se fixen para o período comprendido entre o 1 de xullo do ano 2009 e o 30 de xuño do ano 2014 coincidirá, ó finalizar este, co cadro de persoal legal máximo.

3. Mentres o total de efectivos de cadros de mando en servizo activo supere o cadro de persoal legal máximo, a provisión de prazas das forzas armadas a que se refire o artigo 21 desta lei deberá axustarse, ademais de ós criterios establecidos neste artigo, ó de que os ingresos totais para o acceso a militar de carreira estarán comprendidos entre o 50 e o 70 por 100 da media dos retiros previstos para os seguintes dez anos.

4. Os excedentes de cadro de persoal que existan nos diferentes empregos e escalas, segundo o que se determine no desenvolvemento do artigo 18 desta lei, amortizaranse non dando ó ascenso as seguintes vacantes:

a) Nos empregos da categoría de oficiais xenerais, a primeira que se produza de cada dúas.

b) Nos restantes empregos, a primeira que se produza de cada tres.

5. Os efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría deberán aumentar progresivamente, en función dos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado, para alcanzar antes de que finalice o ano 2002 os efectivos fixados no artigo 19 da presente lei.

Disposición transitoria terceira. Réxime do persoal de escalas a extinguir.

1. As escalas a extinguir relacionadas nos números 2 e 3 da disposición adicional sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, continuarán co réxime establecido de conformidade coa disposición adicional sétima da citada lei, séndolles de aplicación o establecido no artigo 144 desta lei.

2. Os militares de carreira das escalas declaradas a extinguir que, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, tivesen limitación legal para ascender ou alcanzar determinados empregos, establecida na disposición adicional cuarta do Real decreto 1622/1990, do 14 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de avaliacións, clasificacións e ascensos do persoal militar profesional, manterán esta limitación.

3. Os compoñentes da escala da Garda Real, declarada a extinguir pola disposición derradeira quinta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, continuarán co proceso regulado nas normas regulamentarias de desenvolvemento da citada disposición.

Os membros desta escala que pasasen á situación de reserva transitoria e non fixesen efectivo o dereito a un ascenso previsto no artigo 5 do Real decreto 1000/1985, do 19 de xuño, polo que se establece a situación de reserva transitoria no Exército de Terra, obtengan unha vez transcorridos, nas situacións de servizo activo e de reserva transitoria, os prazos de tempo que para cada emprego se determinen regulamentariamente.

4. A Escala Honorífica Militar de Ferrocarrís manterá o réxime regulado no Real decreto 2289/1977, do 23 de xullo, ata a súa extinción, non producíndose a partir da entrada en vigor da presente lei novos ingresos na escala, nin ascensos ós diversos empregos militares nela.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio de ascensos de militares de carreira.

1. Ata o 30 de xuño do ano 1999 e durante o ciclo de ascensos comprendido entre o 1 de xullo do ano 1999 e o 30 de xuño do ano 2000, as avaliacións e ascensos ós distintos empregos continuarán producíndose polas normas regulamentarias vixentes con anterioridade á entrada en vigor da presente lei. A partir do día 1 de xaneiro do ano 2000 e cando vaia correspondelo ascenso ó emprego de comandante das escalas superiores de oficiais ós compoñentes dunha nova promoción, os ascensos produciranse de acordo co previsto no artigo 111 desta lei e as avaliacións correspondentes levaranse a cabo de acordo co artigo 115 desta lei.

2. O acceso a tenente das escalas de oficiais, segundo o previsto no punto 5 do artigo 66 desta lei, será de aplicación a partir dos ingresos nos centros docentes militares de formación por promoción interna correspondente ó ano 1999.

Con data do 1 de agosto de 1999 ascenderán ó emprego de tenente os alféreces que á entrada en vigor da presente lei pertencen ás escalas de oficiais pero accedesen a elas por promoción interna procedentes de militares de emprego da categoría de oficial e sempre que non lles correspondese ascender con anterioridade.

Con data do 1 de febreiro dos anos 2000 e 2001 ascenderán ó emprego de tenente os alféreces das escalas de oficiais que accedesen a elas os anos 1999 e 2000, respectivamente, por promoción interna, procedentes de militares de complemento.

Disposición transitoria quinta. Acceso a outro corpo ou escala.

1. Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os militares de carreira das escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos xerais, de Infantería de Mariña, de enxeñeiros e de especialistas, que posúan a titulación requirida, poderán acceder por cambio de corpo, dentro do seu exército, ás escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros e ás escalas de oficiais dos corpos de especialistas e ás escalas superiores de oficiais dos corpos de enxeñeiros e de intendencia, de acordo co regulado no artigo 65 desta lei, quedando exentos dos límites de idade ou empregos regulados neste artigo, así como do tempo de servizos esixido regulamentariamente na escala de orixe.

2. Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os membros das escalas de subdirectores músicos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declaradas a extinguir na disposición adicional sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, que posúan a titulación requirida, poderán optar, por acceso directo, ó ingreso no centro docente correspondente para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo de músicas militares, quedando exentos dos límites de idade.

3. Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os suboficiais que, á entrada en vigor da presente lei, acrediten posuí-lo título de licenciado en psicoloxía e o diploma de psicoloxía militar poderán optar, por acceso directo con reserva de prazas, ó ingreso no centro docente correspondente para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo militar de sanidade, quedando exentos dos límites de idade.

4. Nas convocatorias dos anos 2000 e 2001, ós suboficiais de tódolos corpos ós que para acceder ás antigas escalas de complemento se lles esixiu estar en posesión do título de diplomado universitario, poderán optar, por promoción interna, ó ingreso no centro docente respectivo para a incorporación á escala de oficiais correspondente, quedando exentos dos límites de idade e emprego.

5. Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os cabos primeiros do Exército de Terra, que accedesen a unha relación de servicios de carácter permanente ata a idade de retiro con anterioridade á entrada en vigor desta lei, poderán acceder por promoción interna ás escalas de suboficiais do dito exército, acreditando o nivel educativo que se requira na convocatoria, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria sexta. Integración e promoción interna dos oficiais procedentes das escalas de complemento e de reserva naval.

1. Os militares de emprego da categoría de oficial procedentes das escalas de complemento e de reserva naval, declaradas a extinguir no número 4 da disposición adicional sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, poderán acceder ó ensino militar de formación por promoción interna nos termos establecidos no punto 5 do artigo 66 desta lei, quedando exentos dos límites de idade. Os referidos militares de emprego que tivesen a posibilidade de asinar sucesivos compromisos ata un prazo máximo de doce ou de dezaseis anos, manterana, respectivamente, ata o 31 de decembro do ano 2002 e ata o 31 de decembro do ano 2006.

2. Os militares de emprego ós que se refire o punto anterior que o soliciten, nun prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor da presente lei e trala superación dun curso de formación, integraranse, dentro do corpo ó que estean adscritos, nas seguintes escalas: escalas superiores de oficiais dos corpos de intendencia, de enxeñeiros, xurídico militar, militar de intervención e militar de sanidade, e nas escalas de oficiais dos corpos xerais, de infantería de mariña, de especialistas, de enxeñeiros e militar de sanidade. A integración nas escalas dos corpos de enxeñeiros e militar de sanidade efectuarase segundo a titulación requirida para o acceso a elas.

A integración levarase a cabo con data do 1 de agosto do ano 2001 no emprego de tenente, detrás do último dos dese emprego das mencionadas escalas. A ordeñación relativa dos novos compoñentes farase segundo o emprego e a antigüidade nel que figure no escalafón de orixe o día 31 de xullo do ano 2001.

A duración do plan de estudos do curso de formación a que se refire este punto será como máximo dun ano.

Disposición transitoria sétima. Situación de segunda reserva dos oficiais xerais.

1. Os oficiais xerais en situación de segunda reserva, de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, continuarán nesta situación.

Os oficiais xerais que tivesen esta categoría o 1 de xaneiro do ano 1990 pasarán á situación de segunda reserva ó cumpriren a idade de retiro fixada no artigo 145 desta lei ou, de se-lo caso, ó lles corresponde-lo pase a retiro segundo o disposto no número 4 do artigo 13 desta lei. O tempo permanecido nesta situación, por ser asimilable ó retiro, non será considerado como de servicios efectivos para a determinación de dereitos pasivos, nin suporá que se cotice ó réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

2. Regulamentariamente determinaranse as circunstancias e condicións nas que o ministro de Defensa poderá asignar determinados cargos ou cometidos ós oficiais xerais en segunda reserva.

Disposición transitoria oitava. Pase á situación de reserva de oficiais xerais.

Os militares de carreira pertencentes ós corpos xerais e de infantería de Mariña, que tivesen a categoría de oficial xeneral con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, pasarán á situación de reserva ás idades establecidas no número 2 do artigo 103 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, sen prexuízo do establecido na letra a) do punto 2 do artigo 144 desta lei.

Disposición transitoria novena. Incorporación á situación de reserva.

Á entrada en vigor da presente lei, pasarán á situación de reserva os militares de carreira que o fixeron directamente a retiro desde a situación de servicio activo, conforme o regulado no número 5 do artigo 103 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, ó non ter cumpridos vinte anos de tempo de servicios por non coincidi-las idades de pase á situación de reserva fixadas nela coas anteriormente establecidas para o pase á situación de reserva activa. O tempo permanecido como retirado non será computable para efectos de tempo de servicios e as retribucións percibidas durante este non sufrirán ningún tipo de modificación.

Disposición transitoria décima. Réxime transitorio de pase á situación de reserva.

1. Ata o 30 de xuño do ano 2004, inclusive, os militares profesionais que o soliciten poderán pasar á situación de reserva, unha vez cumprida a idade establecida para tal efecto na Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, ou trinta e dous anos de tempo de servicios desde o acceso ás escalas superiores dos corpos xerais e de infantería de Mariña, con efectos do último día do mes seguinte ó da solicitude, conservando as retribucións do persoal en servicio activo ata cumpriren as idades determinadas, segundo emprego, no número 1 do artigo 144 desta lei.

2. Ata o 30 de xuño do ano 2009, inclusive, ós suboficiais ós que fai referencia a disposición adicional décima e o punto 5 da disposición transitoria quinta, ambas desta lei, o tempo de servicios necesario para poder solicita-lo pase á situación de reserva, a petición propia, nas cotas que autorice periodicamente o ministro de Defensa, fixado en vinte anos segundo o disposto no punto 3 do artigo 144 desta lei, comezará a contarlles desde o momento en que adquiriron o carácter de permanentes.

3. Os militares de carreira que pasen á situación de reserva ata o 30 de xuño do ano 2009, por aplicación do punto 3 do artigo 144 desta lei, conservarán as retribucións do persoal en servicio activo ata cumpriren as idades determinadas, segundo emprego, no número 1 do mencionado artigo. Este réxime retributivo aplicarase igualmente ós coroneis que pasasen á situación de reserva por aplicación da disposición adicional décimo sexta da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

Disposición transitoria décimo primeira. Reserva transitoria.

1. A partir da entrada en vigor da presente lei, queda declarada a extinguir a situación de reserva transitoria e, en consecuencia, non se producirán novos pases á dita situación.

2. Os militares profesionais que se encontren á entrada en vigor da presente lei na situación de reserva,

por aplicación da disposición adicional oitava da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e da disposición transitoria primeira da Lei 14/1993, do 23 de decembro, de cadros de persoal das forzas armadas, permanecerán nela ata o seu pase a retiro, e non lles será de aplicación o previsto no número 9 do artigo 144 desta lei, mantendo o réxime que tivesen con anterioridade e, concretamente, o seguinte:

a) O dereito a un ascenso a partir do seu pase á situación de reserva transitoria, sempre que o obteña por orde de escalafón no sistema de selección ou polo sistema de antigüidade, un que o seguise no escalafón de procedencia.

b) O dereito a percibi-la totalidade das retribucións básicas e as complementarias de carácter xeral do emprego correspondente, así como as de carácter persoal a que se teña dereito. Non obstante, ó alcanzarse a idade fixada na Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, para pasar á reserva e, en todo caso, ó se cumpriren quince anos desde o seu pase a reserva transitoria, pasarase a percibi-las retribucións correspondentes á situación de reserva, determinadas conforme o disposto no primeiro parágrafo do punto 10 do artigo 144 desta lei.

c) A incompatibilidade das súas retribucións coas que se poidan percibir polo desempeño doutro emprego ó servizo dos entes que integran as diversas esferas das administracións públicas e da Seguridade Social, coa excepción daquelas actividades que, en cada momento, declare compatibles con carácter xeral a lexislación sobre incompatibilidades no sector público.

d) Manteranse os efectos de pase a retiro e, polo tanto, non se poderán ocupa-los destinos ós que fai referencia o artigo 126 desta lei. A recuperación de dereitos inherentes ó retiro, que se fará efectiva, de se-lo caso, ós tres anos do pase á situación de reserva transitoria.

e) A consideración de reservista, nas mesmas condicións cós reservistas temporais, ata a idade de pase a retiro.

3. Sen prexuízo do previsto nesta disposición, a situación de reserva transitoria seguirá sendo de aplicación ós membros da escala da Garda Real, durante o período de adaptación de dez anos, previsto no Real decreto 994/1992, do 31 de xullo, polo que se aproban as normas regulamentarias de integración da escala da Garda Real no corpo da Garda Civil. Ó remate deste período, o persoal acollido a esta situación integrárase na de reserva, mantendo o réxime que tivesen con anterioridade, nas condicións previstas no punto anterior.

Disposición transitoria décimo segunda. *Procesos selectivos.*

Durante os anos 1999 e 2000, os procesos selectivos continuarán rexéndose polas normas regulamentarias vixentes con anterioridade á entrada en vigor desta lei, coas previsións incluídas nas disposicións transitorias e, no referido ó emprego e á esixencia de tempo de servizos para acceder por promoción interna ó ensino para a incorporación ás escalas de suboficiais, no número 6 do artigo 66 da presente lei.

Disposición transitoria décimo terceira. *Réxime do persoal da Garda Civil.*

1. O réxime do persoal da Garda Civil continuará rexéndose polas leis 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e 28/1994, do 18 de outubro, pola que se completa o réxime do persoal do corpo da Garda Civil, mentres non se promulgue a lei á que fai referencia o número 3 do artigo 1 da presente lei.

2. O acto do xuramento ou promesa ante a bandeira de España e a súa fórmula axustarase o establecido no artigo 3 desta lei.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Réxime do persoal do Centro Superior de Información da Defensa.*

O persoal que preste os seus servizos no Centro Superior de Información da Defensa, calquera que sexa a súa procedencia, quedará sometido ó réxime de persoal previsto na disposición derradeira oitava da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e no Real decreto 1324/1995, do 28 de xullo, polo que se establece o Estatuto de persoal do Centro Superior de Información da Defensa, que a desenvolve, mentres non se dicte unha nova normativa nesta materia.

Disposición transitoria décimo quinta. *Corpo de mutilados de guerra pola Patria.*

O persoal incluído no ámbito de aplicación da disposición derradeira sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, terá os dereitos recoñecidos ó militar retirado, segundo o establecido no número 4 do artigo 145 desta lei, e manterá os beneficios e prerrogativas de carácter honorífico ós que fai referencia a disposición común sétima da Lei 5/1976, do 11 de marzo, de mutilados de guerra pola Patria.

Quen o solicite manterá unha especial vinculación coas forzas armadas, de acordo co determinado no artigo 149 desta lei.

Disposición transitoria décimo sexta. *Persoal ó servizo de organismos civís.*

O persoal que se encontre nas situacións derivadas da Lei do 17 de xullo de 1958, de pase voluntario de xefes e oficiais do Exército de Terra ó servizo de organismos civís, permanecerá nestas e manterá as condicións previstas na dita lei.

Disposición transitoria décimo sétima. *Ingresos nos institutos politécnicos do Exército de Terra.*

A partir do 1 de xaneiro do ano 2000 non se producirán novos ingresos como alumnos de formación profesional dos institutos politécnicos do Exército de Terra. Os ingresados con anterioridade a esa data que superen os correspondentes estudos manterán reserva de praza para cursa-lo ensino de formación que capacite para o acceso a determinadas especialidades de militares profesionais de tropa do Exército de Terra.

Disposición transitoria décimo oitava. *Réxime transitorio do servizo militar.*

1. Ós españois homes nados con anterioridade ó 1 de xaneiro do ano 1983 seguiráselles aplicando o previsto na Lei orgánica 13/1991, do 20 de decembro, do servizo militar, e adquirirán a condición de militar ó se incorporaren ás forzas armadas.

O acto do xuramento ou promesa ante a bandeira de España e a súa fórmula axustarase ó establecido no artigo 3 desta lei.

2. Os que o 31 de decembro do ano 2002 estean prestando o servizo militar pasarán á reserva deste con efectos desa data.

3. Os que o 31 de decembro do ano 2002 estivesen clasificados en aprazamento de incorporación ó servizo

militar por calquera das causas do artigo 13 da Lei orgánica 13/1991, do 20 de decembro, do servizo militar, pasarán nesa data á reserva do servizo militar.

4. Autorízase o Goberno para que, en función do proceso de profesionalización dos exércitos, poida modificar as datas determinadas nos puntos anteriores para acurtar-lo período transitorio, informando o Congreso dos Deputados.

Disposición transitoria décimo novena. *Compromisos dos militares de substitución como militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

Os militares de continxente que formen parte de unidades militares ás que se lles asignen misións fóra do territorio nacional por un período igual ou superior a tres meses poderán adquirirla condición de militar profesional de tropa e mariñeiría, sempre que non se excedan os cadros orzamentarios da citada categoría no seu respectivo exército, mediante a sinatura dun único compromiso, que rematará quince días despois de concluída a misión, sen que, en ningún caso, poida exceder quince meses de duración, contados a partir da data de incorporación para a prestación do servizo militar, se ben se considerará como mérito o tempo de servizos nas citadas misións para acceder ás prazas que se anuncien nas correspondentes convocatorias.

Disposición transitoria vixésima. *Reserva do servizo militar.*

Os que estean na reserva do servizo militar recollida no artigo 57 da Lei orgánica 13/1991, do 20 de decembro, do servizo militar, permanecerán nela ata o 31 de decembro do terceiro ano posterior ó remate do servizo militar, os que pasen a ela de acordo co previsto na disposición transitoria décimo oitava, ata o 31 de decembro do terceiro ano posterior á data do seu pase á reserva, e os que o fagan en aplicación do artigo 105 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, ata o 31 de decembro do terceiro ano posterior ó remate ou resolución do compromiso como militar de emprego.

Disposición transitoria vixésimo primeira. *Ingreso como reservista voluntario.*

1. Nas convocatorias que se publiquen ata o ano 2004 inclusive, tódolos españois que o desexen poderán solicita-lo seu ingreso como reservistas voluntarios, quedando exentos do límite máximo de idade establecido na letra b) do número 4 do artigo 170, sempre que non alcancen a idade establecida no artigo 171, ambos desta lei.

2. No desenvolvemento regulamentario do título XIII desta lei, establecerase o réxime de integración como reservistas voluntarias das compoñentes da Agrupación de Damas Auxiliares de Sanidade Militar, que será de aplicación a quen solicite a súa integración como reservista voluntaria.

Disposición transitoria vixésimo segunda. *Apoio á reincorporación laboral dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

O Goberno elaborará no prazo dun ano, a partir da entrada en vigor da presente lei, un plan de actuacións de apoio á reincorporación laboral dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, de acordo co establecido no artigo 76 da presente lei, orientado especificamente ós que, á entrada en vigor desta, alcanzasen doce ou máis anos de tempo de servizos nas forzas armadas ou teñan trinta e cinco ou máis anos de idade.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan o disposto na presente lei e en especial:

Lei 79/1980, do 24 de decembro, sobre a fórmula para xura-la bandeira de España.

Disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional.

Lei 14/1993, do 23 de decembro, de cadros de persoal das forzas armadas.

2. A Lei 50/1969, do 26 de abril, básica de mobilización nacional, continuará en vigor con carácter regulamentario, no que non se opoña ó previsto na presente lei.

As disposicións regulamentarias que regulan a ache-ga de recursos humanos e materiais ás forzas armadas derogaran de forma expresa.

3. Quedan definitivamente derogadas, coas salvidades que se indican nos dous puntos seguintes, as disposicións relacionadas no número 2 da disposición derogatoria da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional.

4. Mentres subsista persoal ó que lle resulte de aplicación, continuarán en vigor para este con carácter regulamentario, no que non se opoñan á propia Lei 17/1989 e a esta lei, as disposicións que se citan a seguir:

Lei do 12 de xullo de 1940, pola que se restablece o corpo eclesiástico do Exército.

Lei do 31 de decembro de 1945, que reorganiza o corpo eclesiástico da Armada.

Lei do 31 de decembro de 1945, que organiza o corpo eclesiástico do Exército do Aire.

Lei do 17 de xullo de 1958, de pase voluntario de xefes e oficiais do Exército de Terra ó servizo de organismos civís.

Lei 5/1976, do 11 de marzo, de mutilados de guerra pola Patria.

5. Tamén continuarán en vigor, con carácter regulamentario, ata que as disposicións de desenvolvemento desta lei as derroguen de forma expresa, as seguintes:

Lei do 25 de novembro de 1944, sobre creación da Escola de Aplicación de Infantería de Mariña.

Lei 15/1970, do 4 de agosto, xeral de recompensas das forzas armadas, modificada pola Lei 47/1972, do 22 de decembro.

Real decreto lei 3/1985, do 10 de xullo, polo que se determina a estrutura e funcións dos consellos superiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

Lei 18/1995, do 1 de xuño, de cruces do mérito militar, do mérito naval e do mérito aeronáutico.

6. As referencias ás disposicións que se derrogan contidas en normas vixentes deberán entenderse efectuadas ás desta lei que regulan a mesma materia ca aquelas.

7. As derogacións incluídas nesta disposición produciranse sen prexuízo do réxime transitorio establecido na presente lei e da súa aplicación á Garda Civil ata que se derroguen expresamente para este corpo na súa lexislación específica.

Disposición derradeira primeira. *Recompensas militares.*

1. As recompensas militares son: Cruz Laureada de San Fernando, Medalla Militar, Cruz de Guerra, Medalla

do Exército, Medalla Naval e Medalla Aérea, Cruces do Mérito Militar, do Mérito Naval e do Mérito Aeronáutico, con distintivo vermello, azul, amarelo e branco, citación como distinguido na Orde Xeral e mención honorífica.

2. A constancia no servizo e a intachable conduta dos membros das forzas armadas pertencentes ás escalas superiores de oficiais, escalas de oficiais e escalas de suboficiais e dos membros da Garda Civil das escalas superior, executiva e de suboficiais, recompensarase co ingreso na Real e Militar Orde de San Hermenexildo e no caso dos demais membros das forzas armadas e da Garda Civil que manteñan unha relación de servizos profesionais de carácter permanente coa Cruz á Constancia no Servizo.

3. Regulamentariamente estableceranse os feitos ou servizos e as circunstancias que determinarán a concesión das diferentes recompensas, así como os trámites e procedementos.

4. Non se outorgarán avances na orde de escala ou ascensos como recompensa. Os ascensos por méritos de guerra serán regulados por lei.

Disposición derradeira segunda. *Uniformidade.*

1. Os militares profesionais vestirán o uniforme regulamentario nos actos de servizo. As normas xerais de uniformidade e as limitacións ó uso deste serán establecidas polo ministro de Defensa.

2. Os que se encontren nas situacións administrativas de servizos especiais e de excedencia voluntaria só poderán vesti-lo uniforme en actos militares e sociais solemnes ou cando se lles autorice expresamente para iso nas súas relacións coas Forzas Armadas e sempre que non estean exercendo cargos públicos.

3. Ós militares en situación de reserva procedentes de reserva transitoria aplicaráselle-lo punto anterior durante os tres primeiros anos desde o seu pase á situación de reserva transitoria. A partir deste momento aplicaráselle-las normas establecidas no número 4 do artigo 145 desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Precedencias.*

A precedencia dos militares, excepto cando por razón do cargo que teñan corresponda outra, basearase, en primeiro lugar, no emprego; a igualdade deste, na antigüidade nel, determinada conforme o preceptuado nesta lei; a igualdade desta, na antigüidade no emprego anterior e así sucesivamente ata chegar á data de ingreso nas forzas armadas. En último termo resolverase a favor do de maior idade.

Disposición derradeira cuarta. *Servicio de asistencia relixiosa.*

1. O Goberno garantirá a asistencia relixiosa ós membros das forzas armadas nos termos previstos no ordenamento.

2. O réxime de persoal do servizo de asistencia relixiosa das Forzas Armadas, adscrito á Subsecretaría de Defensa, réxese polos seguintes criterios:

a) A relación de servizos profesionais constitúese con persoal vinculado con carácter permanente ou temporal, que non adquire a condición de militar.

b) A duración máxima da relación de servizos con carácter temporal é de oito anos. Para acceder con carácter permanente cómpre supera-las probas que se determinen regulamentariamente e ter prestado servizo con carácter temporal durante, polo menos, tres anos.

c) O réxime de asignación de postos e a conseguinte mobilidade do persoal é o do persoal das forzas armadas, coas debidas adaptacións.

d) As situacións administrativas regúlanse de forma similar ás dos funcionarios da Administración do Estado no que lles sexa aplicable.

e) O réxime retributivo establécese de forma similar ó do persoal das Forzas Armadas coas adaptacións obrigadas pola natureza da relación de servizos.

f) O réxime disciplinario é o aplicable ós funcionarios da Administración do Estado coas modificacións necesarias para atender ás características do ámbito en que exercen a súa función e á natureza desta.

3. Os compoñentes dos corpos eclesiásticos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declarados a extinguir, continuarán nos corpos de procedencia, cos mesmos dereitos e obrigas, séndolles de aplicación o establecido no artigo 144 desta lei.

4. A asistencia relixioso-pastoral ós membros católicos das Forzas Armadas exerceuse por medio do Arcebispo Castrense, nos termos do acordo do 3 de xaneiro de 1979 entre o Estado español e a Santa Sé. Os sacerdotes integrados no servizo de asistencia relixiosa, que son capeláns castrenses nos termos que establece o citado acordo coa Santa Sé, rexeranse polo previsto neste acordo e pola lexislación canónica correspondente.

5. Os militares evanxélicos, xudeus ou musulmáns poderán recibir asistencia relixiosa da súa propia confesión, se o desexan, de conformidade co determinado nos correspondentes acordos de cooperación establecidos entre o Estado español e a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, Federación de Comunidades Israelitas de España e Comisión Islámica de España.

6. Os demais militares profesionais poderán recibir, se o desexan, asistencia relixiosa de ministros de culto das igrexas, confesións ou comunidades relixiosas, inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, nos termos previstos no ordenamento.

Disposición derradeira quinta. *Mérito de servizos prestados e reserva de prazas.*

1. O tempo de servizos nas Forzas Armadas como militar profesional de tropa e mariñeiría considerarase como mérito nos sistemas de selección respecto dos corpos, escalas, prazas de funcionario e actividades de carácter laboral das administracións públicas, en tódolos supostos en que as súas funcións garden relación cos servizos prestados, aptitudes ou titulacións adquiridas como militar durante os anos de servizo, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.

2. Para o acceso á escala básica de cabos e gardas do corpo da Garda Civil reservarase, polo menos, un 50 por 100 das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven, polo menos, tres anos de servizos como tales.

O acceso, unha vez superadas as probas de ingreso e os períodos de formación correspondentes, farase no emprego de garda civil, con independencia do que se alcanzase nos exércitos.

3. Nas convocatorias para o acceso a corpos ou escalas adscritos ó Ministerio de Defensa e ingreso como persoal laboral deste departamento e dos seus organismos autónomos que se publiquen de acordo coa oferta de emprego público, cando concorran os supostos citados no número 1 desta disposición, reservarase, polo menos, un 50 por 100 das prazas para os militares profesionais que cumprisen, como mínimo, tres anos de tempo de servizos.

4. O tempo de servicios prestados nas Forzas Armadas como militar de complemento ou como militar profesional de tropa e mariñeiría seralle recoñecido, para efectos de antigüidade na Administración, ós que ingresen a través de calquera dos procesos de selección previstos nos puntos anteriores desta disposición.

Disposición derradeira sexta. *Xuramento ou promesa dos españois ante a bandeira de España.*

1. Os españois que o soliciten poderán manifesta-lo seu compromiso coa defensa de España, prestando o xuramento ou promesa ante a bandeira, coa seguinte fórmula:

«¡Españóis! ¿Xurades por Deus ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumpri-la Constitución como norma fundamental do Estado, con lealdade a El-Rei, e se for preciso, entrega-la vosa vida en defensa de España?»

Ó que contestarán: «¡Si, facémolo!»

2. O acto de xuramento ou promesa ante a bandeira celebrárase de forma similar á establecida no artigo 3 desta lei.

3. O ministro de Defensa establecerá o procedemento para solicitar e exercer este dereito.

Disposición derradeira sétima. *Adaptación do ordenamento legal da defensa nacional.*

O Goberno, antes do 31 de decembro do ano 2002, deberá remitirle ó Congreso dos Deputados os proxectos de lei necesarios para adapta-lo ordenamento legal da defensa nacional e o réxime de dereitos e deberes dos militares ó modelo de Forzas Armadas profesionais.

Disposición derradeira oitava. *Título competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, e o número 2 do artigo 173 e a disposición derradeira quinta desta lei, ó abeiro do previsto no artigo 149.1, 1.^a e 18.^a, da Constitución.

Disposición derradeira novena. *Deportistas de alto nivel.*

O Ministerio de Defensa e o Consello Superior de Deportes ou as administracións públicas con competencias en materia de deportes poderán subscribir convenios de mutua colaboración e de apoio ós deportistas de alto nivel pertencentes ás Forzas Armadas, con obxecto de fomenta-la práctica e formación deportiva.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

11195 LEI 18/1999, do 18 de maio, de modificación do artigo 9, punto 5, do Código civil. («BOE» 119, do 19-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A adopción internacional é unha institución que por causas ben coñecidas experimentou un notabilísimo aumento nos últimos anos. A preocupación sobre os problemas inherentes a esta institución e a finalidade de evitar actuacións privadas abusivas inspiraron o convenio da Haia relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito o 29 de maio de 1993 e ratificado por moitos países, entre eles España («Boletín Oficial del Estado» do 1 de agosto de 1995). O convenio tende a asegura-la protección do neno mediante a intervención necesaria en todo o proceso de constitución da adopción das autoridades centrais ou organismos acreditados do Estado de orixe e do Estado de recepción.

Agora ben, por máis que a adopción constituída por españois no estranxeiro se axustase ás directrices do convenio, non pode evitarse que existan diferencias entre os efectos da adopción estranxeira e os que produce esta institución en España. Incluso cando a adopción fose certificada conforme o convenio (artigo 23), o seu recoñecemento obrigado en España non pode chegar a transformar automaticamente unha adopción simple nunha adopción con plenitude de efectos como é a española. Así ten que admitilo o mesmo convenio da Haia que no seu artigo 27 prevé a conversión da adopción no estado de recepción.

Actualmente no plano nacional o recoñecemento de efectos en España da adopción constituída no estranxeiro está regulado polo artigo 9, punto 5, inciso derradeiro, do Código civil, redactado pola Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica ó menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil. En virtude desta norma establécese, dunha banda, que non será recoñecida en España a adopción constituída no estranxeiro mentres a entidade pública competente non declarase a idoneidade do adoptante, se este fose español e estivese domiciliado en España no momento da adopción, e engádese, doutra, que «...non será recoñecida en España como adopción a constituída no estranxeiro polo adoptante español, se os efectos daquela non se corresponden cos previstos pola lexislación española».

A conclusión do lexislador é atinada cando a institución estranxeira non supoña o establecemento dunha relación de filiación entre o adoptante e o adoptado ou cando este manteña os seus vínculos coa familia biolóxica anterior. Pero a solución non é nada segura cando a non correspondencia de efectos se produce porque a adopción estranxeira é revogable por solicitude do adoptante durante a minoría de idade do fillo adoptivo. Se esta é a única diferenza entre a adopción estranxeira e a española, parece xusto abrir algún camiño para que, sen necesidade de que a adopción se constituía «ex novo» en España por vía xudicial, poida recoñecerse eficacia no noso ordenamento a tales adopcións estranxeiras.

Esta é a finalidade exclusiva desta lei. Se por comparencia ante o encargado do Rexistro Civil ou noutro documento público, o adoptante ou adoptantes españois renuncian expresamente ó dereito que lles concede a lei estranxeira para revoga-la adopción, xa non se ven